RELACIÓN DE ACORDOS ADOPTADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 30 DE DECEMBRO DE 2015

Actas

1.-Toma de posesión do deputado do Partido Popular, don Luis Rabido Ramonde.

2.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 13/2015, do 27 de novembro.

3.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 25801 á nº 29.000, de 2015.

4.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se modifica parcialmente a delegación de atribucións do presidente en deputadas e deputados membros da Xunta de Goberno feita en Resolución da Presidencia 2015/15671, modificada por Resolución da Presidencia 2015/16642.

Comisión de Deportes e Mocidade

5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Voleibol Cabo de Cruz para financiar a participación dos equipos do club en competicións deportivas federadas durante o ano 2015.

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Gallega de Balonmano para financiar a celebración do partido clasificatorio para o campionato de Europa entre as seleccións absolutas femininas de España e Austria.

7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Universitario de Ferrol para financiar a participación na liga feminina 2015.

8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño para financiar a participación do equipo na Superliga Masculina 2 no ano 2015.

9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB para financiar o mantemento dos equipos das categorías base do club no ano 2015.

10.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Castelo Deporte para financiar a realización de sendeiros pedagóxicos.

Comisión de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

11.-Aprobación do convenio co Foro Enrique Peinador para financiar a adquisición dunha escultura-busto de D. Isidro Parga Pondal.

12.-Aprobación do convenio coa Fundación 10 de marzo para financiar o “Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico. Anualidade 2015”.

13.-Aprobación do convenio coa Fundación Galiza Sempre para financiar o “Programa de actividades culturais no ano 2015”.

14.-Aprobación do convenio coa Asociación da Prensa da Coruña para financiar o “Programa de actos do 110 aniversario da APC”.

15.-Aprobación do convenio coa Real Academia Galega de BB.AA. Nosa Señora do Rosario para financiar as “Actividades do ano 2015”.

16.-Aprobación do convenio co Concello de Carballo para financiar o festival internacional “Carballo Interplay”.

17.-Aprobación do convenio co Concello de Ferrol para financiar o “Proxecto Feviño”.

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

18.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) para financiar a “Reforma parcial do Centro de Día e traslado a taller de escaiolas”.

19.-Aprobación do convenio de colaboración coa Asociación de Padres de Niños Paralíticos Cerebrales (ASPACE) para financiar o “Acceso adaptado para o Centro de Atención Integral ASPACE”.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

20.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar a exposición “O motor da historia. Presentación do Museo de automoción e historia”.

21.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación para o desenvolvemento dos territorios polos actores locais (ADTERRA) para financiar o proxecto “Mellora do merchandaising de produtores e produtos locais”.

22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar a XXXII Mostra da Oleiría de Buño (2015).

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

23.-Aprobación dos novos pregos-tipo de obras adaptados ás modificacións do Real decreto lexislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, e modificacións do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro:

A) Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) das obras comprendidas nos plans provinciais.
B) Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras comprendidas nos plans provinciais.
C) Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais.

24.-Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para a xestión integral do Ecomuseo do Forno do Buño (Malpica de Bergantiños).

25.-Ratificación da Resolución da Presidencia número 28379, do 16 de decembro de 2015, pola que se aproba a modificación do prazo de vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia para financiar o plan de actuación encamiñado á consolidación e potenciación do sector turístico na provincia da Coruña, aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o 8 de outubro de 2015.

26.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coirós para instrumentalizar a xestión do “Centro de interpretación da contorna fluvial do río Mandeo” situado no lugar de Chelo (Coirós), no marco do “Proxecto Mandeo. Posta en valor das concas fluviais. 1ª fase Río Mandeo” cofinanciado por fondos FEDER. Ano 2016.

27.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Curtis para instrumentalizar a xestión do “Centro Etnográfico de Curtis” situado en Teixeiro (Curtis), no marco do “Proxecto Mandeo. Posta en valor das concas fluviais. 1ª fase Río Mandeo” cofinanciado por fondos FEDER. Ano 2016.

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

28.-Aprobación do Plan de investimento de vías provinciais 2015, cuarta fase.

29.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2015, quinta fase.

30.-Aprobación técnica dos proxectos das obras da Programación de investimentos en estradas provinciais 2015-2019, segunda fase.

31.-Aprobación provisional da primeira relación de obras incluídas na terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, correspondente aos concellos de Frades e O Pino.

32.-Aprobación provisional da cuarta fase do Plan de travesías da anualidade 2015.

33.-Aprobación anticipada do Plan de conservación de vías provinciais 2016, primeira fase.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios e Normalización Lingüística

34.-Aprobación das bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016.

35.-Aprobación do Plan de acción social (PAS) 2015 2ª fase, apartado convenios.

36.-Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Colocación de sinais de stop na estrada xeral (Visantoña) e outras", do Concello de Mesía, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0105.0.

37.-Aprobación da modificación do proxecto da obra "Local sociocultural en Santiso-parroquia de Castrofeito", do Concello do Pino, cofinanciado pola Deputación a través do convenio de colaboración 94/2014.

38.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Eduardo Pondal para financiar o proxecto de dinamización socio-lingüística 2015 (FESTILETRAS e outras actividades).

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

39.-Informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31/10/2015 e proxección a 31/12/2015.

40.-Informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30/11/2015 e proxección a 31/12/2015.

41.-Información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de outubro.

42.-Información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de novembro.

43.-Dar conta da aprobación inicial do orzamento do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, exercicio 2016 e o seu estado de consolidación co Orzamento provincial.

44.-Modificar a denominación e atribucións de dúas Comisións Informativas Permanentes, constituídas en sesión plenaria do 4 de agosto de 2015.

45.-Aceptación, se procede, da delegación de competencias para prestar servizos de control financeiro ao Concello de Boqueixón.

46.-Proposta de desestimación da reclamación presentada por Alberto Cadaveira Mahía como secretario da Sección sindical da CIG na Deputación Provincial da Coruña, contra o orzamento para o exercicio 2016.

47.-Proposta de desestimación da reclamación presentada por Juan Pablo García Serrano como delegado sindical da Sección sindical da CSIF na Deputación Provincial da Coruña, contra o cadro de persoal, RPT e orzamento para o exercicio 2016.

48.-Aprobación definitiva do Orzamento Xeral para o exercicio 2016 e das bases para a súa execución.

49.-Aprobación definitiva do cadro de persoal para o ano 2016.

50.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, para o cofinanciamento do programa de bolsas Europa FP-Proxecto "ACOREUROPA", no marco do programa de aprendizaxe permanente "ERASMUS+ 2014-2020".

51.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Colaboración y Esfuerzo, para o financiamento do "Proxecto de prevención social de nenos/as e mozos/as de grupos en situación de risco, en Tegucigalpa-Honduras, no ano 2015.

52.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, para o financiamento do proxecto "Vacacións en paz 2015".

53.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a "Casa de Galicia" (Uruguai) para o cofinanciamento da adquisición de equipamento sanitario para os seus centros sanitarios en Montevideo.

54.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hogar Español en Montevideo, da República Oriental do Uruguai, para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento do Fogar de acollida no ano 2015.

55.- Ratificación da Resolución da Presidencia núm. 28474 do 18/12/2015.

56.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hogar Gallego para Ancianos de Buenos Aires (Arxentina), para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento do fogar de acollida no ano 2015.

57.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ledicia Cativa, para o financiamento do proxecto "Acollida temporal durante o ano 2015 de nenos afectados pola radiación nuclear de Chernóbil".

58.- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Gonzalo Torrente Ballester para financiar as Actividades do ano 2015.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS

Desestimación das reclamacións e aprobación definitiva da RPT 2016.

-Moción dos Grupos políticos de Compostela Aberta e Marea Atlántica con motivo do oitenta aniversario do inicio da Guerra Civil Española.

-Moción do Grupo provincial de Marea Atlántica relativa á dotación de medios técnicos para a emisión en directo dos Plenos provinciais a través de internet.

-Moción do Grupo Provincial Popular para conmemorar o proceso de transición, modelo de concordia par a recuperación da democracia.

ROGOS E PREGUNTAS

1.-TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DO PARTIDO POPULAR, DON LUIS RABIDO RAMONDE.

Don Luis Rubido Ramonde toma posesión do seu cargo, xurando o seu desempeño e lendo a fórmula, séndolle imposta seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de Deputado provincial.

2.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 13/2015, DO 27 DE NOVEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 13/2015, do 27 de novembro.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 25801 Á Nº 29.000, DE 2015.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 25801 á nº 29.000, de 2015.

4.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE MODIFICA PARCIALMENTE A DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DO PRESIDENTE EN DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO FEITA EN RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA 2015/15671, MODIFICADA POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA 2015/16642.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se modifica parcialmente a delegación de atribucións do Presidente en deputadas e deputados membros da Xunta de Goberno feita en Resolución da presidencia 2015/15671, modificada por Resolución da Presidencia 2015/16642.

5. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB VOLEIBOL CABO DE CRUZ PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN DOS EQUIPOS DO CLUB EN COMPETICIÓNS DEPORTIVAS FEDERADAS DURANTE O ANO 2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de decembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Club Voleibol Cabo de Cruz correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 15.000 euros, para financiar a participación dos equipos do club en competicións deportivas federadas durante o ano 2015, cun orzamento subvencionado de 19.250,00 euros, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo á existencia de crédito que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Voleibol Cabo de Cruz para financiar a participación dos equipos do club en competicións deportivas federadas durante o ano 2015

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia núm. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

D. Andrés Martínez Laranga, presidente do Club Voleibol Cabo de Cruz.

MANIFESTAN

Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte, está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o Club Voleibol Cabo de Cruz é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Club Voleibol Cabo de Cruz, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Voleibol Cabo de Cruz (CIF G15344203) para financiar a participación dos equipos do club en competicións deportivas federadas durante o ano 2015.

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

O Club Voleibol Cabo de Cruz desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gastos federativos e licenzas	2.250,00 €
Arbitraxes	1.500,00 €
Combustíbel	4.000,00 €
Avituallamento	1.000,00 €
Material deportivo	300,00 €
Roupa deportiva	1.000,00 €
Publicidade	200,00 €
Nóminas e Seguridade Social	9.000,00 €
Total	***19.250,00 €***

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 15.000 €, o que representa unha porcentaxe do 77,92 %.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,92 % da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos (propios ou alleos), acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle é imputábel.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito abondo sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Club Voleibol Cabo de Cruz. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Club Voleibol Cabo de Cruz nin a calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, ao Club Voleibol Cabo de Cruz deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o Club Voleibol Cabo de Cruz tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade e financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Club Voleibol Cabo de Cruz.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao Club Voleibol Cabo de Cruz unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do Club Voleibol Cabo de Cruz xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O/a beneficiario/a deberá ter aberta unha conta bancaria co título "Fondos para atender á actividade **participación dos equipos do club en competicións deportivas federadas durante o ano 2015**". Con cargo á dita conta deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que correspondan a actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Club Voleibol Cabo de Cruz deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Club Voleibol Cabo de Cruz para que a presente no prazo improrrogábel de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Club Voleibol Cabo de Cruz da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Club Voleibol Cabo de Cruz na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Club Voleibol Cabo de Cruz terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. O Club Voleibol Cabo de Cruz deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. O Club Voleibol Cabo de Cruz destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/a perceptor/a. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Club Voleibol Cabo de Cruz deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os

relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Club Voleibol Cabo de Cruz poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Club Voleibol Cabo de Cruz queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao/á interesado/a.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros e, se a extemporaneidade da xustificación excede

de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Club Voleibol Cabo de Cruz seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Club Voleibol Cabo de Cruz será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

2. Previa solicitude do Club Voleibol Cabo de Cruz realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo Club Voleibol Cabo de Cruz.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

6. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALLEGA DE BALONMANO PARA FINANCIAR A CELEBRACIÓN DO PARTIDO CLASIFICATORIO PARA O CAMPIONATO DE EUROPA ENTRE AS SELECCIÓNS ABSOLUTAS FEMININAS DE ESPAÑA E AUSTRIA

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de decembro de 2015.

2. Aprobar o convenio coa Federación Gallega de Balonmano correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 12.000 €, para financiar a celebración do partido clasificatorio para o campionato de Europa entre as seleccions absolutas femininas de España e Austria, cun orzamento subvencionado de 31.802 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Gallega de Balonmano correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a celebración do partido clasificatorio para o campionato de Europa entre as seleccións absolutas femininas de España e Austria

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia números 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. José Luis Pérez Ouro , presidente da Federación Gallega de Balonmano.

MANIFESTAN

Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte, está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a

práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte.

Que a Federación Gallega de Balonmano é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Gallega de Balonmano, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **Federación Gallega de Balonmano** (CIF G36690832) para financiar **a celebración do partido clasificatorio para o campionato de Europa entre as seleccións absolutas femininas de España e Austria.**

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

A Federación Gallega de Balonmano desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Aloxamento	11.058,00 €
Producción TV	9.474,00 €
Transporte seleccións	2.100,00 €
Transporte e montaxe da pista	6.125,00 €
Intérprete	350,00 €
Imprenta	560,00 €
Varios	2.135,00 €
TOTAL	31.802,00 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **12.000 euros**, o que representa unha porcentaxe do 37,73 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 37,73 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía

restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos (propios ou alleos), acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle é imputábel.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Federación Gallega de Balonmano. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas nin á Federación Gallega de Balonmano nin a calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Federación Gallega de Balonmano deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Federación Gallega de Balonmano tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade e financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación Gallega de Balonmano.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Federación Gallega de Balonmano unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal da Federación Gallega de Balonmano, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O/a beneficiario/a deberá ter aberta unha conta bancaria. Con cargo á dita conta deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que lle correspondan a actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Federación Gallega de Balonmano deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación Gallega de Balonmano para que a presente no prazo improrrogábel de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Federación Gallega de Balonmano da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación Gallega de Balonmano na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Federación Gallega de Balonmano terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A **Federación Gallega de Balonmano** deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A Federación Gallega de Balonmano destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/a perceptor/a. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150

euros nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación Gallega de Balonmano deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Gallega de Balonmano poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación Gallega de Balonmano queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Castelo Deporte seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación Gallega de Balonmano será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

2. Por solicitude da Federación Gallega de Balonmano realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da Federación Gallega de Balonmano.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asínanopor cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

7. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB UNIVERSITARIO DE FERROL PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN NA LIGA FEMININA 2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de decembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Club Universitario de Ferrol correspondente á subvención nominativa, por importe de 25.000 €, concedida para financiar a participación na Liga Feminina 2015, cun orzamento subvencionado de 57.142 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Universitario de Ferrol para financiar a participación na Liga Feminina 2015

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia números 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Leopoldo Ibánez Santiago, presidente do Club Universitario de Ferrol

MANIFESTAN

Que ambas as partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte, está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o Club Universitario de Ferrol é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Club Universitario de Ferrol, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Universitario de Ferrol (CIF G15659261) para financiar a participación na Liga Feminina 2015.

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

O Club Universitario de Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Desprazamentos	6.390,00 €
Billetes de avión para desprazamentos	3.900,00 €
Gastos de aloxamento	2.600,00 €
Licenzas	3.001,00 €
Arbitraxes	7.610,00 €
Nóminas das xogadoras	17.768,00 €
Nominas dos/as adestradores/as	4.250,00 €
Colaboradores/as	861,00 €
Seguridade Social das xogadoras e adestradores/as	10.100,00 €
Equipamentos	662,00 €
TOTAL	57.142,00 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 43,75 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 43,75 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos (propios ou alleos), acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputábel a ela.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Club Universitario de Ferrol. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas nin ao Club Universitario de Ferrol calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Club Universitario de Ferrol deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que o Club Universitario de Ferrol tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade e financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Club Universitario de Ferrol.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao Club Universitario de Ferrol, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do Club Universitario de Ferrol, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O/a beneficiario/a deberá ter aberta unha conta bancaria co título "Fondos para atender a actividade Liga Feminina 2015". Con cargo á dita conta se deberán efectuar todos os cobramentos e pagamentos que lle correspondan a actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, rematarán o día 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Club Universitario de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Club Universitario de Ferrol para que a presente no prazo improrrogábel de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Club Universitario de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 59.2ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Club Universitario de Ferrol, na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Club Universitario de Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. O Club Universitario de Ferrol deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. O Club Universitario de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Club Universitario de Ferrol deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os

relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Club Universitario de Ferrol poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Club Universitario de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao/á interesado/a.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros e, se a extemporaneidade da xustificación excede

de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Club Universitario de Ferrol seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Club Universitario de Ferrol, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015. Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

2. Por solicitude do Club Universitario de Ferrol, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo Club Universitario de Ferrol, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

8. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB DEPORTIVO ALDEBARÁN DE SAN SADURNIÑO PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN DO EQUIPO NA SUPERLIGA MASCULINA 2 NO ANO 2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de decembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 15.000 €, para financiar a *participación do equipo na* Superliga Masculina 2 no ano 2015 cun orzamento subvencionado de 18.750 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación do equipo na Superliga Masculina 2 no ano 2015

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia números 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Juan Manuel García Rodríguez, presidente do Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño.

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte, está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño (CIF:G15412802) para financiar a participación do equipo na Superliga Masculina 2 no ano 2015.

II. Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria

O Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Desprazamentos	3.000,00 €
Aloxamento	1.500,00 €
Persoal	4.750,00 €
Gastos federativos	9.500,00 €
Total	***18.750,00 €***

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 15.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos (propios ou alleos), acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle é imputábel.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas, nin ao Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño nin a calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, ao Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. Publicidade e financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño, xustificativa do cumprimento

das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño deberá ter aberta unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade participación do equipo na Superliga Masculina 2 no ano 2015: Proxecto baloncesto para todos”. Con cargo dita conta deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que lle correspondan a actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño para que a presente no prazo improrrogábel de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas

neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Club Basquet Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda ao Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. O Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. O Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/a perceptor/a. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao/á interesado/a.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 % da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

2. Por solicitude do Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo do Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

9. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO CAB PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DOS EQUIPOS DAS CATEGORÍAS BASE DO CLUB NO ANO 2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 18 de decembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 75.000 €, para financiar o mantemento dos equipos das categorías base do club no ano 2015 cun orzamento subvencionado de 110.350 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o mantemento dos equipos das categorías base do club no ano 2015

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia números 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Rául José López López , presidente do Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB.

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte, está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB (CIF G15027402) para financiar o mantemento dos equipos das categorías base do club no ano 2015.

II. Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria

O Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Persoal	54.000,00 €
Adestradores/as	17.900,00 €
Arbitraxes	3.500,00 €
Inscricións, licenzas	3.000,00 €
Desprazamentos	12.000,00 €
Equipacións e material deportivo	12.000,00 €
Seguros	600,00 €
Vixilancia e seguridade	2.350,00 €
Material gráfico e de oficina	1.000,00 €
Alugueiro de audiovisuais	4.000,00 €
Total	***110.350 €***

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 75.000 €, o que representa unha porcentaxe do 67,97 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que

represente o 67,97 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos (propios ou alleos), acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle é imputábel.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas nin co Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. Publicidade e financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao ***Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB*** unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria co título “Mantemento dos equipos das categorías base do club no ano 2015”. Con cargo á dita conta deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que lle correspondan a actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB para que a presente no prazo improrrogábel de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. O Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. O Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/a perceptor/a. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao/á interesado/a.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres,

a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

2. Por solicitude do Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo do Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

10. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CASTELO DEPORTE PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DE SENDEIROS PEDAGÓXICOS

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 16 de decembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Asociación Castelo Deporte correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 28.894,24 €, para financiar a realización de sendeiros pedagóxicos, cun orzamento subvencionado de 41.072,54 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o crédito que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Castelo Deporte correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización de sendeiros pedagóxicos

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia números 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Antonio Fero Rodríguez , presidente da Asociación Castelo Deporte.

MANIFESTAN

Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte, está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que a Asociación Castelo Deporte é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Castelo Deporte, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Castelo Deporte (CIF G70153788) para financiar a realización de sendeiros pedagóxicos.

II. Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria

A Asociación Castelo Deporte desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Impresión dossier colexios	520,00 €
Sinaléctica do percorrido	650,00 €
Mapas	440,00 €
Impresión de unidade didáctica	1.342,00 €
Material de oficina	180,00 €
Aderezo para pezas teatrais	1.280,00 €
Vestiario para pezas teatrais	1.120,00 €
Equipamento do monitorado	680,00 €
Caixa de primeiros auxilios	140,00 €
Community manager	800,00 €
Paxina web	880,00 €
Edición de material audiovisual	1.600,00 €
Deseño e imaxe do proxecto	620,00 €
Guións e textos	890,00 €
Dirección de dramaturxia	1.400,00 €
Asesoramento técnico-cientifico	680,00 €
Elaboración de unidade didáctica	380,00 €
Elaboración e deseño de dossier	780,00 €
Roza da ruta	150,00 €

Ambientación das zonas de saída e chegada	800,00 €
Caracterización e deseño de materiais	290,00 €
Equipo de son	1.740,00 €
Peche perimetral do recinto	690,00 €
Alugueiro de walkie-talkies	690,00 €
Xestoría	350,00 €
Nóminas e Seguridade Social da xefatura de produción	2.000,00 €
Nóminas e Seguridade Social da axuda de produción	1.000,00 €
Nóminas e Seguridade Social do elenco artístico	6.145,80 €
Nóminas e Seguridade Social do monitorado	1.878,00 €
Guías e animadores/as	1.500,00 €
Seguro de responsabilidade civil	212,00 €
Seguro de accidentes	290,00 €
Alugueiro de furgoneta transporte	480,00 €
Alugueiro de autobuses	1.420,00 €
Gastos indirectos	2.100,00 €
Total sen IVE	36.117,80 €
TOTAL CON IVE	41.072,54 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 28.894,24 euros, o que representa unha porcentaxe do 70,35 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,35 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos (propios ou alleos), sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle é imputábel.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Castelo Deporte. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas nin á Asociación Castelo Deporte nin a calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Castelo Deporte deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Asociación Castelo Deporte tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade e financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Castelo Deporte.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Castelo Deporte unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal da Asociación Castelo Deporte, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria co título "Fondos para atender a actividade sendeiros pedagóxicos". Con cargo a dita conta deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que lle correspondan a actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Castelo Deporte deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Castelo Deporte para que a presente no prazo improrrogábel de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Castelo Deporte da sanción que, de

conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 59.2ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Castelo Deporte na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Asociación Castelo Deporte terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A Asociación Castelo Deporte deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A Asociación Castelo Deporte destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/a perceptor/a. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, A Asociación Castelo Deporte deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Castelo Deporte poderá ser escolleita

pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Castelo Deporte queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao/á interesado/a.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da Asociación Castelo Deporte seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Castelo Deporte será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

2. Por solicitude da Asociación Castelo Deporte, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo da Asociación Castelo Deporte, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

11. APROBACIÓN DO CONVENIO CO FORO ENRIQUE PEINADOR PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA ESCULTURA-BUSTO DE D. ISIDRO PARGA PONDAL

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de decembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Foro Enrique Peinador (NIF G27710219) corrrespondente á subvención nominativa, por importe de 5.043,20 €, concedida para financiar a adquisición dunha escultura-busto de D. Isidro Parga Pondal, cun orzamento subvencionado de 6.304,00 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Foro Enrique Peinador para financiar a adquisición dunha escultura-busto de D. Isidro Parga Pondal

A Coruña,

REUNIDOS

D. Xosé Regueira Varela, deputado presidente da Comisión de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Xosé González Martínez, presidente da Asociación Foro Enrique Peinador.

Na actuación do exercicio dos seus repectivos cargos e na representación que ostentan e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

1. Que a Asociación Foro Enrique Peinador é unha entidade sen ánimo de lucro que xurdiu co obxectivo de incentivar o diálogo entre a economía e a galeguidade, así como de lembrar a aqueles empresarios cualificados que souberon coordinar o éxito dos seus negocios coa identificación dos valores que definen a Galicia: a posesión dunha cultura e dunha lingua propias.

2. Que a mencionada asociación coa finalidade de promocionar os valores sinalados, organizou unha serie de actividades tales como un encontro con empresarios da

provincia no Pazo de Mariñán e a celebración do Día da Galeguidade Empresarial en Santiago de Compostela, en virtude do que tivo lugar a colocación, o 15.01.2015, no recinto da Universidade, dun busto de Isidro Parga Pondal, investigador e docente galego de marcado carácter progresista e galeguista, ao que lle foi dedicado no ano 2014, e que viviu e desenvolveu a súa docencia na citada cidade.

3. Que a Deputación Provincial da Coruña, entre cuxas competencias se atopan o fomento da actividade cultural e o apoio a aquelas entidades que interveñan no fomento dos valores culturais e identitarios da comunidade, considera de interese a participación na actividade proposta, mediante a financiación da obra sinalada.

Por todo o exposto, ambas entidades acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Foro Enrique Peinador para financiar a adquisición dunha escultura-busto de D. Isidro Parga Pondal, que está instalada no recinto da Universidade de Santiago de Compostela e que foi inaugurada o 15.01.2015, con motivo dos actos conmemorativos do Día da Galeguidade Empresarial.

II. Prescricións técnicas e orzamento de gastos

A Asociación Foro Enrique Peinador, contratou a subministración proposta de acordo coas seguintes prescricións técnicas e orzamento:

Prescricións técnicas

Material: bronce de fundición, con acabado en pátina de óxido.
Dimensións: 70x40x30cm
Base: peana de granito do pais con placa en bronce

Orzamento

Modelado en terracota:	879 €
Moldes de silicona e carcasa de escaiola:	450 €
Fundición en bronce:	2.550,22 €
Placa conmemorativa en bronce:	450,20 €
Base de granito do país:	480,50 €
Transporte:	400,00 €
Total orzamento:	**5.209,92€**
IVE 21%	**1.094,08€**
Total:	**6.304,00€**

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da subministración aprobada, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 5.043,20 euros, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración da escultura de acordo coas prescricións técnicas e orzamento sinalados na cláusula primeira do presente convenio.

4. O importe do financiamento provincial será feito efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito abondo e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Así mesmo, queda condicionado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no seu momento.

5. Tendo en conta que a achega provincial financia o 80% do investimento, a subvención da Deputación Provincial da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior. Pode ser compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade.

IV. Contratación da execución

1. Na súa condición de adquirinte, correspondeulle ao Foro Enrique Peinador o outorgamento do contrato de subministración da obra subvencionada, así como a instalación dos bens resultantes da súa transformación.

2. No procedemento de contratación, o Foro Enrique Peinador está obrigado a axustar toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición da obra, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Despois da adquisición e da instalación do ben, o Foro Enrique Peinador debe rotulalo en lugar visible, de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega aprobada seralle aboada ao Foro Enrique Peinador despois da presentación da seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.

- Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.

- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Foro Enrique Peinador e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, na que se deixe constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida cando menos por un prazo de cinco anos.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial, debidamente certificado pola entidade financeira.

- O Foro Enrique Peinador estará obligado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacions, figure o disposto na cláusula V.2 de publicidade.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. A adquisición e instalación do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrita na cláusula primeira, xa foi realizada e quedou o busto instalado na Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela o 15.01.2015.

2. O prazo para a presentación da xustificación documental á que se refire a cláusula sexta rematará o 29 de febreiro de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Foro Enrique Peinador para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Foro Enrique Peinador da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1. O Foro Enrique Peinador deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. Para tal fin, poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. O Foro Enrique Peinador destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/a perceptor/a.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Foro Enrique Peinador poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que lle foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Foro Enrique Peinador queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55ª 6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Foro Enrique Peinador seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Foro Enrique Peinador será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de marzo de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2014.

2. Logo de o solicitar o Foro Enrique Peinador, polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e após dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento integrada por dúas persoas en representación da Deputación Provincial da Coruña, nomeadas polo seu presidente e dúas persoas en representación do Foro Enrique Peinador, nomeadas polo seu presidente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

12. APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN 10 DE MARZO PARA FINANCIAR O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN, RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO ARQUIVO HISTÓRICO. ANUALIDADE 2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de novembro de 2015.

2. Aprobar o convenio coa Fundación 10 de Marzo correspondente á subvención nominativa, por importe de 10.000 €, concedida para financiar o Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico. Anualidade 2015, cun orzamento subvencionado de 14.085,40 €, de acordo co texto que se achega.

2. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación 10 de Marzo para financiar o Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico. Anualidade 2015.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia núm. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Xan María Castro Paz, Presidente da Fundación 10 de Marzo, en nome e representación desta.

Ambos actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e recoñécense mutuamente competencia para actuaren na representación que ostentan,

EXPOÑEN

1. Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia lle atribúen ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Alén diso, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2. Ambas as partes recoñecen o interese e valor histórico dos fondos documentais referentes aos movementos sociais en Galicia depositados nos arquivos de sindicatos e doutros organismos públicos ou privados.

3. A Fundación 10 de Marzo estima necesario facer da cultura e da investigación un instrumento ao servizo da clase traballadora e do conxunto da sociedade, para lograr unha sociedade máis xusta e equitativa.

4. A Fundación 10 de Marzo é a depositaria do arquivo histórico e documental do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, que lle cedeu a xestión do arquivo, así como a custodia, ordenación e mantemento dos seus fondos.

5. A Fundación 10 de Marzo está a desenvolver un proxecto con obxectivos como o de recuperación da documentación sobre os movementos sociais de A Coruña que existe en mans de particulares ou de institucións; recuperación e catalogación das publicacións sobre o mesmo tema; difusión pública dos seus fondos, a través tanto da investigación como da publicación de estudos, conferencias, cursos de formación, produción de exposicións etc.

6. Neste contexto, subscríbese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo para recuperar e conservar o patrimonio documental referente aos movementos sociais en Galicia, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación 10 de Marzo (CIF G15338080) para financiar o **Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico. Anualidade 2015: 2ª fase de organización, clasificación e catalogación da colección fotográfica do Arquivo Histórico e 2ª fase da restauración do fondo documental de José Pasín Romero.**

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

A Fundación 10 de Marzo desenvolverá o proxecto definido na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Persoal de arquivo (salarios e Seguridade Social):	11.529,40 €
Restauración de documentos:	2.556 €
Total:	**14.085,40 €**

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 10.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 70,995 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria

que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,995 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito abondo e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas que a Fundación 10 de Marzo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación 10 de Marzo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación 10 de Marzo, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación 10 de Marzo deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía, con xustificación expresa nunha memoria da elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación 10 de Marzo.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación 10 de Marzo, unha vez que presente a seguinte documentación:

∗ Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación 10 de Marzo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

∗ Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, as datas de pagamento; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

∗ Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

∗ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

∗ Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

∗ Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

∗ Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación 10 de Marzo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se

teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación 10 de Marzo para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Fundación 10 de Marzo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56º.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación 10 de Marzo na documentación achegada e, se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Fundación 10 de Marzo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1. A Fundación 10 de Marzo deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin, poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A Fundación 10 de Marzo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/a perceptor/a; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación 10 de Marzo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación 10 de Marzo poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación 10 de Marzo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo) dándolle en todo caso audiencia ao/á interesado/a.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación 10 de Marzo seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación 10 de Marzo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016 autorice o correspondente orzamento.

2. Logo de o solicitar a Fundación 10 de Marzo, polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e após dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asínano cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

13. APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de novembro de 2015. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 23 de novembro de 2015.

2. Aprobar o convenio coa Fundación Galiza Sempre correspondente á subvención nominativa, por importe de 10.000 €, concedida para financiar o Programa de actividades culturais no ano 2015, cun orzamento subvencionado de 12.500 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2016 autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galiza sempre para financiar o Programa de actividades culturais no ano 2015

A Coruña,

REUNIDOS

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia núm. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Bieito Lobeira Domínguez, secretario da Fundación Galiza Sempre.

Actuando no exercicio dos seus repectivos cargos e na representación que ostentan e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1. Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia lles atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2. Ambas as partes recoñecen o interese do coñecemento e divulgación da recente historia sociopolítica galega, así como do estudo da traxectoria e achegas do nacionalismo galego ao avance da democracia e as libertades en Galicia.

3. A Fundación Galiza Sempre ten entre os seus obxectivos fundacionais o fomento e realización de actividades culturais que teñan por fin o estudo e desenvolvemento do pensamento político, social, económico e cultural de Galicia; difundir o pensamento político daquelas persoas e entidades que traballan pola consecución da soberanía da nación galega, o progreso social e o afondamento da democracia; promover o coñecemento na sociedade da personalidade nacional de Galicia e da súa historia, afondar no coñecemento da realidade galega na súa dimensión política, social, cultural e económica, aumentar a formación política e a participación da cidadanía e impulsar e divulgar iniciativas de intercambio e cooperación exterior para contribuír á xustiza e á equidade nas relacións entre os pobos.

4. Para o cumprimento dos seus obxectivos, a Fundación Galiza Sempre pode realizar, segundo o art. 6 dos estatutos, as seguintes actividades:

* Organización de cursos, conferencias, coloquios, congresos e seminarios de estudos.
* Creación de grupos e equipos de estudo.
* Edición, redacción e subvención de publicacións e doutros materiais.
* Organización dun arquivo do nacionalismo galego e do pensamento político e social de Galicia.
* Promoción, organización e realización de exposicións, actividades públicas e campañas de prensa, radio e televisión, coa intención de difundir os obxectivos fundacionais.
* Dar axuda e soporte ás persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que compartan os obxectivos da Fundación, a través de subvencións, bolsas, encargo de estudos, establecemento de premios e calquera outra forma no marco da legalidade vixente.

5. Neste marco, a Fundación Galiza Sempre desenvolve dúas liñas de actuación prioritarias:

* A promoción do pensamento socioeconómico, político e cultural, con tres eixos temáticos: o mundo das nacións sen estado; o neoliberalismo, a exclusión e a desigualdade social; a crise e as súas alternativas e a realidade e as políticas públicas alternativas.

* A preservación e difusión da memoria histórica do nacionalismo galego, coas seguintes iniciativas: exposicións; documentais; programas radiofónicos, web sobre a historia do nacionalismo galego, debates, publicacións, organización do arquivo do nacionalismo galego.

6. Neste contexto, subscríbese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galiza Sempre (G15702913) para financiar o Programa de actividades culturais no ano 2015 coas seguintes liñas de actuación e actividades específicas:

Investigación e debate: desenvolvemento do ciclo de conferencias *Fagamos contas-35 anos de autonomía, como nos foi?*

Divulgación: xestión de formatos audiovisuais e dixitais para darlle contido e continuidade á plataforma ideas.gal; realización de vídeos e entrevistas.

Edición e publicación: deseño e edición da publicación fundamentada no ciclo de conferencias.

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

A Fundación Galiza Sempre desenvolverá o proxecto definido na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Persoal: salarios e seguridade social	3.000,00
Servizos profesionais: deseño gráfico, maquetación, impresión	2.700,00
Servizos profesionais: realización e montaxe de formatos audiovisuais e dixitais	3.000,00
Servizos profesionais: medios técnicos e produción	2.500,00
Gastos de desprazamentos de relatores	300,00
Gastos xerais de administración	1.000,00
Total	***12.500,00 €***

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 10.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Galiza Sempre obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Galiza Sempre.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación Galiza Sempre, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Galiza Sempre deberá solicitarlle polo menos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e xustificar expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Galiza Sempre.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Galiza Sempre, unha vez que presente a seguinte documentación:

∗ Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Galiza Sempre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

∗ Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, as datas de pagamento, así como as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

∗ Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

∗ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

∗ Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

∗ Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

∗ Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Galiza Sempre deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Galiza Sempre para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Fundación Galiza Sempre da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56º.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Galiza Sempre na documentación achegada; e se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Fundación Galiza Sempre terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1. A Fundación Galiza Sempre deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. Para tal fin, poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A Fundación Galiza Sempre destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/da perceptor/a; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Galiza Sempre deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Galiza Sempre poderá ser escolleita

pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Galiza Sempre queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56º.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Galiza Sempre seranlle remitidosas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Galiza Sempre será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016 autorice o correspondente orzamento.

2. Logo de o solicitar a Fundación Galiza Sempre, cando menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, após dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada e despois dos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación deste convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

14. APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN DA PRENSA DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTOS DO 110 ANIVERSARIO DA APC

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de decembro de 2015.

2. Aprobar o convenio coa Asociación da Prensa da Coruña corrrespondente á subvención nominativa, por importe de 20.000 €, concedida para financiar o Programa de actos do 110 aniversario da APC, cun orzamento subvencionado de 26.329 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña para financiar o Programa de actos do 110 aniversario da APC

A Coruña,

REUNIDOS

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia números 15671/2015 e 16642/ 2015, polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa area.

D. Manuel González Menéndez, presidente da Asociación da Prensa da Coruña.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1. De conformidade coa Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia que establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego.

2. A Asociación da Prensa da Coruña, é unha entidade sen ánimo de lucro que mantén vixentes, pero actualizados, os principios que inspiraron a súa creación o 5 de

decembro de 1904. É unha das máis antigas do Estado español e propiciou a creación da Federación de Asociaciones de Periodistas de España (FAPE), en 1922.

Este ano, a Asociación conmemora o 110 aniversario da súa creación e, a tal fin, organiza unha exposición antolóxica onde xornalismo e historia se dan a man, un Ciclo de Cine e Comunicación, a publicación dun número especial de *La Hoja del Lunes* e a organización da asemblea anual da FAPE.

No expediente de modificación de crédito núm. 2/2015, aprobado polo Pleno da Corporación o 27 de marzo de 2015, foi incluída unha achega de 20.000 euros, en concepto de subvención nominativa á Asociación da Prensa da Coruña destinada a financiar o Programa de actos do 110 aniversario da APC.

3. A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar un convenio con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña (CIF G15032006) para financiar o Programa de actos do 110 aniversario da APC, coas seguintes actividades:

* Publicación dun número especial de *La Hoja del Lunes*
* Ciclo de Cine e Comunicación
* Exposición xornalística que abrangue 110 anos
* Organización da asemblea anual da FAPE

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

A Asociación da Prensa da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos xerais	
Material de imprenta e difusión:	7.000 €
Material non inventariable:	9.400 €
Contratación externa de servizos (comisariado e monitores de visitas):	6.000 €
Seguros:	400 €
Transporte:	500 €
Subtotal:	23.300 €
Gastos indirectos (13 % dos gastos xerais):	3.029 €
Total	**26.329 €**

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 75,961 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,961 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito abondo e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación da Prensa da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación da Prensa da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación da Prensa da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación da Prensa da Coruña deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, e xustificar expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación da Prensa da Coruña.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación da Prensa da Coruña unha vez que presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación da Prensa da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento, así como as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Prensa da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación da Prensa da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación da Prensa da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56º.6º das de execución do orzamento da Deputación lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación da Prensa da Coruña na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Asociación da Prensa da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1. A Asociación da Prensa da Coruña deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. Para tal fin, poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A Asociación da Prensa da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia

bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/da perceptor/a; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación da Prensa da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación da Prensa da Coruña poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación da Prensa da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56º.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención

outorgada co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación da Prensa da Coruña seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación da Prensa da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

2. Por solicitude da Asociación de Prensa da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e após dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, após dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

15. APROBACIÓN DO CONVENIO COA REAL ACADEMIA GALEGA DE BB.AA. NOSA SEÑORA DO ROSARIO PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO ANO 2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de decembro de 2015.

2. Aprobar o convenio coa Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario correspondente á subvención nominativa, por importe de 18 000 euros, concedida para financiar as Actividades do ano 2015, cun orzamento subvencionado de 22 500 euros, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario para financiar as Actividades do ano 2015

A Coruña,

REUNIDOS

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia núm. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Manuel Quintana Martelo, presidente da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario.

MANIFESTAN

Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario fundouse por Real decreto do 31 de outubro de 1849. A súa finalidade primordial é o cultivo das belas artes en todas as súas varias manifestacións dentro da Comunidade Autónoma de Galicia. Os estatutos vixentes foron aprobados polo Decreto 141/2004, do 25 de xuño.

Nos fins da Real Academia Galega de Belas Artes resaltan o estudo, salvagarda e promoción das artes e, por conseguinte, do patrimonio cultural galego. Funcións especificadas nos seus estatutos e desenvoltas a través dos plenarios e en

actividades polos académicos numerarios, de honra e correspondentes, todos eles profesionais e especialistas de recoñecido prestixio nas seccións de Pintura, Gravado, Arquitectura, Arqueoloxía e Museología, expertos nas Artes e Artes da Imaxe.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario (CIF Q1568002H) para financiar as Actividades do ano 2015.

Este ano centrarase prioritariamente en aspectos organizativos, tales como a catalogación de fondos académicos, a celebración de comisións e reunións, a presencia da academia na rede, a conservación do patrimonio artístico académico, a promoción das artes con galardóns, premios ou medallas “Marcial del Adalid” e con actividades culturais, conferencias e cursos.

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

A Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos de persoal (nóminas e Seguridade social):	7.000 €
Contratación de organización actividades:	6.000 €
Honorarios técnicos, expertos, relatores:	4.000 €
Compra de material non inventariable:	2.000 €
Material gráfico e difusión:	1.000 €
Gastos xerais (gastos indirectos):	2.500 €
Total:	**22.500 €**

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 18.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é incompatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario obteña para a mesma finalidade.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18 000 euros, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario deberá solicitarlle polo menos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e xustificar expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, suBscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento, así como as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

∗ Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

∗ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

∗ Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

∗ Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

∗ Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56º.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1. A Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. Para tal fin, poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/da perceptor/a. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56º.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

2. Por solicitude da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e após os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

16. APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE CARBALLO PARA FINANCIAR O FESTIVAL INTERNACIONAL CARBALLO INTERPLAY

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17 de decembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Concello de Carballo correspondente á subvención nominativa, por importe de 31.706,36 €, concedida para financiar o festival internacional Carballo Interplay, cun orzamento subvencionado de 39.632,95 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2016 autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para financiar o Festival Internacional Carballo Interplay *2015*

Na Coruña,

REUNIDOS

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia núm. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Evencio Ferrero Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Carballo, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen coa capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1. O Concello de Carballo busca ser unha referencia en eventos singulares de ámbito cultural que non sexan fáciles de atopar noutros lugares da provincia, ou incluso de Galicia, co ánimo de fidelizar a un público que vexa Carballo como un espazo no que se desenvolven iniciativas innovadoras. Esta estratexia de posicionamento turístico serve, ademais, para dinamizar economicamente os sectores máis importantes de economía local, como son o comercio e a hostelaría, así como para atraer consumidores/as á localidade.

2. Entre os eventos programados para cumprir estes obxectivos ten unha importancia fundamental o Festival Carballo Interplay (CIP) que na súa segunda edición celebrada

neste ano conseguiu posicionarse como o primeiro festival de España de webseries e novos formatos narrativos e deu o salto a acadar carácter internacional.

3. En virtude do disposto no art. 118. d) da Lei 5/97 que lle outorga competencias para a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento da cultura na provincia e como complemento aos premios e certames que desenvolve con carácter anual, a Deputación Provincial está interesada en colaborar coas actividades sinaladas.

4. A Deputación Provincial e o Concello de Carballo exercen competencias en materia de promoción de actividades culturais e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente, polo que, en función das consideracións anteriores, acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo (CIF P1501900C) para financiar o Festival Internacional Carballo Interplay 2015, que tivo lugar os días 16, 17 e 18 de abril de 2015.

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar o Concello de Carballo

O orzamento para o desenvolvemento da actividade é o seguinte:

Xestión do festival		
Dirección:	9.666,00 €	
Producción:	4.587,00 €	
Programación e dirección da gala:	2.000,00 €	
Axudantía de producción e *runner*:	450 €	
Tradución:	500 €	
Comunicación e prensa:	800 €	
Difusión en liña e coordinación de actividades:	2.500,00 €	
Prensa en liña e redes:	1.500,00 €	
Grafismo, aplicacións e deseño web:	3.000,00 €	
Ilustración, decoración e trofeos:	800 €	
Cobertura fotográfica:	450 €	
Cobertura audiovisual:	1.200,00 €	
Equipo técnico:	1.550,00 €	
		29.003,00 €
Imprenta e merchandising:		*971,50 €*
Actividades		
Actividades Forum e actuación venres:	1.500,00 €	
Actividades musicais:	580,00 €	
Gala de clausura:	700,00 €	
		2.780,00 €

Importe	*32.754,50 €*
IVE 21%	*6.878,45 €*
Total	***39.632,95 €***

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 31.706,36 euros, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o Concello beneficiario que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito abondo sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Carballo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Corresponderalle ao Concello de Carballo o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Carballo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. O Concello de Carballo comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e

audiovisual) correspondente ás actividades do Carballo Interplay 2015 e na súa páxina web.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Carballo.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Carballo do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50 % da subvención, co carácter de anticipo prepagable para xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicándolle a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

∗ Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos/as adxudicatarios/as, importes dos contratos e prazos de execución.

∗ Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

∗ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

∗ Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, en seu caso, a cantidade pendente de pagamento segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

∗ Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos/as beneficiarios/as e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

∗ Certificación expedida pola Intervención ou pola Secretaría do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos/as acredores/as (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (núm. de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pagamento.

∗ Para os gastos de manutención, aloxamento e traslado dos membros do xurado, copia das correspondentes facturas, nas que deberá identificarse as persoas ás que se refiren.

∗ Certificación do acordo de nomeamento dos membros do xurado.

∗ Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

∗ Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

∗ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

∗ Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

∗ Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe recibido como primeiro plazo prepagable

2. No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pagamento efectivo a terceiros.

3. Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Concello de Carballo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Carballo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Carballo para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Carballo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. O Concello de Carballo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. O Concello de Carballo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/da perceptor/a. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Carballo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Carballo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao/á interesado/a.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56º.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Carballo seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Carballo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

2. Por solicitude do Concello de Carballo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e após os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo Concello de Carballo.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----------

E en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

17. APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR O PROXECTO FEVIÑO

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17 de decembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Concello de Ferrol correspondente á subvención nominativa, por importe de 26.000,00 €, concedida para financiar a feira FEVIÑO 2015, cun orzamento subvencionado de 52.000 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2016 autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Ferrol

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Valentín González Formoso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. Jorge Juan Suárez Fernández, en representación do Concello de Ferrol.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ferrol, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol (CIF P1503700E), para o financiamento do proxecto FEVIÑO.

II. Orzamento de gastos da actividade que se vai realizar

O Concello de Ferrol, levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
CAPTACIÓN DE BODEGAS, DISTRIBUIDORES, IMPORTADORES, ENÓLOGOS PARTICIPANTES NA FEIRA	**21.780,00 €**
SERVIZOS VARIOS	**15.000,00 €**
Alugueiro de mobiliario e maquinaria	
Servizo de seguridade	
Extras e imprevistos (reposición de copas por rotura etc.)	
PLAN DE COMUNICACIÓN DO EVENTO	**7.620,00 €**
Servizo de elaboración de plan de comunicación do evento, deseño da marca, do dossier e carta sobre o evento, envío de notas de prensa aos medios etc.	
ORGANIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE DINAMIZACIÓN DE FEVIÑO	**7.600,00 €**
Catas comentadas, mesas redondas con importadores, relatorios de expertos/as internacionais, produción premios FEVIÑO 2015	
TOTAL	**52.000,00 €**

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 26.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe de 50 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 50 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiado con cargo a recursos (propios ou alleos), acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable a ela.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/462.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito abondo sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. A Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol S.A., como medio propio do Concello de Ferrol, é a encargada de executar a actividade que se financia mediante o presente convenio.

2. Corresponderalle á Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol S.A. o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

3. No procedemento de contratación a Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol S.A. axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

4. No caso de que a Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol S.A.tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade establecida no disposto na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2015, ata o 50 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor do Concello de Ferrol, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do orzamento subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4. O Concello de Ferrol estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o demostren.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Ferrol, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4. Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ferrol na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Concello de Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do

vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ferrol na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Concello de Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. O Concello de Ferrol deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/da perceptor/a.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao/á interesado/a.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao Rexistro Público de Subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE FERROL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de marzo de 2016, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. No caso de que o Concello de Ferrol non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 1 de febreiro de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, mediante unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Ferrol perderá o dereito ao cobramento do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo Concello de Ferrol, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asínano en exemplar cuadriplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

18.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE PAIS DE DISCAPACITADOS PSÍQUICOS DE BERGANTIÑOS (ASPABER) PARA FINANCIAR A "REFORMA PARCIAL DO CENTRO DE DÍA E TRASLADO A TALLER DE ESCAIOLAS".

1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación, no seu informe do 9 de setembro de 2015 que consta no expediente.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños CIF G15031669, para financiar o proxecto "Reforma parcial do Centro de Día e traslado do Taller de Escaiolas", cunha achega da Deputación de 100.000,00 €, que supón unha porcentaxe do 40,0246 % do orzamento subvencionado, que é de 249.846,26 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 0611/231.21/781 do orzamento vixente.

3. Subordinar o presente acordo á incorporación do crédito correspondente ao exercicio 2016.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASOCIACIÓN DE PAIS DE DISCAPACITADOS PSÍQUICOS DE BERGANTIÑOS (ASPABER) PARA O FINANCIAMENTO DA REFORMA PARCIAL DO CENTRO DE DÍA E TRASLADO DO TALLER DE ESCAIOLAS.

A Coruña,

Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

D. Francisco Costa Varela, presidente da Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER).

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER), con NIF G15031669, para o financiamento da reforma parcial e adaptación do edificio de centro de Día ASPABER, tal como aparece definida esta no proxecto básico e de execución, redactado por dona Estrella Escudero Lastra, arquitecta, colexiada nº 2.825, e Don José Manuel Vilariño García, arquitecto, colexiado nº 1.821.

2- A Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER), na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER), comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagrégase co seguinte detalle:

Nº CAPÍTULO	DESCRICIÓN	IMPORTE
01	Traballos previos e demolicións	7.648,60€
02	Cubertas	20.224,69
03	Movemento de terras e saneamento horizontal	964,71€
05	Albanelería e illamentos	9.188,26€
06	Revestimentos e acabados	24.059,25€
07	Carpintería metálica	12.276,26€
08	Carpintería de madeira	29.007,67€
09	Fontanería e aparatos sanitarios	10.087,06€
10	Electricidade e iluminación	19.139,17€

11	Instalación de calefacción	17.439,98€
12	Ventilación	1.092,49€
13	Instalación contra incendios	1.576,56€
14	Vidros	2.348,05€
15	Pinturas	2.870,34€
16	Varios	486,75€
17	Urbanización	9.881,26€
18	Control de calidade	304,25€
19	Xestión de residuos de construción e demolición	2.284,10€
20	Seguridade e saúde	2.636,95€
	P. E.M	173.516,40€
	GASTOS XERAIS	22.557,13€
	BENEFICIO INDUSTRIAL	10.410,98€
	IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%)	43.361,75€
	TOTAL PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	**249.846,26€**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 100.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 40,0246%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 40,0246% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231.21/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Con carácter previo á contratación, a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas, de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa, en lugar visible, na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.

1. A achega da Deputación seralle aboada á Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación.
- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña

- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. De igual xeito, coa derradeira certificación de obra, deberase subministrar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da Propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención, polo menos, por un prazo de DEZ anos.

Logo da sinatura deste convenio e acreditando previamente a constitución de fianza suficiente, poderase expedir, por adiantado, ata o 50 por 100 da subvención concedida. A fianza ou aval deberá cubrir o importe total da cantidade anticipada máis un vinte por cento en concepto de xuros moratorios.

A Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula oitava.

Non será posible expedir un pago anticipado se a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo previsto, non se presentase a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) deberá ter unha conta bancaria co título "Fondos para atender á actividade...". Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, realizaranse **entre o 10 de decembro de 2015 e o 31 de maio de 2016.**

2. Unha vez rematadas as obras, a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA **antes do 30 de xuño de 2016.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á

Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A Asociación de pais de discapacitados psíquicos de Bergantiños (ASPABER) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de

tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. De igual modo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **10 de decembro do 2015**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de agosto de 2016.**

2.Para o caso de que a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) non poida ter rematadas as obras antes do **31 de maio de 2016** ou presentada a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2016**, deberá solicitar antes destas datas, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En

ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

19.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE PADRES DE NIÑOS PARALÍTICOS CEREBRALES (ASPACE) PARA FINANCIAR O "ACCESO ADAPTADO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN INTEGRAL ASPACE".

1.Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 9 de setembro de 2015 que consta no expediente.

2.Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Padres de Niños Paralíticos Cerebrales NIF: G15031529, para financiar o proxecto "Acceso Adaptado para o Centro de Atención Integral ASPACE CORUÑA", cunha achega da Deputación de 78.369,34 €, que supón unha porcentaxe do 79,97 % do orzamento subvencionado, que é de 97.995,43 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 0611/23121/781 do orzamento vixente.

3.Subordinar o presente acordo á incorporación do crédito correspondente ao exercicio 2016.

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSONAS CON PARÁLISIS CEREBRAL (ASPACE) PARA O FINANCIAMENTO DO ACCESO ADAPTADO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN INTEGRAL ASPACE CORUÑA

A Coruña, …….de……..de…….na sede da Deputación Provincial da Coruña
Reunidos

Dona Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área

D. ..... presidente da Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE), con NIF G15031529, para o financiamento PROXECTO DE EXECUCIÓN DE CONEXIÓN ENTRE RESIDENCIA E CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL MEDIANTE PASARELAS E ASCENSOR, tal como aparece definida esta no proxecto, redactado por DON JOSÉ MANUEL VILARIÑO GARCÍA, arquitecto, colexiado nº 1.821 e DONA ESTRELLA ESCUDERO LASTRA, arquitecta, colexiada Nº 2.825.

2. A Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE), na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE), comprométese a destinala a uso público para o que está prevista..

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

Nº CAPÍTULO	DESCRICIÓN	IMPORTE
01	Traballos previos e demolicións	339,71€
02	Movemento terras e saneamento horz.	590,73€
03	Cimentación e estrutura	22.046,03€
04	Cubertas	2.746,08€
05	Albanelería e illamentos	1.852,22€
06	Revestimentos e acabados	4.177,69€
07	Carpintería metálica e acristalamento	12.972,16€
08	Electricidade e iluminación	1.584,31€
09	Instalacións contra incendios	165,18€
10	Pinturas	2.476,23€
11	Varios	17.647,59€
12	Control de calidade	75,82€

13	Xestión de residuos	569,62€
14	Seguridade e saúde	813,74€
	P. E.M	68.057,11€
	GASTOS XERAIS	8.847,42€
	BENEFICIO INDUSTRIAL: 4.083,43€	4.083,43€
	IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%)	17.007,47€
	TOTAL PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	**97.995,43€**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 78.396,34 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/231.21/781**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Con carácter previo á contratación, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.

1. A achega da Deputación seralle aboada á Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación.
- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2.De igual xeito, coa derradeira certificación de obra, deberase subministrar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da Propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención, polo menos, por un prazo de DEZ anos.

Logo da sinatura deste convenio e acreditando previamente a constitución de fianza dabondo, poderase expedir por adiantado ata o 50 por 100 da subvención concedida. A fianza ou aval deberá cubrir o importe total da cantidade anticipada, máis un vinte por cento en concepto de xuros moratorios.

A Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula oitava.

Non será posible expedir un pago anticipado se a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo previsto, non presentara a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade...”. Con cargo a dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán de realizarse entre o **1 de xaneiro de 2015 e o 31 de marzo de 2016.**

2. Unha vez rematadas as obras, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do **31 de maio de 2016.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) da sanción que,

de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a

realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. De igual modo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do

Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de xaneiro do presente ano**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo de 2016 .**

2.Para o caso de que a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) non poida ter rematadas as obras **antes do día 31 de marzo de 2016** e/ou presentada a xustificación antes do **31 de maio de 2016**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

20.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR A EXPOSICIÓN "O MOTOR DA HISTORIA. PRESENTACIÓN DO MUSEO DE AUTOMOCIÓN E HISTORIA".

Retírase o punto da orde do día.

21.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLOS ACTORES LOCAIS (ADTERRA) PARA FINANCIAR O PROXECTO "MELLORA DO MERCHANDAISING DE PRODUTORES E PRODUTOS LOCAIS".

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL (ADTERRA) con CIF G15817430 para financiar o proxecto "Mellora do merchandising de produtores e produtos locais".

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 33.882,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/433/481.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

7º.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posterior ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio presupostario.

O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Valentín González Formoso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Dª. Mª Carmen Espiñeira García, con DNI núm. 32431460B, en representación da ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL consideran de grande interese para a provincia a creación dunha "imaxe de marca" para produtores e produtos nos que o consumidor poida identificar e diferenciar tanto nas feiras de demostración como en calquera posto de venda.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL, CIF G15817430, para o financiamento do proxecto "Mellora do merchandising de produtores e produtos locais".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE	
- GASTOS PERSOAL		24.596,00 €
Soldos e salarios	18.692,00 €	
Seguridade Social	5.904,00 €	
- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS		17.756,00 €
Subministracións (material funxible)	300,00 €	
Servizos exteriores	1.456,00 €	
Reportaxe fotográfica	2.500,00 €	
Vídeo promoción	7.000,00 €	
Folleto publicitario	2.500,00 €	
Selo de P.L.	4.000,00 €	
TOTAL		42.352,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 33.882,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á

Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o

disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xuño de 2015 ata o

1 de xuño de 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2016, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 31 de agosto de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN	O representante da ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TERRITORIOS POLA ACCIÓN LOCAL
DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO	

22.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA FINANCIAR A XXXII MOSTRA DA OLEIRÍA DE BUÑO (2015).

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños con CIF P1504400A para financiar as actividades "XXXII Mostra da Olería de Buño 2015"

4º .- A subvención provincial establecida no convenio ascende a un total de 60.000 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3341/462.01 prevista no vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

7º.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posterior ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio presupostario.

O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D.Eduardo José Parga Veiga, con DNI núm.5243014H, en representación do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

Que a Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS consideran de grande interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, CIF 1504400A para o financiamento do "XXXII Mostra da Olería de Buño", que se celebrará entre os días 1 de xullo e 9 de agosto de 2015.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O Concello de Malpica de Bergantiños levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Capítulo I: Gastos de persoal	16.800
Capitulo II: Gastos en bens corrrentes e servizos	
Publicidade/Imprenta /Cartelería	12.000
Espazos expositivos:	20.000
Aluguer carpa……...4.235,00	
Seguridade……...3.097,20	
Instalacións eléctricas……1.573,00	
Lonas….. ……2.616,92	
Outros acondicionamentos (total)……8.477,88	
Actividades paralelas:Eventos, animación, obradoiro barro para nenos	8.500
Subministracións e decoración:	14.700
Subministracións, gastos correntes (ferraxería, pinturas,madeira…)material non inventariable	
Decoración (atrezzo,Mostra, Pezas barro…)	
Outros gastos (Día do neno na Mostra, aluguer de equipo, comunicacións…)	3000
TOTAL GASTOS	75000

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe

total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DEMALPICA DE BERGANTIÑOS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2015, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DEMALPICA DE BERGANTIÑOS, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4.- O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xullo ata o 30 de agosto do ano 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio do ano 2016, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 31 de marzo

de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN	O representante do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS
DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO	EDUARDO J. PARGA VEIGA”

23.-APROBACIÓN DOS NOVOS PREGOS-TIPO DE OBRAS ADAPTADOS ÁS MODIFICACIÓNS DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 3/2011 DO 14 DE NOVEMBRO POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, E MODIFICACIÓNS DO REGULAMENTO XERAL DA LEI DE CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, APROBADO POLO REAL DECRETO 1098/2001, DO 12 DE OUTUBRO:

A) Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) das obras comprendidas nos plans provinciais.
B) Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras comprendidas nos plans provinciais.
C) Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais.

1º.- Aprobar os seguintes Pregos Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares:

A) PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACION) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS

B) PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACION : FACTOR PREZO) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS

C) PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS

2º.- Publicar o contido dos citados pregos, para darlles unha maior difusión no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da Deputación provincial da Coruña

3º.- Comunicar aos Concellos que todos os carteis ou paneis informativos das obras, pregos, asi como na publicidade que se realice deberá efectuarse en galego, de conformidade coa normativa de normalización lingüística de Galicia.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS.

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

I.-ELEMENTOS DO CONTRATO.

1) Obxecto e delimitación do contrato

1.1) Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras ás que se refire a epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP), incluído o correspondente estudo de seguridade e saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co disposto no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co establecido no art. 4 do R.D. 105/2008 .

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, polo que ten carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

1.2) Delimitación do contrato.

Para os efectos do presente prego e da TRLCSP están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no art. 14.1 do TRLCSP.

Neste sentido nas epígrafes 4 e 4.BIS do cadro de características indícase o valor estimado do contrato e se está suxeito ou non a regulación harmonizada.

2) Orzamento do contrato e tipo de licitación.

Sinálase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura na epígrafe 3 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto deste.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formularen as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87.2 do TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

3) Financiamento.

3.1. Obras de carácter anual:

Para atender as obrigacións económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego).

3.2. Obras de carácter plurianual:

De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada proxecto de execución de obra na epígrafe 3.B e con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego). En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta en todo caso o contratista.

No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5 do presente prego.

4) Revisión de prezos.

4.1. Obras de carácter anual:

De conformidade co disposto no artigo 89 do TRLCSP non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

4.2. Obras de carácter plurianual:

Se o contrato tivese carácter plurianual, logo da xustificación previa no expediente, e de conformidade co previsto no Real decreto á que se refiren os art. 4 e 5 da Lei 2/2015 de desindexación da economía española e art. 89 do TRLCSP, a revisión periódica e predeterminada de prezos terá lugar cando o contrato se execute, polo menos, no vinte por cento do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización, e conforme á fórmula que se indica na epígrafe 17 do cadro de características (anexo I do presente prego).

En consecuencia, o primeiro vinte por cento executado nos dous primeiros anos transcorridos desde a formalización quedan excluídos da revisión.

5) Prazo de execución.

5.1.- 5.1.- O prazo de execución do contrato será o que se sinala na epígrafe 6 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5.2.- Prórrogas.- O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

5.3.- Prazos parciais.- Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixen na aprobación do programa de traballo.

5.4.- Reaxuste de anualidades.- A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo

inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, a devandita porcentaxe de baixa aplicarase ao realizar máis obra en cada unha das anualidades, aboándoselle ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

6) <u>Capacidade para contratar</u>.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica (ou se atopen debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte).

7) <u>Clasificación do contratista</u>.

Para contratar coa administración a execución dunha obra cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade establecida no artigo 65.1 do TRLCSP, será requisito indispensable que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que consta no expediente e que se indica na epígrafe 7 do cadro de características do contrato.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior para os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten ante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos que se indica na cláusula 12.1.1.G.

8) <u>Unións temporais de empresas</u>.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos, cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo, deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 67.5 do TRLCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizarse, en escritura pública, así como presentar o NIF das unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unión temporais quedarán obrigados solidariamente ante perante a administración

II.- ADXUDICACIÓN.

9) Procedemento de adxudicación.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de adxudicación)

10) Anuncio e perfil de contratante.

10.1.a) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada: O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante (art. 142 e 53 do TRLCSP) e nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia.

10.1.b) Contratos suxeitos a regulación harmonizada: De conformidade co disposto nos artigos 14 e 142.1 do TRLCSP, o anuncio de licitación publicarase, ademais, no Boletín Oficial do Estado e Diario Oficial da Unión Europea.

10.2. Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa da actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica na epígrafe 14 do cadro de características do contrato.

11) Proposicións: lugar e prazo de presentación.

11.A) CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA (ART.14 TRLCSP)

11.A.1.) As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nas epígrafes 9 e 10 do cadro de características do contrato, dentro do prazo dos vinte e seis días naturais contados do día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante (art. 159.2 TRLCSP), en dous sobres cerrados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

11.A.2.) No caso de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, telegrama ou correo electrónico no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de Contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións ás que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, coa fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adxudicación do contrato.

11.A.3.) Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas na epígrafe 9 do cadro de características do presente prego (anexo I do presente prego).

11.4.4.) De conformidade co artigo 112 do TRLCSP, no suposto de que o expediente se declare de tramitación urxente o prazo de presentación de proposicións será de trece días naturais, contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante.

11.A.5.) Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP e no perfil de contratante, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

11.B) CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA (ART. 14 TRLCSP)

11.B.1.) Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada o prazo de presentación de proposicións será de cincuenta e dous días naturais, contados desde a data de envío do anuncio á Comisión Europea (Diario Oficial da Unión Europea).

11.B.2.) Este prazo poderá reducirse en 5 días cando se ofreza acceso por medios electrónicos aos pregos e á documentación complementaria. Ademais poderá reducirse en 7 días máis cando os anuncios se preparen e envíen por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

11.B.3.) O devandito prazo reducirase a trinta e seis días naturais ou en casos excepcionais debidamente xustificados ata vinte e dous días, se se publicou o anuncio previo a que refire o parágrafo 1º do artigo 141 do TRLCSP (159.1 TRLCSP).

11.B.4.) No caso de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, coa fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adxudicación do contrato.

11.B.5.) Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas na epígrafe 9 do cadro de características do presente prego (anexo I do presente prego).

Na epígrafe 10 indícase o prazo de presentación de proposicións.

12) <u>Proposicións: documentación</u>.

<u>12.1.- Sobre A: Subtitulado "Documentación</u>".

Os licitadores naqueles contratos cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade indicada na epígrafe 11.A do cadro de características (anexo I do presente prego) (artigo 146.4 TRLCSP), terán que presentar a seguinte documentación:

12.1.1.- <u>Documentación completa</u>

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (NIF) debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55 do TRLCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa Xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes aos que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo/a secretario/a da Corporación ou funcionario/a habilitado/a.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incursa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

D/Dª…….. con DNI…….. e domicilio en ……. provincia de …….. rúa …….. nº……

en nome propio ou en representación da empresa……. á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- *Título: ……*

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c do TRLCSP

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e firma do propoñente)

F) Documento de clasificación empresarial:

Certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia) de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifiquen no proxecto, no caso de que se esixa clasificación conforme o disposto na cláusula 7 do presente prego e epígrafe 7 do cadro de características.

No entanto, para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten perante o órgano de contratación a súa solvencia económica na forma prevista no apartado g) da presente cláusula) e a solvencia técnica na forma prevista no apartado g) da presente cláusula

G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica:

A) Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 8.

B) Ou no caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia:

a. Económica e financeira mediante a xustificación do volume anual de negocios. O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no rexistro mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no rexistro mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro mercantil.

b. E a solvencia técnica mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos últimos dez últimos anos, acompañada de certificados de boa execución.

APRECIACION DA SOLVENCIA:

- Solvencia económica e financeira: Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira, se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio do tres últimos concluídos sexa, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano, e polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano**.**

- Solvencia técnica: Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

- O valor estimado para os efectos de cálculo de solvencia é o que se indica na epígrafe 4 do cadro de características

Todos os licitadores, excepto no suposto que se dispoña da clasificación correspondente que substitúa a solvencia, deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira e a súa solvencia técnica e, en consecuencia, non se establece excepción de presentación desta por razón da contía (art. 11.5 do Regulamento da lei de contratos).

H) Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso.

Para estes efectos deberán presentar o seguinte documento:

D/Dª…….. con DNI …… e domicilio en …… provincia de …….. rúa …… nº …….

en nome propio ou en representación da empresa …….

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: …….

Declara que se compromete a adscribir á obra os medios persoais e materiais esixidos no anexo V e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.1. do presente prego que rexe a contratación a documentación xustificativa diso a que se refire a cláusula 16.1.d no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa.

(Lugar, data e firma do propoñente)

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos establecidos no art. 223.f TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

I) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 8 do presente prego.

J) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados: A), B), C), D), E) e F) sempre que os citados documentos estean vixentes.

K) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarase ao seguinte modelo*:*

D/Dª…… con residencia ……. provincia de …… rúa …… nº…… segundo DNI nº……. en nome propio ou da empresa ……. á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título:……..

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e firma do propoñente)

L) Porcentaxe de subcontratación

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecido na epígrafe 12 do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ao modelo que se indica no presente apartado. No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de características, a porcentaxe máxima será a establecida no artigo 227.2.e do TRLCSP.

MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

D./Dª…… con DNI …….. e domicilio en ……. provincia de…….. rúa …… nº……..

en nome propio ou en representación da empresa……. á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: …….

Declara que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados será o seguinte:

….. % *

e que se descompón nas seguintes unidades:

UNIDADE DE OBRA	*PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR A PREZOS DA OFERTA (EXPRESADO EN %)**

TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN % SOBRE O IMPORTE TOT DE ADXUDICACION……..,..*

(Lugar, data e firma do propoñente)

***indicar só o % , non o importe**

As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas.

M) Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións

Axustarase ao seguinte modelo:

D. Dª_____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de (Título: ...)

*Autoríza*a para que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen en calquera das seguintes formas:

a. Fax: _____

b. Correo electrónico: _____

(Lugar, data e firma do propoñente)

N) Certificado sobre traballadores con discapacidade

Para os efectos dispostos na cláusula 15.5 (criterios de desempate) presentarase unha declaración axustada ao seguinte modelo:

D. /Dª_____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Certifica:

1º) Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%)

2º) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ %

(Lugar, data e firma do propoñente)

Ñ) Compromiso de contratar traballadores/as desempregados/as

De conformidade co establecido no art. 118 do TRLCSP establécese como condición especial de execución de contrato, a condición de que se indique así no cadro de características do contrato e ao obxecto de combater o paro e promover o emprego, que o adxudicatario do contrato adscriba persoal inscrito nos servizos públicos de emprego ou equivalente no número que se indica na epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)

Para os devanditos efectos deberá presentar o seguinte modelo:

D./Dª _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Comprométese a contratar para adscribir durante todo o prazo de execución do presente contrato a _____traballadores de conformidade coa epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)

(Lugar, data e firma do propoñente)

O) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.1.2.- Documentación simplificada

Os licitadores naqueles contratos cuxo valor estimado sexa inferior á cantidade indicada no epígrafe 11.B do cadro de características (anexo I do presente prego) (artigo 146.4 TRLCSP), terán que presentar a seguinte documentación:

A) Declaración responsable.

De conformidade co establecido no artigo 146.4. do TRLCSP que establece : "O órgano de contratación, se o estima conveniente, poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que a achega inicial da documentación establecida no apartado 1 se substitúa por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos. En todo caso bastará con esta declaración responsable nos contratos de obras con valor estimado inferior á cantidade indicada na epígrafe 11 do cadro de características (anexo I do presente prego) só terán que presentar neste sobre a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

D./Dª ..... con DNI.....e domicilio en,

actuando en nome propio ou en representación de ……con domicilio en…….

, e en relación co contrato de execución das obras de ……

Declara

Que cumpre as condicións establecidas para contratar coa administración de conformidade co exposto no art. 146.4 do TRLCSP; comprometéndose en caso de ser o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, a acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no apartado 12.1.1 desta cláusula do prego. De igual modo comprométese a achegar en calquera momento e a requirimento da administración, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser o adxudicatario do contrato, conforme o parágrafo 2 do epígrafe 4 do artigo 146 do TRLCSP.

(Lugar, data e firma do propoñente)

B) Porcentaxe de subcontratación.

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecida na epígrafe 12 do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ao modelo que se indica no presente apartado. No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de características, a porcentaxe máxima será o establecido no artigo 227.2.e do TRLCSP.

MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

D/Dª…… con DNI …… e domicilio en …… provincia de ……. Rúa…….. nº …….

en nome propio ou en representación da empresa……

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: …….

Declara que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados será o seguinte:

….. % *

e que se descompón nas seguintes unidades:

UNIDADE DE OBRA	*PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR A*

	*PREZOS DA OFERTA (EXPRESADO EN %)**
TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN % SOBRE O IMPORTE TOTAL ADXUDICACION……,..*	

(Lugar, data e firma do propoñente)

*__indicar só o % , non o importe__

As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas.

C) Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións

Axustarase ao seguinte modelo:

D./Dª _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
(Título: ...)
*Autoríza*a para que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen en calquera das seguintes formas:
Fax: _____
Correo electrónico: _____

D) Certificado sobre traballadores con discapacidade

Para os efectos dispostos na cláusula 15.5 (criterios de desempate) presentarase unha declaración axustada ao seguinte modelo:

D./Dª_____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
(Título: ...)
Certifica:

1º) Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%)

2º) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ %

(Lugar, data e firma do propoñente)

E) Compromiso de contratar traballadores desempregados

De conformidade co establecido no art. 118 do TRLCSP establécese como condición especial de execución de contrato, a condición de que se indique así no cadro de características do contrato e ao obxecto de combater o paro e promover o emprego, que o adxudicatario do contrato adscriba persoal inscrito nos servizos públicos de emprego ou equivalente no número que se indica na epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)

Para os ditos efectos deberá presentar o seguinte modelo:

D./Dª _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Comprométese a contratar para adscribir durante todo o prazo de execución do presente contrato a _____traballadores de conformidade coa epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)

(Lugar, data e firma do propoñente)

F) Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso:

Para estes efectos deberán presentar o seguinte documento:

D./Dª …….. con DNI …… e domicilio en …… provincia de …….. rúa …… nº ……..

en nome propio ou en representación da empresa …….

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: ……..

Declara que se compromete a adscribir á obra os medios persoais e materiais esixidos no anexo IV e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.1. do presente prego que rexe a contratación a documentación xustificativa diso a que se refire a cláusula 16.1.d no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa.

(Lugar, data e firma do propoñente)

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos establecidos no art. 223.f TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

G) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.2. Sobre B: Subtitulado "Referencias técnicas". Criterios non avaliables de forma automática.

Conterá as seguintes referencias técnicas que se presentarán en papel ou en CD (formato dixital PDF con firma electrónica).

12.2.A.1) Programa de traballo:

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características. Deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflicta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, no seu caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.

c) Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: Describirase a forma en que se documentará fotograficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A dita documentación entregarase á administración na data da acta de recepción.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

12.2.A.2) Actuación ambiental:

d) Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial:

- Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais.
- Rexeneración de espazos.
- Indicación de vertedoiros autorizados onde se van trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derribas.

- Compromiso de achegar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no art. 4.c do R.D. 105/2008.

- Medidas de aforro enerxético.

12.2.B) Plan de control de calidade:

Plan de control interno de calidade

A oferta conterá, de forma xustificada, a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vaia desenvolver durante a execución das obras, relativa, entre outros aspectos a:

- control de calidade nos materiais que se ha empregar
- control de calidade nos métodos de execución das distintas unidades de obra
- control de calidade nas probas finais de instalacións
- calquera outro elemento, método ou proceso de control que o contratista considere oportuno incluír dentro do control de calidade.

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Para os efectos dispostos no apartado anterior o contratista indicará, para cada un dos aspectos do control de calidade, medios propios ou externos, o licitador indicará se levará a cabo o control de calidade con persoal propio ou con empresas externas especializadas en control de calidade.
O contratista deberá especificar o sistema de controis e ensaios que a empresa se compromete a realizar na obra, en consonancia co programa de control ofertado.
Este programa terá carácter contractual para o adxudicatario e o seu incumprimento considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos establecidos no art. 223.f TRLCSP. Non obstante o órgano de Contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

12.2.C) Esquema do Plan de seguridade e saúde:

As ofertas deberán presentar un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.

No citado esquema detallaranse:

- Medidas de prevención que se han adoptar

- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan

- Oferta de melloras de índole técnica

- A adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade

- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.

- A acreditación dalgún tipo de auditoría periódica respecto dos resultados en materia de seguridade e saúde

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

12.2.D .- Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.3. Sobre C: "Oferta económica e referencias valorables automaticamente"

Conterá a proposición económica e referencias valorables automaticamente formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego.

12.3.1) Oferta económica: formulada estritamente conforme co modelo do anexo II do presente prego.

12.3.2) Porcentaxe de control de calidade externo: formulada estritamente conforme co modelo do anexo II do presente prego.

A administración, a través da Dirección e de acordo co disposto na cláusula 29 do prego, ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra.

No caso de que o contratista ofertara unha porcentaxe maior, para os efectos de valoración, non se computa o 1% mínimo obrigatorio a que se refire o apartado anterior; é dicir, se unha empresa oferta o 3% de incremento de control de calidade externo, obterá 9 puntos (de acordo coa valoración do ANEXO IV) pero, para os efectos de financiamento polo contratista, a porcentaxe destinada a control externo a contratar pola administración será do 4% (3% ofertado polo adxudicatario máis 1% mínimo obrigatorio).

A Dirección de Obra poderá solicitar, en calquera momento, todos os informes e cálculos, derivados deste programa de control interno de calidade

12.3.3.- Proposta de redución de prazos de execución:

Só para aqueles contratos nos que se indique na epígrafe 6 do cadro de características do contrato (ANEXO I) que este criterio será obxecto de valoración.

- Proposta de redución de prazos de execución (expresado en días naturais):

No suposto en que no proxecto figure o prazo de execución por meses enténdese que estes son de 30 días naturais.

13) Documentos: orixinais e copias.

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. No entanto, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario/a ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

14) Garantía provisional.

En consonancia co disposto no art. 103 do TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) Apertura de plicas e adxudicación.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións corrixibles, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto no art. 160 do TRLCSP e Regulamento de desenvolvemento da lei. Para estes efectos a administración comunicará por calquera dos medios indicados polo contratista conforme a cláusula 12.1.1.M) ou a cláusula 12.1.2.C) do presente prego, indicándolle os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar.

15.1 Apertura e valoración das ofertas.

Diferenciaranse dúas fases de valoración das ofertas

1ª Fase: Valoración dos criterios non avaliables mediante fórmulas do procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración (excepto o factor prezo e demais criterios avaliables de forma automática)

Para os efectos previstos na primeira fase, o Comité de Expertos ou Organismo Técnico Especializado (cuxa composición designará o órgano de Contratación a proposta da Mesa de Contratación), emitirá informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación non avaliables de forma automática do procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración (excepto o factor prezo e demais criterios avaliables de forma automática) á vista da documentación incluída polos licitadores no sobre B: "Referencias técnicas", criterios de valoración non avaliables de forma automática mediante fórmulas

As empresas que non superen a puntuación mínima de 12,5 puntos na FASE 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración non avaliables de forma automática: Plan de control de calidade, Programa de traballo, Programa de actuación ambiental e Plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo.

Na puntuación mínima á que se refire o apartado anterior non se computan en ningún caso as propostas de redución de prazos.

2ª Fase: Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliables de forma automática

Procedemento:

Unha vez emitido o correspondente informe relativo ao sobre B, para os efectos previstos na segunda fase, a Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura do sobre C (ofertas económicas e demais criterios avaliables de forma automática). Celebrarase no lugar e día que se sinale no taboleiro de anuncios de contratación da Corporación ou perfil de contratante.

O presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non se poderán abrir.

Antes da apertura da primeira proposición convidaranse os licitadores interesados para que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, a mesa aclarará e dará as contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

15.2 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

15.2.1.- A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao seu valor económico, ou declarar deserta a licitación, motivando, en todo caso, a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

15.3.- Criterios de valoración:

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios son os seguintes:

FASE I: CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

1.- Plan de control interno de calidade: de 0 a 9 puntos

2.-Programa de traballo: de 0 a 13 puntos

3.-Programa de actuación ambiental: de 0 a 6 puntos

4.-Plan de seguridade e saúde: de 0 a 12 puntos.

Conforme os criterios de ponderación indicados no anexo IV

Disposición común: exclusións:

As empresas que non superen a puntuación mínima de 12,5 puntos na FASE 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: programa de control interno de calidade, programa de traballo e actuación ambiental, e plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídas da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

FASE II: CRITERIOS DE VALORACIÓN DE APLICACIÓN AUTOMÁTICA MEDIANTE FÓRMULAS

1. Porcentaxe destinada a control de calidade.

1.A- Porcentaxe destinada a control interno de calidade: de 0 a 1 punto.

1.B - Porcentaxe destinada a control externo de calidade: de 0 a 9 puntos.

2- Redución de prazos (criterio de carácter específico só aplicable a aqueles contratos nos que quede especificado na epígrafe 6 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego): DE 0 A 10 PUNTOS

Para estes efectos, no suposto en que no proxecto figure o prazo de execución por meses enténdese que estes son de 30 días naturais.

3- Oferta económica: ata 40 puntos

Para o seu desenvolvemento e aplicación teranse en conta as normas recollidas no anexo IV.

15.4.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

15.4.1.- Cando o órgano de Contratación presuma fundadamente que a proposición non se pode cumprir como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.3 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase para informe dos Servizos Técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

15.4.2.- Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que estean nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é con valores anormais ou desproporcionados se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormais ou desproporcionados se é inferior a outra en máis dun 13,33%

- Número de ofertas: 3. Serán ofertas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluirase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 16,67

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse con valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

15.4.3 Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta:

- Xustificación dos prezos ofertados
- Volume de obra
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta.

A documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta presentaranse en papel ou en CD (formato dixital PDF con firma electrónica).

Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormais ou desproporcionados, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:
   A. Materiais
      A.1 Compra
      - Carta de compromiso dos provedores
      - Prezos detallados

      A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)
      - Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

   B. Maquinaria
      B.1 Aluguer e/ou contratación
      - Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

      B.2 Medios propios
      - Relación detallada da maquinaria

   C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico
2. Volume de obra:
   Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custo laborais fixos e volume de obra contratada:
   Xustificarase mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución

15.5 Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).

Se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2

por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

Para estes efectos deberán presentar a documentación esixida nas cláusulas 12.1.1.N e 12.1.2.D

15.6 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración, de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc. faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Tamén se considerará renuncia a non xustificación en prazo da dispoñibilidade dos medios persoais e materiais á que se refire a cláusula 12.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o devandito importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdas.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a administración non acordase a adxudicación no prazo de 15 días, contados desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art .161 do TRLCSP, non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites ao que se refire o art. 152.3

15.7. Designación de director de obra:

No acordo ou resolución de adxudicación o órgano competente da Corporación concretará a designación do técnico-director da obra e naqueles casos en que a Dirección da obra se realice mediante contrato de servizos, previa a tramitación do correspondente expediente de contratación.

16) <u>Adxudicación</u>

16.1. Unha vez que a Mesa de Contratación formule a proposta de adxudicación requiririase ao licitador para que presente a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

a) A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

b) Garantías:

- Garantía definitiva: O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 TRLCSP.

- Garantía complementaria: Naqueles casos nos que a proposta da mesa de contratación sexa a oferta presentada polo licitador que presentase a oferta máis vantaxosa, unha vez xustificado o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente, requiriráselle de conformidade co art. 96 do TRLCSP que ademais da garantía á que se refire o parágrafo anterior, preste unha complementaria dun cinco por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, sendo por tanto nisto casos o importe da garantía definitiva o 10 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía complementaria constituirase separadamente e poderá ser devolta unha vez se formalice a acta de recepción.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que estean en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeron a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse:

<u>Medios persoais</u>:

A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou TCs

<u>Medios materiais</u>:

- Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.
- Así mesmo, poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.
- No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade dos devanditos medios materiais para a obra obxecto do presente contrato.

d) No caso de que o valor estimado do contrato sexa inferior a importe indicado no epígrafe 11.B do cadro de características do contrato (Anexo I do presente prego) deberá presentar toda a documentación esixida na cláusula 12.1.1, de conformidade co disposto no artigo 146.4 do TRLCSP, excepto a xa presentado na documentación simplificada (cláusula 12.1.2. do presente prego).

e) Nos supostos previstos nas cláusulas 12.1.1.N e 12.1.2.D, xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados.

16.2 De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, nese caso solicitarase a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.a, 61 e 61 bis do TRLCSP

16.3 O órgano de Contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

16.4 A adxudicación notificaráselle aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

17) Formalización do contrato.

a) Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 40.1 e 156 do TRLCSP a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

b) Nos restantes casos, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e na data que sinale a administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalice o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise.

Se a causa da non formalización fose imputable á administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

18) Acta de comprobación de replanteo e xustificación de contratar traballadores desempregados.

18.1.- Xustificación de contratar traballadores desempregados

Antes da data prevista para a comprobación do replanteo, o adxudicatario deberá entregar no Rexistro do órgano de contratación os contratos, alta na Seguridade Social e demais documentación xustificativa de contratar a traballadores desempregados, no caso de que se esixa a dita contratación conforme ao disposto na epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego). O incumprimento desta obrigación dará lugar á imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 ou á resolución do contrato por incumprimento de obrigación esencial.

18.2.- Comprobación do replanteo

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir a este acto e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 229 do TRLCSP.

Se o contratista non acode, sen causa xustificada, ao acto de comprobación de replanteo, a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos establecidos no artigo 237 do TRLCSP.

18.3.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores.

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da firma do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o Programa de traballo, o Plan de seguridade e saúde, o Plan de residuos específico (para os efectos do disposto no art. 5 e concordantes do R. D. 105/2008) e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra que se ha realizar, e neste caso, para os efectos da cláusula 35 do presente prego.

A aprobación do Plan de seguridade e saúde, corresponderalle ao presidente da Corporación previo informe do coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo corresponderalle ao presidente da Corporación a aprobación do Plan de residuos nos casos que proceda.

Atendendo á natureza da obra, o presidente da Corporación, a proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

18.4.- Comezo das obras e comunicación apertura centro de traballo

O contratista deberá iniciar as obras dentro do quince días seguintes ao da firma da acta de comprobación de replanteo.

O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

18.5.- Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, aquel dará a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente na acta que se redacte, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezará a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da firma da acta.

18.5.- Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, aquel dará a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente na acta que se redacte, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezará a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da firma da acta.

19) <u>Carteis e sinais.</u>

19.1.- Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinale a administración provincial cuxo modelo pode consultarse na páxina web que se indica no anexo I.20 “cadro de características”. O devandito cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante o devandito prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorrido o devandito prazo o contratista deberá retirar o cartel pola súa conta.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

19.2.- Fotografías.

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

a) Do cartel da obra.

b) Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os dous casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración en formato dixital con firma electrónica a reportaxe fotográfica ou o vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderaa utilizar a administración libremente e sen limitación temporal.

20) Ocupación de terreos.

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

21) Desenvolvemento dos traballos.

21.1.- O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 117 do TRLCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

21.2.- Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

21.3.- Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinen ou recoñezan, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

21.4.- Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

21.5.- Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contados desde a recepción.

Transcorrido este prazo sen que se manifestase ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 236 do TRLCSP.

22) Dirección e inspección das obras.

A dirección e inspección das obras corresponde ao seu técnico-director (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no libro de ordes. No entanto, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as ditas funcións aos técnicos da Corporación.

23) Normativa laboral, igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

Así mesmo, o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

24) Produción e xestión de residuos.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

25) Responsabilidade. Danos.

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

26) Gastos de transporte e almacenaxe.

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convido e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

27) <u>Custodia e conservación</u>.

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou perdas nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc., a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o mantemento destas ata que finalice o prazo de garantía establecido na cláusula 37 do presente prego, asumindo os gastos que diso deriven.

28) <u>Gastos de anuncios e tributos e varios</u>.

O adxudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación que se detallan na epígrafe 19 do cadro de características do contrato.

Así mesmo, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procede, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que, no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante os devanditos organismos e pago das taxas correspondentes.

29) <u>Control de calidade</u>.

A administración, a través da Dirección e de acordo co establecido na cláusula 12.3.2. do presente prego, ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra e, no seu caso, a porcentaxe que, excedendo deste 1% (expresado con dous decimais), ofreza o adxudicatario, conforme ao modelo que se inclúe no anexo II do presente prego. Para estes efectos a administración reterá a porcentaxe de control de calidade correspondente en cada certificación de obra.

A mesma Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares.

Este control é independente do control interno que realice o contratista.

No caso de que como resultado dos ensaios ou controis de calidade relativos á execución da obra fosen desfavorables e que os devanditos ensaios ou controis de calidade deban repetirse para verificar se se emendaron os defectos observados, o devandito custo será asumido polo contratista aínda que supere a porcentaxe de control de calidade ou a porcentaxe maior ofertado no seu caso.

30) <u>Dereitos do adxudicatario</u>.

30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute conforme as cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade e de acordo co disposto no artigo 216.4 do TRLCSP, segundo a redacción dada pola Disposición final sexta do R.D. Lei 4/2013, o aboamento deberá efectuarse de acordo cos seguintes prazos:

a) Prazo para a aprobación da certificación de obra e conformidade da factura: Unha vez expedida a certificación de obra, o devandito documento deberá presentarse á entidade contratante acompañado da factura correspondente, incumbíndolle tanto ao contratista como ao director de obra ou responsable do contrato o cumprimento desta obrigación formal. Unha vez cumprido este requisito, iniciarase o cómputo do trinta días naturais para que a administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento da obrigación; no entanto, se a documentación presentada adoecese dalgún defecto, será devolta ao contratista para a súa corrección, non se iniciará o prazo sinalado ata que os documentos se presenten de novo no Rexistro xeral debidamente emendados.

De conformidade co establecido na disposición adicional trixésima terceira, o contratista terá a obrigación de presentar a factura que expedira polas obras realizadas ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a súa tramitación.

Na epígrafe 21 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego), inclúese a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de Contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente que emita o contratista

b) Prazo para o pago: Unha vez aprobados os documentos presentados e recoñecida a obrigación de pago, a administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

30.2.- Se a administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do devandito prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos establecidos na Lei do 29 de decembro de 2004

pola que se establecen as Medidas de Loita Contra a Morosidade nas Operacións Comerciais e art. 216.4 do TRLCSP

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a súa existencia, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentase na entidade contratante, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro de entidade correspondente.

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos no art. 216.5 TRLCSP.

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da administración fose superior a seis **meses**. (Art. 216.6 do TRLCSP)

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 218 do TRLCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego.

31) <u>Aboamento da obra executada</u>.

31.1. Medicións.- A dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

31.2.- Relacións valoradas.- A Dirección Facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

31.3.- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaranse pola Dirección Facultativa nos dez días seguintes do período que

correspondan previa a audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poidan reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

31.4.- Pagos.

31.4.1.- Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola Dirección Facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. En cada unha das certificacións reterase ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra e, no seu caso, a porcentaxe que, excedendo deste 1% (expresado con dous decimais), ofreza o adxudicatario.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación.

A factura deberá presentarse no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente

A factura deberá conter ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os datos que se detallan na epígrafe 21 do anexo I do presente prego.

Terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor de ningunha forma aprobación e recepción das obras que comprenden.

Canto aos prazos e trámites estarase ao disposto no artigo 216 do TRLCSP.

31.4.2. Aboamentos a conta por materiais amoreados

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais amoreados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.

b) Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.

c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.

d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este Plan elaborarao a Dirección de Obra acompañándoo coa relación valorada.

e) Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais amoreados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para os efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial fixarao a dirección da obra e non poderá exceder o 50 por 100 do prezo da devandita unidade de obra.

Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

31.4.3. Aboamentos a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

a) O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.

b) No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

c) O cálculo da cantidade que se ha aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

d) Que o contratista constitúa aval de acordo co establecido no 31.4.4 deste prego.

2. Canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

31.4.4. Garantías por aboamentos a conta por materiais amoreados e por instalacións e equipos.

Para realizar o devandito aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 232 do TRLCSP

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

31.5.- Os contratistas que, conforme co artigo anterior, teñan dereito de cobranza fronte á administración, poderán ceder este conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobranza teña plena efectividade fronte á administración, será requisito imprescindible a notificación irrefutable a esta do acordo de cesión. Para ese efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de Rexistro de Transmisións de Certificacións.

Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pago a nome do contratista fornecerán efectos liberatorios.

32) <u>Prórrogas</u>.

Se o atraso na execución das obras se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que se lle sinalou o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

33) <u>Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas</u>.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.

Cando o contratista, por causas imputables a este, incorra en demora respecto do cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

No caso de que o adxudicatario ofertaran redución de prazo de execución e a demora fose imputable ao contratista as penalidades diarias indicadas no parágrafo anterior serán as seguintes:

REDUCIÓN (% sobre o prazo de execución)	Penalidades
Ata un 5%	0,50 por cada 1.000 euros
Ata un 10%	0,55 por cada 1.000 euros
Ata un 15%	0,60 por cada 1.000 euros
Ata un 20%	0,65 por cada 1.000 euros
Ata un 25%	0,70 por cada 1.000 euros
Ata un 30%	0,75 por cada 1.000 euros
Ata un 35%	0,80 por cada 1.000 euros
Ata un 40%	0,85 por cada 1.000 euros
Ata un 45%	0,90 por cada 1.000 euros

Ata un 50%	0,95 por cada 1.000 euros
Ata un 55% ou máis	1 por cada 1.000 euros

A administración terá a mesma facultade á que se refire o apartado anterior respecto do incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

34) <u>Modificacións de obras</u>.

34.1.- En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estas se prepararon por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderalle ao órgano de contratación, previa audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito.

Non obstante o disposto no apartado 1º só poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato (art. 234 do TRLCSP).

As variacións mencionadas no parágrafo anterior, respectando en todo caso, o límite establecido nel iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e poderán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais. No entanto, cando con posterioridade a estas haxa necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no art. 234 do TRLCSP terán que ser recollidas tales variacións na proposta a elaborar sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada.

34.2.- Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que se acorden de conformidade co establecido no artigo 219 e no titulo V do libro I do TRLCSP

No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obras, o contratista non terá dereito a reclamar ningunha indemnización.

A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberá procederse a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias dispostas nos artigos 171.b) e 174.b) do TRLCSP.

Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación:

A modificación non poderá exceder do 10% do prezo do contrato

Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación:

1. As modificacións non previstas neste prego só poderán efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.

- Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

- Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.

- Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.

- Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

2. A modificación do contrato acordada conforme ao previsto nesta cláusula non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse

a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

3. Para os efectos do previsto no apartado anterior, entenderase que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato nos seguintes casos:

a. cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.

b. cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.

c. cando para a realización da prestación modificada fose necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.

d. cando as modificacións do contrato igualen ou excedan, en máis ou en menos, o 10 % do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.

e. en calquera outros casos en que poida presumirse que, de ser coñecida previamente a modificación, concorresen ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte nel presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.

34.3.- Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables a estas serán fixados pola administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de 3 días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase ou executalas directamente.

34.4.- Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo de adxudicación (IVE excluído) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro de devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en Plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.

35) <u>Cesión de contrato e subcontrato de obras</u>.

a) Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 226 do TRLCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro de devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

b) Subcontratación

Os adxudicatarios non poderán concertar con terceiros a realización parcial das obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 227 e 228 e 228 bis do TRLCSP. En todo caso as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder da porcentaxe máxima establecida na epígrafe 12 do cadro de características do contrato.

O incumprimento por parte do contratista deste límite máximo de subcontratación, establecido no epígrafe 12 do cadro de características do contrato, considerarase incumprimento das súas obrigacións contractuais esenciais e en consecuencia dará lugar á resolución do contrato con incautación de garantía e indemnización por danos e perdas á administración contratante.

Así mesmo, o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación do sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 228 do TRLCSP.

c) Comprobación dos pagos aos subcontratistas ou subministradores*:*

A administración contratante, a través da Dirección da obra ou outros técnicos designados polo órgano de contratación, poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios do contrato han de facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitirán ao ente público contratante, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán achegar a solicitude do ente público contratante, xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 228 e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación. Estas obrigacións considéranse condicións esenciais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades establecidas para a demora na execución previstas no presente prego.

36) <u>Recepción das obras e certificación final</u>.

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras. Todo iso de conformidade co artigo 235 do TRLCSP.

O contratista ten obrigación de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigación o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o efectúe, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que lle será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato. En canto ao prazo do xuro de mora estarase ao establecido na cláusula 30.2 deste prego.

Obras contratadas polos concellos: Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

37) <u>Prazo de garantía</u>.

O prazo de garantía terá unha duración dun ano a contar desde a recepción das obras excepto nos supostos a que se refire o art. 102.5 do TRLCSP no que o prazo se reduce a 6 meses.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obrigación, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos administración contratante, por conta do contratista.

38) <u>Liquidación e devolución da garantía definitiva</u>.

A) Obras contratadas pola Deputación.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 236 do TRLCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obrigacións pendentes aplicándose ao pago destas últimas o disposto no art. 216 do TRLCSP.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

No entanto, no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas, o órgano de contratación poderá ordenar a súa execución a outra empresa, correndo á conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se for suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía, esixirase o aboamento dos devanditos gastos pola vía de constrinximento.

B) Obras contratadas polos Concellos.

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

39) <u>Causas de resolución</u>.

Serán as previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, cos efectos previstos no artigo 225 e 239.

Serán, así mesmo, causas de resolución específicas do presente contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 12.1.2.E e 12.1.1.Ñ do presente prego.

40) <u>Réxime xurídico</u>.

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector publico e normas complementarias) e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra eles haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 40 do TRLCSP os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO		
2. CODIFICACIÓN	A. Clasificación de produtos por actividades (CPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos (CPV)	
3. ORZAMENTO	A) Obras anuais Base impoñible …… Importe IVE …….. Total …….	..... Euros (IVE ENGADIDO)
	B) Obras plurianuais Base impoñible …… Importe IVE …….. Total …….	Exercicio Orzamentario Importe (IVE ENGADIDO) 201… 201....
4. VALOR ESTIMADO	Base impoñible: …….. 10% (modificación de proxecto): …….. 10% (certificación final): …… Total ……..	
4.BIS. REGULACION HARMONIZADA	☐ a) contrato non suxeito a regulación harmonizada ☐ b) contrato suxeito a regulación harmonizada •	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO:	
	REDUCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN: ☐ aplicable no presente prego ☐ non aplicable	
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	☐ Non se esixe ☐ Esíxese (indicar grupo, subgrupo e categoría) **Grupo subgrupo categoría** _____	

	_____ _____ _____
8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	**Grupo subgrupo categoría** _____ _____ _____ _____
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	1.- Rexistro xeral da administración convocante ou no seu caso Rexistro especial da entidade (indicalo neste caso….), con domicilio en _____ 2.- Oficina de Correos Comunicación do envío por medio de oficina de Correos: Domicilio da entidade contratante …… Nº de FAX da entidade contratante ……. Correo electrónico da entidade contratante ……..
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	□ A) Tramitación ordinaria: _____días (Cláusula 11) □ B) Tramitación urxente: _____ días En horario de Rexistro da administración convocante e no caso de presentalo por correos dentro do horario da oficina correspondente.
11. DOCUMENTACIÓN QUE SE HA PRESENTAR SEGUNDO O IMPORTE A QUE SE REFIRE A CLAUSULA 12.1.1, 12.1.2 e 16.1.e)	□ A) Completa □ 1) Igual ou superior a 1.000.000,00 euros □ 2) Igual ou superior a _____ euros □ B) Simplificada □ 1) Inferior a 1.000.000,00 euros □ 2) Inferior a _____ euros
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACION	….% do prezo de adxudicación
13. COMPROMISO DE CONTRATAR A	□ NON SE ESIXE

TRABALLADORES DESEMPREGADOS	☐ SI SE ESIXE Nº DE TRABALLADORES_____
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Dirección páxina web: www……
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % do prezo de adxudicación IVE excluído.
16. TAXAS DO CONTRATO	
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais: NON PROCEDE B) Obras plurianuais: B1. NON PROCEDE ☐ (Cláusula 4.2) B2. PROCEDE ☐ FORMULA_____
18. CONTROL DE CALIDADE	Ver cláusula 29
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA	

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: ……
TELÉFONO:.....
CORREO ELECTRÓNICO……..
CARTEL DE OBRA…….

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL……..
NIF……..
CÓDIGO…….

21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR. ALCALDE/PRESIDENTE……
CÓDIGO…….

21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE …….
CÓDIGO…….

21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA ……..
CÓDIGO……..

21.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE…….
CÓDIGO DE PROXECTO……..

22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PROXECTO E PREGO……

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./Dª _____
con domicilio en _____.
rúa _____
nº _____
teléfono_____
con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) Nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____.

DNI ou NIF Nº _____
e con domicilio en _____.
rúa_____
nº _____ _____
teléfono_____

Toma parte no procedemento aberto con multiplicidade de criterios para a adxudicación da execución das obras comprendidas no proxecto de _____
e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezo sen IVE…… euros).
B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) %…….. importe…… euros
C) TOTAL (A+ B)…….EUROS

2º.- Ofrece as seguinte porcentaxes de control de calidade:

A. Gastos control externo de calidade: Comprométese a financiar, ademais do 1% mínimo obrigatorio, o ……..% (expresado con dous decimais) sobre o orzamento de execución material da obra, para que a administración realice o control externo de calidade, conforme co previsto na cláusula 12.3.2 e 29 do prego, que será retido pola administración nas correspondentes certificacións de obra.
B. Gastos control interno de calidade: Comprométese a destinar ata un …… % para o control interno de calidade que ha realizar a propia empresa.

3º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

4º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

5º.- Fai constar que na presente licitación *(indíquese o que proceda):*

a) ___ Non concorre con empresas vinculadas.

b) ___ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:
Denominación
NIF

6º.- Ofrece un prazo de execución de _____ días naturais, o cal supón unha redución do prazo de execución de _____ días naturais (2) respecto do prazo de execución que figura no proxecto, e acompaña dentro do presente sobre a documentación esixida na cláusula 12.3.3. (1)

_____ _____ de _____ de 201_

O LICITADOR (asinado e rubricado)

(1) Este apartado incluirase na proposta só para aqueles contratos nos que se indique na epígrafe 6 do cadro de características do contrato (ANEXO I) que este criterio será obxecto de valoración.

(2) No caso de que no proxecto o prazo de execución figure por meses, entenderase que cada un destes comprende 30 días naturais

ANEXO III: MODELO DE SOBRE

MODELO DE SOBRE

A. DOCUMENTACIÓN

(1) B. REFERENCIAS TÉCNICAS CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMATICA

C. OFERTA ECONÓMICA E REFERENCIAS TÉCNICAS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2)
presentada por ..
Teléfono _____
Fax _____

_____ ____ de _____ de 201_

(1) Indicar sobre A, B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

(2) Indicar o título do contrato, código de expediente e código de proxecto (epígrafe 21 do anexo I do presente prego)

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

FASE I

A) CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIENTE FÓRMULAS

a) **Plan de control de calidade** (cláusula 15)

Valorarase **de 0 a 9** puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade especifico e totalmente adaptado á obra	De 7,01 a 9,00 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade especifico e adaptado á obra	De 4,01 a 7,00 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	De 2.01a 4,00 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	De 0,51 a 2,00 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade non adaptado e incompleto	De 0,00 a 0,50 puntos

b) **Programa de traballo** (cláusula 15):

Valorarase de 0 **a 13** puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e **totalmente** adaptado á obra	De 9,01 a 13,00 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra	De 6.01 a 9,00 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado	De 3,01 a 6 ,00 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	De 0,01 a 3,00 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto	0 puntos

c) **Programa de actuación ambiental** (cláusula 15):

Valorarase de 0 **a 6** puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten unha actuación ambiental específica e adaptada á obra	De 4,01 a 6,00 puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental xenérica e parcialmente adaptada	De 2,00 a 4,00 puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental insuficiente	De 0,01 a 1,99

	puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental non adaptada e incompleta	0 puntos

d) **Esquema do Plan de seguridade e saúde** (cláusula 15): de 0 a 12 puntos

Valórase de 0 a 12 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde específico e adaptado á obra	De 10,00 a 12,00 puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde xenérico e parcialmente adaptado	De 6,50 a 9,99 puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde insuficiente	De 0,01 a 6,49 puntos
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde non adaptado e incompleto	0 puntos

EXCLUSIÓNS

As empresas que non superen a puntuación mínima de 12,5 puntos na FASE 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental e esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

FASE II

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS:

II.1- PORCENTAXE DE CONTROL DE CALIDADE: 10 puntos máximo

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Outorgarase a máxima puntuación (1 punto) á/s proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Ata 1 punto
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calcularase aplicando a seguinte fórmula: 3 X % incremento de execución material (expresado en dous decimais)	Ata 9 puntos

II.2 - REDUCCION DE PRAZOS (CRITERIO DE CARÁCTER ESPECIFICO SÓ APLICABLE A AQUELES CONTRATOS NOS QUE QUEDE ESPECIFICADO NA EPÍGRAFE 6 DO CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (ANEXO I).

Proposta de redución de prazos de execución (**cláusula 15** do presente prego): de 0 a 10 puntos.

Tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas.

Puntuación máxima

Calcularase en primeiro lugar a diferenza entre os valores máximo e mínimo de redución de prazos, medidos en días naturais, que representen as ofertas consideradas.

A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ao prazo de proxecto servirá para fixar proporcionalmente o número natural máximo de puntos que se han adxudicar por este concepto. Desta forma, para unha porcentaxe inferior ou igual ao 5% corresponderá un máximo de 2 puntos; para unha porcentaxe superior ao 5% e inferior ou igual ao 10%, 4 puntos; e así sucesivamente, ata un máximo de 10 puntos.

Proceso de puntuación

A continuación, calcularase a media aritmética de todas as reducións de prazo en consideración.

Asignarase 1 punto ás proposicións que se axusten ao prazo de proxecto, un 80% da puntuación máxima adxudicable ás que igualen a media aritmética anterior, e un 100% ás que signifiquen a redución máxima. Ás ofertas que representen reducións situadas no intermedio dos 2 tramos así configurados puntuaráselles proporcionalmente aos seus extremos de forma lineal.

Para este segundo proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan.

Outorgaranse 0 puntos a aquelas ofertas de redución de prazo que non se consideraron debidamente xustificadas.

Nos casos de proposición única presentada debidamente xustificada que non exceda do prazo sinalado en proxecto ou dun conxunto de proposicións que signifique diferenzas de prazo inferiores ao 5% daquel, cualificarase sempre con 1 punto.

Para ilustrar este proceso, incorpórase o seguinte gráfico:

PUNTOS
MÁX.
80% MÁX.

REDUCIÓNS DE PRAZOS

III. OFERTA ECONOMICA

Oferta Económica: De 0 a 40 puntos. De acordo coa fórmula elaborada pola Facultade de Matemáticas:

1. Notacións

- P : prezo de licitación,
- n : número de ofertas,
- $O_1, O_2, \ldots, O_n$: valor das n ofertas,
- O_m : media das ofertas presentadas ($O_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} O_i$),
- $B_1, B_2, \ldots, B_n$: baixas absolutas ($B_i = P - O_i,\ i = 1, \ldots, n$),
- B_m : baixa absoluta media ($B_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} B_i = P - O_m$),
- $b_1, b_2, \ldots, b_n$: baixas porcentuais con respecto a P ($b_i = \frac{B_i}{P} \times 100$, $i = 1, \ldots, n$),
- b_{max}, b_{min} : baixas porcentuais máxima e mínima,



- b_m : baixa porcentual media ($b_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} b_i = \frac{B_m}{P} \times 100$),
- V_{max} : máxima valoración posible,
- W_{max} : máxima valoración de acordo coas ofertas presentadas,
- W_i : valoración previa da oferta i -ésima entre 0 e W_{max} , $i = 1, \ldots, n$,

- V_i : valoración final da oferta i -ésima entre 0 e V_{max}, $i = 1, \ldots, n.$

Nota.- Dado que as baixas negativas correspondería a ofertas superiores ao prezo de licitación (e polo tanto non admisibles), suponse que as baixas b_i son iguais ou maiores que cero

2. Algoritmo de valoración de ofertas

3. Algoritmo p2.1. Valoración máxima inicial de acordo coas ofertas presentadas

$$W_{max} = \frac{b_{max} - b_{min}}{100} V_{max}.$$

2.2. Valoración previa entre 0 *e* W_{max}

Unha puntuación inicial W_i da oferta i -ésima calcúlase por interpolación por tramos do seguinte modo (ver a figura 1):

- Se $b_i \leq b_m$ (oferta entre o prezo licitación –baixa nula- e a oferta media) entón a súa valoración é proporcional entre os valores 0 e $\frac{8W_{max}}{10}$:

$$W_i = \frac{8W_{max}}{10b_m} b_i,$$

- Se $b_i > b_m$ (baixa superior á baixa media) entón a súa valoración é proporcional entre $\frac{8W_{max}}{10}$ y W_{max}:

$$W_i = \frac{2W_{max}}{10(b_{max} - b_m)}(b_i - b_m) + \frac{8W_{max}}{10}.$$

2.3. Valoración final entre 0 *e* V_{max}

En xeral, as puntuacións iniciais anteriores resultan moi pequenas, sobre todo cando as ofertas son moi iguais. Polo tanto, as baixas non terían moito peso na adxudicación dos contratos ou concursos. Proponse unha alternativa de reescalado das valoracións previas para trasladar as puntuacións ao intervalo $[0, V_{max}]$, sumando a cada valoración previa unha cantidade S case- proporcional á baixa:

- Se $b_{max} \leq 20$: $S = (V_{max} - W_{max}) \dfrac{b_{max}}{20}$,
- Se $b_{max} \geq 20$: $S = V_{max} - W_{max}$.

A valoración final das ofertas obtense agora do modo seguinte (figura 1):

$$V_i = W_i + S \frac{b_i}{b_{max}}, \quad i = 1, \ldots, n.$$

Nótase que a puntuación máxima V_{max} só incumbe se a baixa máxima (b_{max}) é igual ou superior ao 20% (figura 2).

Nota.- No caso particular en que todas as ofertas son iguais ao prezo de licitación se ten $b_1 = b_2 = \ldots = b_n = b_m = b_{max} = 0$ polo que as valoracións anteriores non son válidas (se teñen divisións por cero). Neste caso, acordamos outorgar a todas elas unha puntuación nula ($V_i = 0$) . Na práctica, esta situación tamén se produce cando as baixas son todas moi pequenas aínda que non sexan exactamente cero. Por iso, propoñemos dar unha puntuación nula a todas as ofertas sempre que $b_{max} \leq 10^{-6}$.

2.4. Fórmula completa para valoración de ofertas

1. Definición de W_{max}:

$$W_{max} = \frac{b_{max} - b_{min}}{100} V_{max}.$$

2. Definición de S:

- Se $b_{max} \leq 20$: $S = (V_{max} - W_{max})\dfrac{b_{max}}{20}$,
- Se $b_{max} \geq 20$: $S = V_{max} - W_{max}$.

3. Valoración das ofertas cando $b_{max} > 10^{-6}$. Para $i = 1, \ldots, n$:

- Se $b_i \leq b_m$ entón
$$V_i = \frac{8W_{max}}{10b_m} b_i + S\frac{b_i}{b_{max}},$$
- Se $b_i > b_m$ entón
$$V_i = \frac{2W_{max}}{10(b_{max} - b_m)}(b_i - b_m) + \frac{8W_{max}}{10} + S\frac{b_i}{b_{max}}.$$

4. Valoración das ofertas cando $b_{max} \leq 10^{-6}$:

- Para $i = 1, \ldots, n$: $V_i = 0$.



Figura 1: Representación gráfica das puntuacións se $b_{max} < 20$.



Figura 2: Representación gráfica das puntuacións se $b_{max} > 20$.

3. Algoritmo para detectar a ofertas temerarias

3.1. Definición das ofertas temerarias

O artigo 85 do R.D. 1098/2001 do 12 outubro, define as ofertas temerarias do seguinte modo:

(Apartado 5 do art. 85 do RD 1098/2001)

De acordo co apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001, *"excepcionalmente, e atendendo ao obxecto do contrato e circunstancias do mercado, o órgano de contratación poderá motivadamente reducir nun terzo no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares as porcentaxes establecidas nos apartados anteriores".*

Nese caso a definición das ofertas temerarias quedaría como segue:

- *Número de ofertas: 1*. A oferta é temeraria se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67%, o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67
- *Número de ofertas: 2*. Unha das ofertas resulta temeraria se é inferior á outra en máis dun 13,33%.
- *Número de ofertas: 3*. Serán ofertas temerarias aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluirase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, considéranse temerarias todas as ofertas con baixas porcentuais superiores a 16,67.
- *Número de ofertas: 4 ou máis.* Considéranse temerarias aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcúlase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

3.2. Fórmula completa para a detección de ofertas temerarias

(Apartado 5 do art. 85 do RD 1098/2001)

- $n=1$: Se $b_1 > 16,67$, entón a oferta 1 (única) é temeraria.
- $n=2$: Supoñemos que $O_1 \geq O_2$. Se $O_2 < 0,8667 \times O_1$ entón a oferta 2 é temeraria.
- $n=3$: Supoñemos que $O_1 \geq O_2 \geq O_3$. Sexa O_m^* definida como:

$$O_m^* = \begin{cases} \frac{1}{2}(O_2 + O_3) \text{ se } O_1 > 1,0667 \times O_m, \\ O_m \text{ se } O_1 \leq 1,0667 \times O_m. \end{cases}$$

  Para $i = 1,2,3$, si $b_i > 16,67$ o $O_i < 0,9333 \times O_m^*$ a oferta i é temeraria.
- $n \geq 4$: Supoñemos que $O_1 \geq O_2 \geq \ldots \geq O_n$. Si $O_1 > 1,06667 \times O_m$, sexa l o índice tal que $1 \leq l \leq n$ y

$$O_1 \geq O_2 \geq \ldots \geq O_l > 1,0667 \times O_m, \quad O_{l+1} \leq 1,0667 \times O_m.$$

Definimos

$$O_m^* = \begin{cases} \dfrac{1}{n-l}(O_{l+1} + \ldots + O_n) \text{ se } O_1 > 1{,}0667 \times O_m \text{ e } l \leq n-3, \\ \dfrac{1}{3}(O_{n-2} + O_{n-1} + O_n) \text{ se } O_1 > 1{,}0667 \times O_m \text{ e } l > n-3, \\ O_m \text{ se } O_1 \leq 1{,}0667 \times O_m . \end{cases}$$

Para $i = 1, 2, \ldots, n$, se $O_i < 0{,}9333 \times O_m^*$ a oferta i é temeraria.

DILIXENCIA: Que se estende para facer constar que a fórmula poderá consultarse na seguinte dirección de correo electrónico: http://www.dicoruna.es/contratacion/valoracion/

ANEXO V: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA A EXECUCION DA OBRA

(Cláusula 12.1.1 apartado H) e 12.1.2 F))

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORIA PROFESIONAL	TITULACION REQUIRIDA	NUMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERISTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

O XEFE DO SERVIZO

Luís Jaime Rodríguez Fernández

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACION: FACTOR PREZO) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACION: FACTOR PREZO) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

1. ELEMENTOS DO CONTRATO.

1) Obxecto e delimitación do contrato

1.1) Obxecto do contrato

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras ás que se refire a epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP), incluído o correspondente estudo de seguridade e saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co disposto no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co establecido no art. 4 do R.D. 105/2008 .

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, polo que ten carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

1.2) Delimitación do contrato.

Para os efectos do presente prego e da TRLCSP están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no art. 14.1 do TRLCSP.

Neste sentido nas epígrafes 4 e 4.BIS do cadro de características indícase o valor estimado do contrato e se está suxeito ou non a regulación harmonizada.

2) Orzamento do contrato e tipo de licitación.

Sinálase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura na epígrafe 3 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto deste.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formularen as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87.2 do TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

3) Financiamento.

3.1. Obras de carácter anual:

Para atender as obrigacións económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego).

3.2. Obras de carácter plurianual:

De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada proxecto de execución de obra na epígrafe 3.B e con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego). En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta en todo caso o contratista.

No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5.4 do presente prego.

4) <u>Revisión de prezos</u>.

4.1. Obras de carácter anual:

De conformidade co disposto no artigo 89 do TRLCSP non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

4.2. Obras de carácter plurianual:

Se o contrato tivese carácter plurianual, logo da xustificación previa no expediente, e de conformidade co previsto no Real decreto á que se refiren os art. 4 e 5 da Lei 2/2015 de desindexación da economía española e art. 89 do TRLCSP, a revisión periódica e predeterminada de prezos terá lugar cando o contrato se execute, polo menos, no vinte por cento do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización, e conforme á fórmula que se indica na epígrafe 17 do cadro de características (anexo I do presente prego).

En consecuencia, o primeiro vinte por cento executado nos dous primeiros anos transcorridos desde a formalización quedan excluídos da revisión.

5) <u>Prazo de execución</u>.

5.1.- O prazo de execución do contrato será o que se sinala na epígrafe 6 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5.2.- Prórrogas.- O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

5.3.- Prazos parciais.- Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixen na aprobación do programa de traballo.

5.4.- Reaxuste de anualidades.- A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, a devandita porcentaxe de baixa aplicarase ao realizar máis obra en cada unha das anualidades, aboándoselle ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de

financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

6) Capacidade para contratar.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica (ou se atopen debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte).

7) Clasificación do contratista.

Para contratar coa administración a execución dunha obra cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade establecida no artigo 65.1 do TRLCSP, será requisito indispensable que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que consta no expediente e que se indica na epígrafe 7 do cadro de características do contrato.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior para os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten ante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos que se indica na cláusula 12.1.1.G.

8) Unións temporais de empresas.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos, cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo, deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 67.5 do TRLCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizarse, en escritura pública, así como presentar o NIF das unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unión temporais quedarán obrigados solidariamente ante perante a administración.

II.- ADXUDICACIÓN.

9) <u>Procedemento de adxudicación</u>.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) e como consecuencia adxudicarase á empresa que presente a oferta económica máis vantaxosa consistente no prezo máis baixo sen prexuízo do establecido no presente prego en relación coas ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

10) <u>Anuncio e perfil de contratante</u>.

10.1.a) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada: O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante (art. 142 e 53 do TRLCSP) e nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia.

10.1.b) Contratos suxeitos a regulación harmonizada: De conformidade co disposto nos artigos 14 e 142.1 do TRLCSP, o anuncio de licitación publicarase, ademais, no Boletín Oficial do Estado e Diario Oficial da Unión Europea.

10.2. Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa da actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica na epígrafe 14 do cadro de características do contrato.

11) <u>Proposicións: lugar e prazo de presentación</u>.

11.A) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada (ART.14 TRLCSP)

11.A.1.) As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nas epígrafes 9 e 10 do cadro de características do contrato, dentro do prazo dos vinte e seis días naturais contados do día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante (art. 159.2 TRLCSP), en dous sobres cerrados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

11.A.2.) No caso de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, telegrama ou correo electrónico no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de Contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións ás que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, coa fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adxudicación do contrato.

11.A.3.) Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas na epígrafe 9 do cadro de características do presente prego (anexo I do presente prego).

11.4.4.) De conformidade co artigo 112 do TRLCSP, no suposto de que o expediente se declare de tramitación urxente o prazo de presentación de proposicións será de trece días naturais, contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante.

11.A.5.) Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP e no perfil de contratante, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

11.B) Contratos suxeitos a regulación harmonizada (ART. 14 TRLCSP)

11.B.1.) Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada o prazo de presentación de proposicións será de cincuenta e dous días naturais, contados desde a data de envío do anuncio á Comisión Europea (Diario Oficial da Unión Europea).

11.B.2.) Este prazo poderá reducirse en 5 días cando se ofreza acceso por medios electrónicos aos pregos e á documentación complementaria. Ademais poderá reducirse en 7 días máis cando os anuncios se preparen e envíen por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

11.B.3.) O devandito prazo reducirase a trinta e seis días naturais ou en casos excepcionais debidamente xustificados ata vinte e dous días, se se publicou o anuncio previo a que refire o parágrafo 1º do artigo 141 do TRLCSP (159.1 TRLCSP).

11.B.4.) No caso de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, coa fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adxudicación do contrato.

11.B.5.) Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas na epígrafe 9 do cadro de características do presente prego (anexo I do presente prego).

Na epígrafe 10 indícase o prazo de presentación de proposicións.

12) <u>Proposicións: documentación</u>.

12.1.- <u>Sobre A: Subtitulado "Documentación</u>".

Os licitadores naqueles contratos cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade indicada na epígrafe 11.A do cadro de características (anexo I do presente prego) (artigo 146.4 TRLCSP), terán que presentar a seguinte documentación:

12.1.1.- <u>Documentación completa</u>

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (NIF) debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55 do TRLCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa Xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes aos que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo/a secretario/a da Corporación ou funcionario/a habilitado/a.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incursa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

D/Dª…….. con DNI…….. e domicilio en ……. provincia de ……... rúa …….. nº……

en nome propio ou en representación da empresa……. á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: ……

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c do TRLCSP

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e firma do propoñente)

F) Documento de clasificación empresarial: Certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia) de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifiquen no proxecto, no caso de que se esixa clasificación conforme o disposto na cláusula 7 do presente prego e epígrafe 7 do cadro de características.

No entanto, para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten perante o órgano de contratación a súa solvencia económica na forma prevista no apartado g) da presente cláusula) e a solvencia técnica na forma prevista no apartado g) da presente cláusula

G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica:

C) Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 8.

D) Ou no caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia:

a. <u>Económica e financeira</u> mediante a xustificación do volume anual de negocios. O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no rexistro mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no rexistro mercantil acreditarán o

seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro mercantil.

b. E a solvencia técnica mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos últimos dez últimos anos, acompañada de certificados de boa execución.

APRECIACION DA SOLVENCIA:

- Solvencia económica e financeira: Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira, se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio do tres últimos concluídos sexa, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano, e polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano**.**
- Solvencia técnica: Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.
- O valor estimado para os efectos de cálculo de solvencia é o que se indica na epígrafe 4 do cadro de características

Todos os licitadores, excepto no suposto que se dispoña da clasificación correspondente que substitúa a solvencia, deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira e a súa solvencia técnica e, en consecuencia, non se establece excepción de presentación desta por razón da contía (art. 11.5 do Regulamento da lei de contratos).

H) Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso.

Para estes efectos deberán presentar o seguinte documento:

D/Dª…….. con DNI …… e domicilio en …… provincia de …….. rúa …… nº ……..

en nome propio ou en representación da empresa …….

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: ……...

Declara que se compromete a adscribir á obra os medios persoais e materiais esixidos no anexo IV e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.1. do presente prego que rexe a contratación a documentación xustificativa diso a que se refire a cláusula 16.1.d no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa.

(Lugar, data e firma do propoñente)

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos establecidos no art. 223.f TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

I) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 8 do presente prego.

J) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados: A), B), C), D), E) e F) sempre que os citados documentos estean vixentes.

K) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarase ao seguinte modelo*:*

D/Dª…… con residencia …….. provincia de …… rúa …… nº…… segundo DNI nº……. en nome propio ou da empresa ……. á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título:……...

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e firma do propoñente)

L) Porcentaxe de subcontratación

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecido na epígrafe 12 do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ao modelo que se indica no presente apartado. No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B

do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de características, a porcentaxe máxima será a establecida no artigo 227.2.e do TRLCSP.

MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

D./Dª…… con DNI …….. e domicilio en ……. provincia de…….. rúa …… nº……..

en nome propio ou en representación da empresa……. á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: …….

Declara que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados será o seguinte:

….. % *

e que se descompón nas seguintes unidades:

UNIDADE DE OBRA	*PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR AOS PREZO DA OFERTA (EXPRESADO EN %)**
TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN % SOBRE O IMPORTE TOTAL DE ADXUDICACION…….,..*	

(Lugar, data e firma do propoñente)

***indicar só o % , non o importe**

As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas.

M) Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións

Axustarase ao seguinte modelo:

D. Dª_____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Autorízaa para que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen en calquera das seguintes formas:

c. Fax: _____

d. Correo electrónico: _____

(Lugar, data e firma do propoñente)

N) Certificado sobre traballadores con discapacidade

Para os efectos dispostos na cláusula 15.4 (criterios de desempate) presentarase unha declaración axustada ao seguinte modelo:

D. /Dª_____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Certifica:

1º) Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%)

2º) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ %

(Lugar, data e firma do propoñente)

Ñ) Compromiso de contratar traballadores desempregados

De conformidade co establecido no art. 118 do TRLCSP establécese como condición especial de execución de contrato, a condición de que se indique así no cadro de características do contrato e ao obxecto de combater o paro e promover o emprego, que o adxudicatario do contrato adscriba persoal inscrito nos servizos públicos de emprego ou equivalente no número que se indica na epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)

Para os devanditos efectos deberá presentar o seguinte modelo:

D./Dª _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Comprométese a contratar para adscribir durante todo o prazo de execución do presente contrato a _____traballadores de conformidade coa epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)

(Lugar, data e firma do propoñente)

O) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.1.2.- <u>Documentación simplificada</u>

Os licitadores naqueles contratos cuxo valor estimado sexa inferior á cantidade indicada no epígrafe 11.B do cadro de características (anexo I do presente prego) (artigo 146.4 TRLCSP), terán que presentar a seguinte documentación:

A) Declaración responsable.

De conformidade co establecido no artigo 146.4. do TRLCSP que establece : "O órgano de contratación, se o estima conveniente, poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que a achega inicial da documentación establecida no apartado 1 se substitúa por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos. En todo caso bastará con esta declaración responsable nos contratos de obras con valor estimado inferior á cantidade indicada na epígrafe 11 do cadro de características (anexo I do presente prego) só terán que presentar neste sobre a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

D./Dª …….. con DNI…….e domicilio en,

actuando en nome propio ou en representación de ……con domicilio en……..

, e en relación co contrato de execución das obras de ……

Declara

Que cumpre as condicións establecidas para contratar coa administración de conformidade co exposto no art. 146.4 do TRLCSP; comprometéndose en caso de ser o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, a acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no apartado 12.1.1 desta cláusula do prego. De igual modo comprométese a achegar en calquera momento e a requirimento da administración, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser o adxudicatario do contrato, conforme o parágrafo 2 do epígrafe 4 do artigo 146 do TRLCSP.

(Lugar, data e firma do propoñente)

B) Porcentaxe de subcontratación.

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecida na epígrafe 12 do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ao modelo que se indica no presente apartado. No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de características, a porcentaxe máxima será o establecido no artigo 227.2.e do TRLCSP.

MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

D/Dª…… con DNI …… e domicilio en …… provincia de …….. Rúa…….. nº ……..

en nome propio ou en representación da empresa……

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: ……..

Declara que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados será o seguinte:

….. % *

e que se descompón nas seguintes unidades:

UNIDADE DE OBRA	*PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR AOS PREZO DA OFERTA (EXPRESADO EN %)**
TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN % SOBRE O IMPORTE TOTAL DE ADXUDICACION…….,..*	

(Lugar, data e firma do propoñente

*__indicar só o % , non o importe__

As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas.

C) Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións

Axustarase ao seguinte modelo:

D./Dª _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

*Autoríza*a para que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen en calquera das seguintes formas:

e. Fax: _____

f. Correo electrónico: _____

(Lugar, data e firma do propoñente)

D) Certificado sobre traballadores con discapacidade

Para os efectos previstos na cláusula 15.4 (criterios de desempate) presentarase unha declaración axustada ao seguinte modelo:

D./Dª_____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Certifica:

1º) Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%)

2º) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ %

(Lugar, data e firma do propoñente)

E) Compromiso de contratar traballadores desempregados

De conformidade co establecido no art. 118 do TRLCSP establécese como condición especial de execución de contrato, a condición de que se indique así no cadro de características do contrato e ao obxecto de combater o paro e promover o emprego, que o adxudicatario do contrato adscriba persoal inscrito nos servizos públicos de emprego ou equivalente no número que se indica na epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)

Para os ditos efectos deberá presentar o seguinte modelo:

D./Dª _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Comprométese a contratar para adscribir durante todo o prazo de execución do presente contrato a _____traballadores de conformidade coa epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)

(Lugar, data e firma do propoñente)

F) Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso.

Para estes efectos deberán presentar o seguinte documento:

D./Dª …….. con DNI …… e domicilio en …… provincia de …….. rúa …… nº ……..

en nome propio ou en representación da empresa …….

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: ……...

Declara que se compromete a adscribir á obra os medios persoais e materiais esixidos no anexo IV e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.1. do presente prego que rexe a contratación a documentación xustificativa diso a que se refire a cláusula 16.1.d no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa.

(Lugar, data e firma do propoñente)

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos establecidos no art. 223.f TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

G) Índice documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.2. Sobre B: Subtitulado "Referencias técnicas".

Ao tratarse dun procedemento aberto cun único criterio de valoración: factor prezo, os licitadores non terán que presentar o sobre de referencias técnicas.

12.3. Sobre C: Subtitulado "Oferta económica".

Conterá a proposición económica formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego.

13) Documentos: orixinais e copias.

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. No entanto, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario/a ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

14) Garantía provisional.

En consonancia co disposto no art. 103 do TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) Apertura de plicas e adxudicación.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións corrixibles, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto no art. 160 do TRLCSP e Regulamento de desenvolvemento da lei. Para estes efectos a administración comunicará por calquera dos medios indicados polo contratista conforme a cláusula 12.1.1.M) ou a cláusula 12.1.2.C) do presente prego, indicándolle os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar.

15.1 Apertura das ofertas.

A Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura das ofertas económicas. Celebrarase no lugar e día que se sinale no taboleiro de anuncios de contratación da Corporación ou perfil de contratante.

O presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non se poderán ser abrir.

Antes da apertura da primeira proposición convidarase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

15.2 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese da presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

15.3.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

15.3.1.- Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais , notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.3.3 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

15.3.2.- Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que estean nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é con valores anormais ou desproporcionados se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormais ou desproporcionados se é inferior a outra en máis dun 13,33%

- Número de ofertas: 3. Serán ofertas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluirase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 16,67.

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse con valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase

unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

15.3.3.- Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta:

- Xustificación dos prezos ofertados
- Volume de obra
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta.

A documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta presentaranse en papel ou en CD (formato dixital PDF con firma electrónica).

Os licitadores con ofertas inicialmente, con valores anormais ou desproporcionados, dentro do prazo concedido para o efecto, deberán presentar a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

D. Materiais

A.1 Compra

c) Carta de compromiso dos provedores

d) Prezos detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

E. Maquinaria

B.1 Aluguer e/ou contratación

- Relación da maquinaria con incitación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

F. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de obra:

Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custo laborais fixos e volume de obra contratada:

Xustificarase mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución

15.4 Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).

Se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

Para estes efectos deberán presentar a documentación esixida nas cláusulas 12.1.1.N e 12.1.2.D

15.5 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración, de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc. faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Tamén se considerará renuncia a non xustificación en prazo da dispoñibilidade dos medios persoais e materiais á que se refire a cláusula 12.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o devandito importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdas.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a administración non acordase a adxudicación no prazo de 15 días, contados desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art .161 do TRLCSP, non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites ao que se refire o art. 152.3

15.6. Designación de director de obra:

No acordo ou resolución de adxudicación o órgano competente da Corporación concretará a designación do técnico-director da obra e naqueles casos en que a Dirección da obra se realice mediante contrato de servizos, previa a tramitación do correspondente expediente de contratación.

16) <u>Adxudicación</u>

16.1. Unha vez que a Mesa de Contratación formule a proposta de adxudicación requirirase ao licitador para que presente a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

2) A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

3) Garantías:

- Garantía definitiva: O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 TRLCSP.

- Garantía complementaria: Naqueles casos nos que a proposta da mesa de contratación sexa a oferta presentada polo licitador que presentase a oferta máis vantaxosa, unha vez xustificado o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente, requiriráselle de conformidade co art. 96 do TRLCSP que ademais da garantía á que se refire o parágrafo anterior, preste unha complementaria dun cinco por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, sendo por tanto nisto casos o importe da garantía definitiva o 10 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía complementaria constituirase separadamente e poderá ser devolta unha vez se formalice a acta de recepción.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que estean en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeron a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse:

<u>Medios persoais</u>:

A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou TCs

<u>Medios materiais</u>:

a) Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

b) De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

c) Así mesmo, poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

d) No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade dos devanditos medios materiais para a obra obxecto do presente contrato

d) No caso de que o valor estimado do contrato sexa inferior ao importe indicado na epígrafe 11.B do cadro de características (anexo I do presente prego) deberá presentar toda a documentación esixida na cláusula 12.1.1, de conformidade co disposto no artigo 146.4 do TRLCSP, excepto a xa presentada na documentación simplificada (cláusula 12.1.2. do presente prego).

e) Nos supostos previstos nas cláusulas 12.1.1.N e 12.1.2.D, xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados.

16.2 De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, nese caso solicitarase a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.a, 61 e 61 bis do TRLCSP

16.3 O órgano de Contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

16.4 A adxudicación notificaráselle aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

17) Formalización do contrato.

a) Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 40.1 e 156 do TRLCSP a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

b) Nos restantes casos, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e na data que sinale a administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalice o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise.

Se a causa da non formalización fose imputable á administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

18) Acta de comprobación do replanteo e xustificación de contratar traballadores desempregados.

18.1.- Xustificación de contratar traballadores desempregados:

Antes da data prevista para a comprobación do replanteo, o adxudicatario deberá entregar no Rexistro do órgano de contratación os contratos, alta na Seguridade Social e demais documentación xustificativa de contratar a traballadores desempregados, no caso de que se esixa a dita contratación conforme ao disposto na epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego). O incumprimento desta obrigación dará lugar á imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 ou á resolución do contrato por incumprimento de obrigación esencial.

18.2.- Comprobación do replanteo

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir a este acto e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 229 do TRLCSP.

Se o contratista non acode, sen causa xustificada, ao acto de comprobación de replanteo, a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos establecidos no artigo 237 do TRLCSP.

18.3.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da firma do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o Programa de traballo, o Plan de seguridade e saúde, o Plan de residuos específico (para os efectos do disposto no art. 5 e concordantes do R. D. 105/2008) e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra que se ha realizar, e neste caso, para os efectos da cláusula 35 do presente prego.

A aprobación do Plan de seguridade e saúde, corresponderalle ao presidente da Corporación previo informe do coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo corresponderalle ao presidente da Corporación a aprobación do Plan de residuos nos casos que proceda.

Atendendo á natureza da obra, o presidente da Corporación, a proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

18.4.- Comezo das obras e comunicación de apertura do centro de traballo

O contratista deberá iniciar as obras dentro do quince días seguintes ao da firma da acta de comprobación de replanteo.

O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

18.5.- Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, aquel dará a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente na acta que se redacte, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezará a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da firma da acta.

19) <u>Carteis e sinais.</u>

19.1.- Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinale a administración provincial cuxo modelo pode consultarse na páxina web que se indica no anexo I.20 "cadro de características". O devandito cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante o devandito prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorrido o devandito prazo o contratista deberá retirar o cartel pola súa conta.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

19.2.- Fotografías.

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

a) Do cartel da obra.

b) Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os dous casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración en formato dixital con firma electrónica a reportaxe fotográfica ou o vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderaa utilizar a administración libremente e sen limitación temporal.

20) <u>Ocupación de terreos</u>.

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

21) <u>Desenvolvemento dos traballos</u>.

21.1.- O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 117 do TRLCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

21.2.- Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

21.3.- Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinen ou recoñezan, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

21.4.- Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

21.5.- Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contados desde a recepción.

Transcorrido este prazo sen que se manifestase ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 236 do TRLCSP.

22) Dirección e inspección das obras.

A dirección e inspección das obras corresponde ao seu técnico-director (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no libro de ordes. No entanto, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as ditas funcións aos técnicos da Corporación.

23) Normativa laboral, igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

Así mesmo, o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

24) Produción e xestión de residuos.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

25) Responsabilidade. Danos.

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

26) Gastos de transporte e almacenaxe.

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convido e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

27) Custodia e conservación.

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou perdas nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc., a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o mantemento destas ata que finalice o prazo de garantía establecido na cláusula 37 do presente prego, asumindo os gastos que diso deriven.

28) Gastos de anuncios e tributos e varios.

O adxudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación que se detallan na epígrafe 19 do cadro de características do contrato.

Así mesmo, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procede, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que, no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante os devanditos organismos e pago das taxas correspondentes.

29) <u>Control de calidade externo</u>.

A administración, a través da Dirección ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra. Para estes efectos a administración reterá a porcentaxe de control de calidade correspondente en cada certificación de obra.

A mesma Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares.

Este control é independente do control interno que realice o contratista.

No caso de que como resultado dos ensaios ou controis de calidade relativos á execución da obra fosen desfavorables e que os devanditos ensaios ou controis de calidade deban de repetirse para verificar se se emendaron os defectos observados, o devandito custo será asumido polo contratista aínda que supere a porcentaxe de control de calidade.

30) <u>Dereitos do adxudicatario</u>.

30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute conforme as cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade e de acordo co disposto no artigo 216.4 do TRLCSP, segundo a redacción dada pola Disposición final sexta do R.D. Lei 4/2013, o aboamento deberá efectuarse de acordo cos seguintes prazos:

a) Prazo para a aprobación da certificación de obra e conformidade da factura: Unha vez expedida a certificación de obra, o devandito documento deberá presentarse á entidade contratante acompañado da factura correspondente, incumbíndolle tanto ao contratista como ao director de obra ou responsable do contrato o cumprimento desta obrigación formal. Unha vez cumprido este requisito, iniciarase o cómputo do trinta días naturais para que a administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento da obrigación; no entanto, se a documentación presentada adoecese dalgún defecto, será devolta ao contratista para a súa corrección, non se iniciará o prazo sinalado ata que os documentos se presenten de novo no Rexistro xeral debidamente emendados.

De conformidade co establecido na disposición adicional trixésima terceira, o contratista terá a obrigación de presentar a factura que expedira polas obras

realizadas ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a súa tramitación.

Na epígrafe 21 do cadro de características do contrato, inclúese a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente que emita o contratista

b) Prazo para o pago: Unha vez aprobados os documentos presentados e recoñecida a obrigación de pago, a administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

30.2.- Se a Administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do devandito prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos establecidos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e art. 216.4 do TRLCSP

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a súa existencia, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentase na entidade contratante, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro de entidade correspondente.

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicarlle á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos no art. 216.5 TRLCSP.

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se orixinen, se a demora da administración fose superior a seis **meses**. (Art. 216.6 TRLCSP)

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 218 do TRLCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego.

31) <u>Aboamento da obra executada</u>.

31.1. Medicións.- A dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

31.2.- Relacións valoradas.- A Dirección Facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

31.3.- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaranse pola Dirección Facultativa nos dez días seguintes do período que correspondan previa a audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poidan reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

31.4.- Pagos.

31.4.1.- Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola Dirección Facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. En cada unha das certificacións a administración reterá a porcentaxe de control de calidade correspondente.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación.

A factura deberá presentarse no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente.

A factura deberá conter ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os datos que se detallan na epígrafe 21 do anexo I do presente prego.

Terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor de ningunha forma aprobación e recepción das obras que comprenden.

Canto aos prazos e trámites estarase ao disposto no artigo 216 do TRLCSP.

31.4.2. Aboamentos a conta por materiais amoreados

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais amoreados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.

b) Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.

c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.

d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este Plan elaborarao a Dirección de Obra acompañándoo coa relación valorada.

e) Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais amoreados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para os efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial fixarao a dirección da obra e non poderá exceder o 50 por 100 do prezo da devandita unidade de obra.

Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

31.4.3. Aboamentos a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

a) O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.

b) No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

c) O cálculo da cantidade que se ha aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

d) Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. Canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

31.4.4. Garantías por aboamentos a conta por materiais amoreados e por instalacións e equipos.

Para realizar o devandito aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 232 do TRLCSP

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

31.5.- Os contratistas que, conforme co artigo anterior, teñan dereito de cobranza fronte á administración, poderán ceder este conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobranza teña plena efectividade fronte á administración, será requisito imprescindible a notificación irrefutable a esta do acordo de cesión. Para ese efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de Rexistro de Transmisións de Certificacións.

Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pago a nome do contratista fornecerán efectos liberatorios.

32) <u>Prórrogas</u>.

Se o atraso na execución das obras se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que se lle sinalou o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

33) <u>Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas</u>.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.

Cando o contratista, por causas imputables a este, incorra en demora respecto do cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto do incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

34) <u>Modificacións de obras</u>.

34.1.- En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estas se prepararon por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderalle ao órgano de contratación, previa audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito.

Non obstante o disposto no apartado 1º só poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato (art. 234 do TRLCSP).

As variacións mencionadas no parágrafo anterior, respectando en todo caso, o límite establecido nel iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e poderán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais. No entanto, cando con posterioridade a estas haxa necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no art. 234 do TRLCSP terán que ser recollidas tales variacións na proposta a elaborar sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada.

34.2.- Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que se acorden de conformidade co establecido no artigo 219 e no titulo V do libro I do TRLCSP

No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obras, o contratista non terá dereito a reclamar ningunha indemnización.

A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberá procederse a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias dispostas nos artigos 171.b) e 174.b) do TRLCSP.

Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación:

A modificación non poderá exceder do 10% do prezo do contrato

Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación:

1. As modificacións non previstas neste prego só poderán efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.

- Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

- Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.

- Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.

- Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

2. A modificación do contrato acordada conforme ao previsto nesta cláusula non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

3. Para os efectos do previsto no apartado anterior, entenderase que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato nos seguintes casos:

- cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.

- cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.

- cando para a realización da prestación modificada fose necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.

- cando as modificacións do contrato igualen ou excedan, en máis ou en menos, o 10 % do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.

- en calquera outros casos en que poida presumirse que, de ser coñecida previamente a modificación, concorresen ao procedemento de adxudicación

outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte nel presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.

34.3.- Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables a estas serán fixados pola administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de 3 días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase ou executalas directamente.

34.4.- Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo de adxudicación (IVE excluído) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro de devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en Plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.

35) <u>Cesión de contrato e subcontrato de obras</u>.

a) Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 226 do TRLCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro de devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

b) Subcontratación

Os adxudicatarios non poderán concertar con terceiros a realización parcial das obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 227 e 228 e 228 bis do TRLCSP. En todo caso as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder da porcentaxe máxima establecida na epígrafe 12 do cadro de características do contrato.

O incumprimento por parte do contratista deste límite máximo de subcontratación, establecido no epígrafe 12 do cadro de características do contrato, considerarase incumprimento das súas obrigacións contractuais esenciais e en consecuencia dará lugar á resolución do contrato con incautación de garantía e indemnización por danos e perdas á administración contratante.

Así mesmo, o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación do sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 228 do TRLCSP.

c) Comprobación dos pagos aos subcontratistas ou subministradores*:*

A administración contratante, a través da Dirección da obra ou outros técnicos designados polo órgano de contratación, poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios do contrato han de facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitirán ao ente público contratante, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán achegar a solicitude do ente público contratante, xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 228 e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación. Estas obrigacións considéranse condicións esenciais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades establecidas para a demora na execución previstas no presente prego.

36) <u>Recepción das obras e certificación final</u>.

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras. Todo iso de conformidade co artigo 235 do TRLCSP.

O contratista ten obrigación de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigación o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o efectúe, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que lle será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato. En canto ao prazo do xuro de mora estarase ao establecido na cláusula 31.2 deste prego.

Obras contratadas polos concellos: Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

37) <u>Prazo de garantía</u>.

O prazo de garantía terá unha duración dun ano a contar desde a recepción das obras excepto nos supostos a que se refire o art. 102.5 do TRLCSP no que o prazo se reduce a 6 meses.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obrigación, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos administración contratante, por conta do contratista.

38) <u>Liquidación e devolución da garantía definitiva</u>.

A) Obras contratadas pola Deputación.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 236 do TRLCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obrigacións pendentes aplicándose ao pago destas últimas o disposto no art. 216 do TRLCSP.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

No entanto, no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas, o órgano de contratación poderá ordenar a súa execución a outra empresa, correndo á conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se for suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía, esixirase o aboamento dos devanditos gastos pola vía de constrinximento.

B) Obras contratadas polos concellos.

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

39) <u>Causas de resolución</u>.

Serán as previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, cos efectos previstos no artigo 225 e 239.

Serán, así mesmo, causas de resolución específicas do presente contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 12.1.2.E e 12.1.1.Ñ do presente prego.

40) <u>Réxime xurídico</u>.

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector publico e normas complementarias) e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos

do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra eles haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 40 do TRLCSP os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO		
2. CODIFICACIÓN	A. Clasificación de produtos por actividades (CPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos (CPV)	
3. ORZAMENTO	A) Obras anuais Base impoñible …….. Importe IVE …… Total ……	..... Euros (IVE ENGADIDO)
	B) Obras plurianuais Base impoñible …….. Importe IVE …… Total ……	Exercicio orzamentario Importe (IVE ENGADIDO) 201… 201....
4. VALOR ESTIMADO	Base impoñible: …….. 10% (modificación de proxecto): …….. 10% (certificación final): …….. Total ……	
4.BIS. REGULACION HARMONIZADA	□ a) contrato non suxeito a regulación harmonizada □ b) contrato suxeito a regulación harmonizada •	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN		
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	□ Non se esixe □ Esíxese (indicar grupo, subgrupo e categoría) **Grupo subgrupo categoría** _____ _____ _____ _____	
8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	**Grupo subgrupo categoría** _____ _____ _____ _____	
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	1.- Rexistro Xeral da Administración convocante ou no seu caso Rexistro especial da Entidade (indicalo neste caso….), con domicilio en _____ 2.- Oficina de Correos Comunicación do envío por medio de oficina de correos:	

	Domicilio da entidade contratante …… Nº de FAX da entidade contratante ……. Correo electrónico da entidade contratante ……..
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	□ A) Tramitación ordinaria: _____días (Cláusula 11) □ B) Tramitación urxente: _____ días (Cláusula 11) En horario de Rexistro da administración convocante e no caso de presentalo por correos dentro do horario da oficina correspondente.
11. DOCUMENTACIÓN QUE SE HA PRESENTAR SEGUNDO IMPORTE A QUE SE REFIRE A CLAUSULA 12.1.1, 12.1.2 e 16.1.e)	□ A) Completa □ 1) Igual ou superior a 1.000.000,00 euros □ 2) Igual ou superior a _____ euros □ B) Simplificada □ 1) Inferior a 1.000.000,00 euros □ 2) Inferior a _____ euros
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACION	…….% do prezo de adxudicación
13. COMPROMISO DE CONTRATAR A TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS	□ NON SE ESIXE □ SI SE ESIXE Nº DE TRABALLADORES_____
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Dirección páxina web: www…….
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe de adxudicación IVE excluído
16. TAXAS DO CONTRATO	
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais: NON PROCEDE B) Obras plurianuais: B1. NON PROCEDE ☐ (Cláusula 4.2) B2. PROCEDE ☐ FORMULA: _____
18. CONTROL DE CALIDADE	Ver a cláusula 29
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: ……
TELÉFONO:.....
CORREO ELECTRÓNICO……..
CARTEL DE OBRA……..

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO.	ENTIDADE LOCAL……. NIF…….. CÓDIGO…….
21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR.	ALCALDE/PRESIDENTE…….. CÓDIGO…….
21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE	……. CÓDIGO…….
21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA	…….. CÓDIGO……..

21.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE……
CÓDIGO DE PROXECTO……..

22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PROXECTO E PREGO……

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D. /Dª_____
con domicilio en _____.
rúa _____
nº _____
teléfono_____
con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) Nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____.
DNI ou NIF Nº _____
e con domicilio en _____.
rúa_____
nº _____ _____
teléfono_____
Toma parte no procedemento aberto cun único criterio de valoración (factor prezo) para a adxudicación da execución das obras comprendidas no Proxecto de _____ .
e a cuxos efectos fai constar que:
1º.- Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezo sen IVE…… Euros).
B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) %…….. importe…… euros
C) TOTAL (A+ B)…….EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.
3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.
4º.- Fai constar que na presente licitación *(indíquese o que proceda):*

- ___ Non concorre con empresas vinculadas.
- ___ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación _____
NIF _____

_____ _____ de _____ de 201_
O LICITADOR (asinado e rubricado)

ANEXO III: MODELO DE SOBRE

MODELO DE SOBRE

(1) A. DOCUMENTACIÓN
C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2)
presentada por ..
Teléfono _____
Fax _____

_____ ___ de _____ de 201_

(1) Indicar sobre A ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

(2) Indicar o título do contrato, código de expediente e código de proxecto (epígrafe 21 do anexo I do presente prego)

ANEXO IV: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA A EXECUCION DA OBRA

(Cláusula 12.1.1 apartado H) e 12.1.2 apartado F)

1. <u>MEDIOS PERSOAIS:</u>

CATEGORIA PROFESIONAL	TITULACION REQUIRIDA	NUMERO PERSOAS

2. <u>MEDIOS MATERIAIS</u>

	CARACTERISTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

O XEFE DO SERVIZO

Luís Jaime Rodríguez Fernández

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

2. ELEMENTOS DO CONTRATO.

e) Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras ás que se refire a epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP), incluído o correspondente estudo de seguridade e saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co disposto no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co establecido no art. 4 do R.D. 105/2008 .

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, polo que ten carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

2) Orzamento do contrato e tipo de licitación.

Sinálase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura na epígrafe 3 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto deste.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87.2 do TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

3) Financiamento.

3.1. Obras de carácter anual:

3.1. Obras de carácter anual:

Para atender as obrigacións económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego).

3.2. Obras de carácter plurianual:

De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada proxecto de execución de obra na epígrafe 3.B e con cargo á aplicación

sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego). En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta en todo caso o contratista.

No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5.4 do presente prego.

4) <u>Revisión de prezos</u>.

4.1. Obras de carácter anual:

De conformidade co disposto no artigo 89 do TRLCSP non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

4.2. Obras de carácter plurianual:

Se o contrato tivese carácter plurianual, logo da xustificación previa no expediente, e de conformidade co previsto no Real decreto á que se refiren os art. 4 e 5 da Lei 2/2015 de desindexación da economía española e art. 89 do TRLCSP, a revisión periódica e predeterminada de prezos terá lugar cando o contrato se execute, polo menos, no vinte por cento do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización, e conforme á fórmula que se indica na epígrafe 17 do cadro de características (anexo I do presente prego).

En consecuencia, o primeiro vinte por cento executado nos dous primeiros anos transcorridos desde a formalización quedan excluídos da revisión.

5) <u>Prazo de execución</u>.

5.1.- O prazo de execución do contrato será o que se sinala na epígrafe 6 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5.2.- Prórrogas.- O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

5.3.- Prazos parciais.- Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixen na aprobación do programa de traballo.

5.4.- Reaxuste de anualidades.- A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, a devandita porcentaxe de baixa aplicarase ao realizar máis obra en cada unha das anualidades, aboándoselle ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

6) <u>Capacidade para contratar</u>.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica (ou se atopen debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte).

7) Clasificación do contratista.

Á vista do establecido no artigo 65.1 do TRLCSP non se esixe clasificación.

No presente caso será suficiente que acrediten perante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos que se indican na cláusula 16.2.d).F).

8) Unións temporais de empresas.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos, cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo, deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 67.5 do TRLCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizarse, en escritura pública, así como presentar o NIF das unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unión temporais quedarán obrigados solidariamente ante perante a administración.

II.- ADXUDICACIÓN.

9) Procedemento de adxudicación.

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado.

10) Anuncio e perfil de contratante.

Ao tratarse de contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior ao establecido no art. 177.2 do TRLCSP de acordo co establecido no art. 177.2 en relación co art. 171.d, este procedemento non require a publicación de anuncios en boletíns oficiais e no Perfil de Contratante, necesariamente.

Non obstante a administración poderá:

A) Utilizar calquera deste tres modalidades:

A.1.- publicar un anuncio na prensa.

A.2.- publicar un anuncio no Perfil de Contratante.

A.3.- publicar un anuncio no BOP

B) De forma excepcional e motivada, por razóns debidamente xustificadas no expediente, consultar, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sen publicidade.

No cadro de características do contrato (epígrafe 12) indícase por cal destas modalidades se opta.

Dado que a publicidade non é obrigatoria, non se aplican as normas dos arts. 163 a 16 6 do TRLCSP.

11) <u>Proposicións: lugar e prazo de presentación</u>.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nas epígrafes 8 e 9 do cadro de características do contrato, dentro do prazo indicado na epígrafe 9 do cadro de características (anexo I do presente prego) a contar do día seguinte ao de recepción da invitación para que se oferte ou ao da publicación na prensa, BOP ou no Perfil de Contratante, segundo sexa a modalidade elixida de acordo co indicado na epígrafe 6 do cadro de características, en tres sobres cerrados, que poderán ser lacrados e precintados, firmados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

No caso de que as proposicións se envíen por correo, de acordo co establecido na epígrafe 8 do cadro de características, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, telegrama ou correo electrónico no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de Contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións ás que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, coa fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adxudicación do contrato.

Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas na epígrafe 9 do cadro de características do presente prego (anexo I do presente prego).

12) <u>Proposicións: documentación</u>.

12.1.- <u>Sobre A: Subtitulado "Documentación</u>". (Documentación simplificada)

Os licitadores terán que presentar a seguinte documentación:

A) Declaración responsable.

De conformidade co establecido no artigo 146.4. do TRLCSP que establece : " O órgano de Contratación, se o estima conveniente, poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que a achega inicial da documentación establecida no apartado 1 se substitúa por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos. En todo caso bastará con esta declaración responsable e só terán que presentar neste sobre a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

D./Dª …….. con DNI ……e domicilio en,

actuando en nome propio ou en representación de ……con domicilio en……..

, e en relación co contrato de execución das obras de ……

Declara

Que cumpre as condicións establecidas para contratar coa administración, de conformidade co exposto no art. 146.4 do TRLCSP; comprometéndose en caso de ser o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, a acreditar perante o órgano de Contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no apartado 16.2.d) desta cláusula do prego. De igual modo comprométese a achegar en calquera momento e a requirimento da administración, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser o adxudicatario do contrato, conforme o parágrafo 2 da epígrafe 4 do artigo 146 do TRLCSP.

(Lugar, data e firma do propoñente)

B) Porcentaxe de subcontratación.

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecido na epígrafe 12 do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ao modelo que se indica no presente apartado. No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de características, a porcentaxe máxima será a establecida no artigo 227.2.e do TRLCSP.

MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

D./Dª…… con DNI …….. e domicilio en ……. provincia de…….. rúa …… nº……..

en nome propio ou en representación da empresa……. á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: …….

Declara que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados será o seguinte:

….. % *

e que se descompón nas seguintes unidades:

UNIDADE DE OBRA	*PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR AOS PREZO DA OFERTA (EXPRESADO EN %)**
TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN % SOBRE O IMPORTE TOTAL DE ADXUDICACION…….,..*	

(Lugar, data e firma do propoñente)

*__indicar só o % , non o importe__

As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas.

C) Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións

Axustarase ao seguinte modelo:

D. Dª_____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Autoriza para que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen nunha calquera das seguintes formas:

g. Fax: _____

h. Correo electrónico: _____

(Lugar, data e firma do propoñente)

D) Certificado sobre traballadores con discapacidade

Para os efectos previstos na cláusula 15.4 (criterios de desempate) presentarase unha declaración axustada ao seguinte modelo:

D/Dª. _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con CIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
(Título: ...)
Certifica:
1º) Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%)
2º) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ %

(Lugar, data e firma do propoñente)

E) Compromiso de contratar traballadores desempregados

De conformidade co establecido no art. 118 do TRLCSP establécese como condición especial de execución de contrato, a condición de que se indique así no cadro de características do contrato e ao obxecto de combater o paro e promover o emprego, que o adxudicatario do contrato adscriba persoal inscrito nos servizos públicos de emprego ou equivalente no número que se indica na epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)
Para os devanditos efectos deberá presentar o seguinte modelo:
D./Dª _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
(Título: ...)
Comprométese a contratar para adscribir durante todo o prazo de execución do presente contrato a _____traballadores de conformidade coa epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)

(Lugar, data e firma do propoñente)

F) Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso.

Para estes efectos deberán presentar o seguinte documento:

D/Dª. …….. con DNI …… e domicilio en …… provincia de …….. rúa …… nº ……..

en nome propio ou en representación da empresa ……..

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: ……...

Declara que se compromete a adscribir á obra os medios persoais e materiais esixidos no anexo IV e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.1. do presente prego que rexe a contratación a documentación xustificativa diso a que se refire a cláusula 16.1.d no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa.

(Lugar, data e firma do propoñente)

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos dispostos no art. 223.f TRLCSP. Non obstante, o órgano de Contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

G) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.2. Sobre B: Subtitulado "Referencias técnicas".

Neste sobre incluirase a seguinte documentación con orde na aplicación dos criterios de adxudicación especificados no anexo V do presente prego e que se presentarán en papel ou en CD (formato dixital PDF con firma electrónica).

Conterá unicamente as referencias técnicas de acordo cos criterios de adxudicación aplicables no presente contrato (anexo V):

A) Programa de traballo:

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características. Deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflicta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, no seu caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.

c) Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: Describirase a forma en que se documentará fotograficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A dita documentación entregarase á administración na data da acta de recepción.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

B) Actuación ambiental:

d) Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial:

- Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais.
- Rexeneración de espazos.

- Indicación de vertedoiros autorizados onde se van trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derribas.

- Compromiso de achegar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no art. 4.c do R.D. 105/2008.

- Medidas de aforro enerxético.

C) Plan de control de calidade:

Plan de control interno de calidade

A oferta conterá, de forma xustificada, a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vaia desenvolver durante a execución das obras, relativa, entre outros aspectos a:

- control de calidade nos materiais que se vaian empregar
- control de calidade nos métodos de execución das distintas unidades de obra
- control de calidade nas probas finais de instalacións
- calquera outro elemento, método ou proceso de control que o contratista considere oportuno incluír dentro do control de calidade.

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Para os efectos previstos no apartado anterior o contratista indicará para cada un dos aspectos do control de calidade: medios propios ou externos: o licitador indicará se levará a cabo o control de calidade con persoal propio ou con empresas externas especializadas en control de calidade.
O contratista deberá especificar o sistema de controis e ensaios que a empresa se compromete a realizar na obra, en consonancia co programa de control ofertado.
Este programa terá carácter contractual para o adxudicatario e o seu incumprimento considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos dispostos no art. 223.f TRLCSP. Non obstante, o órgano de Coontratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

D) Esquema do plan de seguridade e saúde:

As ofertas deberán presentar un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.

No citado esquema detallaranse:

- Medidas de prevención que se han adoptar

- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan

- Oferta de melloras de índole técnica

- A adecuación da organización establecida para a prevención de riscos laborais e seguridade

- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.

- A acreditación dalgún tipo de auditoría periódica respecto dos resultados en materia de seguridade e saúde

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

E) Porcentaxe de control de calidade: formulada estritamente conforme ao seguinte modelo:

D./Dª _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con CIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Comprométese a financiar, ademais do 1% mínimo obrigatorio, o ……..% (expresado con seis decimais) sobre o orzamento de execución material da obra, para que a administración realice o control externo de calidade, conforme o previsto na cláusula 29 do prego, que será retido pola administración nas correspondentes certificacións de obra.

Comprométese a destinar ata un …… % para o control interno de calidade que ha realizar a propia empresa.

(Lugar, data e firma do propoñente)

A administración, a través da Dirección e de acordo co establecido na cláusula 29 do prego, ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra.

No caso de que o contratista ofertara unha porcentaxe maior, a efectos de valoración, non se computa o 1% mínimo obrigatorio a que se refire o apartado anterior; é dicir, se unha empresa oferta o 3% de incremento de control de calidade externo, obterá 9 puntos (de acordo coa valoración do ANEXO IV) pero, a efectos de financiamento polo contratista, a porcentaxe destinada a control externo a contratar pola administración será do 4% (3% ofertado polo adxudicatario máis 1% mínimo obrigatorio).

A Dirección de Obra poderá solicitar en calquera momento todos os informes e cálculos, derivados deste programa de control interno de calidade.

F) Proposta de redución de prazos de execución:

- Proposta de redución de prazos de execución (expresado en días naturais):

No suposto en que no proxecto figure o prazo de execución por meses enténdese que estes son de 30 días naturais.

12.3. <u>Sobre C: Subtitulado "Oferta económica"</u>.

Conterá a proposición económica formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego.

13) <u>Documentos: orixinais e copias</u>.

Os documentos que se acompañen ás proposicións terán que ser orixinais. No entanto, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario/a ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

14) Garantía provisional.

En consonancia co disposto no art. 103 do TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) Criterios de adxudicación. Negociación

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións corrixibles, rexeitamento de proposicións e demais actuacións do órgano de contratación), estarase ao disposto no art. 160 do TRLCSP e regulamento de desenvolvemento da lei. Para estes efectos a administración comunicará por calquera dos medios indicados polo contratista conforme a cláusula 12.1.2.C) do presente prego, onde se sinalará o prazo para emendar.

15.1. Órgano encargado da negociación: O órgano encargado da negociación será designado polo órgano de contratación, terá carácter colexiado e cuxa composición se indica na epígrafe 17.2.

15.2. Criterios de adxudicación: Os criterios para a adxudicación do contrato son os que figuran no anexo V.I.

Criterios de negociación: Os criterios para a negociación do contrato son os que figuran no anexo V.II.

15.3. Negociación. O órgano encargado da negociación negociará cos contratistas as proposicións que estes presenten para adaptalas aos aspectos obxecto de negociación co fin de identificar a oferta máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no anexo V.

15.4. Procedemento

A negociación articularase en tres fases:

- Nunha primeira fase o órgano encargado da negociación avaliará as proposicións recibidas aplicando os criterios de adxudicación recollidos no anexo V.I, previa comprobación de que cumpren os requisitos esixidos no sobre A.
- Nunha segunda fase o órgano de contratación comunicará a cada licitador a través da **dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións indicada no sobre B) "Documentación"**, en que posición está, especificando as puntuacións totais e parciais obtidas por todas as proposicións admitidas, sen que en ningún caso poida divulgarse a identidade das persoas licitadoras.
  A continuación convidará a todos os licitadores admitidos a presentar, nun prazo non superior a 48 horas, unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación que poidan ser mellorados polos licitadores e que se indican no anexo V.II (criterios de negociación).

Os licitadores deberán presentar unha oferta que mellore a inicial ou ratificarse expresamente na oferta presentada

As novas proposicións deberán sempre concretar a oferta que se realiza, polo que non se admitirá o ofrecemento xeral de igualar os termos da oferta máis vantaxosa doutro licitador nos criterios establecidos.

No procedemento facilitarase a mesma información a todos os licitadores. En ningún caso se proporcionará información particular que poida supor unha vantaxe para algún licitador en detrimento das outras. Co fin de garantir o principio de igualdade, o órgano de contratación habilitará o sistema que crea máis adecuado para dar publicidade de todas as consultas que se formulen ao longo do procedemento, e das correspondentes respostas, a todos as persoas interesadas outorgando un código alfanumérico a cada un dos licitadores.

En calquera momento do procedemento, o órgano de contratación poderá requirir aos licitadores que aclaren determinados aspectos da súa oferta, sen que poidan modificar nas súas aclaracións os elementos substanciais desta, e sempre que non se falsee a competencia.

- Nunha terceira fase o órgano encargado da negociación realizará a valoración definitiva e formulará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación, excepto no caso de que se constituíu Mesa de Contratación con carácter voluntario, nese caso corresponderalle a este órgano realizar a proposta de contratación.

Todas as actuacións que leven a cabo durante a negociación remitiranse ao órgano encargado da tramitación do expediente de contratación.

15.5. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

15.5.1 Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais , notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.5.3 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase para informe dos Servizos Técnicos co fin de que emitan o dito informe.

15.5.2 Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que estean nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é con valores anormais ou desproporcionados se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormais ou desproporcionados se é inferior a outra en máis dun 13,33%

- Número de ofertas: 3. Serán ofertas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluirase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 16,67

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse con valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

15.5.3 Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta:

- Xustificación dos prezos ofertados
- Volume de obra
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta.

A documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta presentaranse en papel ou en CD (formato dixital PDF con firma electrónica).

Os licitadores con ofertas inicialmente, con valores anormais ou desproporcionados, dentro do prazo concedido para o efecto, deberán presentar a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

G. Materiais

A.1 Compra

4) Carta de compromiso dos provedores

5) Prezos detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares

e) Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

H. Maquinaria

B.1 Aluguer e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

I. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de obra:

Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados, a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:
Xustificarase mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.

15.6. Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non garda concordancia coa documentación examinada e admitida, excede do presuposto base de licitación, varía substancialmente o modelo establecido, ou comporta erro manifesto no importe da proposición, ou exista recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

15.7. Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).

Se varias empresas licitadoras, das que empataran canto á proposición máis vantaxosa, acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Para estes efectos deberán presentar a documentación esixida nas cláusulas 12.1.1.N e 12.1.2.D

15.8. Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración, de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc. faculta á Corporación a que proceda para incautar a garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á administración contratante e demais consecuencias establecidas no TRLCSP.

Tamén se considerará renuncia a non xustificación en prazo da dispoñibilidade dos medios persoais e materiais a que se refire a cláusula 12.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o devandito importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdas.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a administración non acorda a adxudicación no prazo de 3 meses, contados desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art .161 do TRLCSP, non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites aos que se refire o art. 152.3

15.9. Designación de director de obra:

No acordo ou resolución de adxudicación o Órgano competente da Corporación concretará a designación do técnico-director da obra e, naqueles casos en que a Dirección da obra se realice mediante contrato de servizos, previa a tramitación do correspondente expediente de contratación.

16) <u>Adxudicación</u>

16.1. Clasificación das proposicións.

Concluída a fase de negociación, a Mesa de Contratación, nos casos en que se constituíuse ou o órgano encargado da negociación, proporá ao órgano de contratación a adxudicación ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa.

Cando o único criterio que se considere sexa o prezo, entenderase que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

16.2. Unha vez formulada a proposta de adxudicación, o órgano de Contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

a) A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

b) Garantía definitiva: O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 TRLCSP.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que estean en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar, en consecuencia, descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse:

<u>Medios persoais</u>:

A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, o que se acreditará mediante os correspondentes contratos ou TCs

Medios materiais:

B) Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento, con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

C) De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

D) Así mesmo, poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

E) No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade dos devanditos medios materiais para a obra obxecto do presente contrato

d) Nos supostos previstos nas cláusulas 12.1.D, xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados.

e) E deberá presentar, así mesmo, a seguinte documentación de conformidade co disposto no artigo 146.4 do TRLCSP:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55 do TRLCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo/a secretario/a da Corporación ou funcionario/a habilitado/a.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incursa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

D/Dª…….. con DNI…….. e domicilio en ……. provincia de ……... rúa …….. nº……

en nome propio ou en representación da empresa……. á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: ……

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c do TRLCSP

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e firma do propoñente)

F) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica:

E) Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 7.bis.

F) Ou no caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia:

a. Económica e financeira mediante a xustificación do volume anual de negocios. O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no rexistro mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no rexistro mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro mercantil.

b. E a solvencia técnica mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos últimos dez últimos anos, acompañada de certificados de boa execución.

APRECIACIÓN DA SOLVENCIA:

- Solvencia económica e financeira: Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano e, polo menos, unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano**.**
- Solvencia técnica: Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.
- O valor estimado para efectos de cálculo de solvencia é o que se indica na epígrafe 4 do cadro de características

Todos os licitadores, excepto no suposto que se dispoña da clasificación correspondente que substitúa á solvencia, deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira e a súa solvencia técnica e en consecuencia non se establece excepción de presentación da mesma por razón da contía (art. 11.5 do Regulamento da lei de contratos).

G) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 8 do presente prego.

H) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados: A), B), C), D), E) e F) sempre que os citados documentos estean vixentes.

I) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarase ao seguinte modelo*:*

D/Dª…… con residencia …….. provincia de …… rúa …… nº…… segundo DNI nº……. en nome propio ou da empresa ……. á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título:……...

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e firma do propoñente)

J) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

16.3 De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.a, 61 e 61 bis do TRLCSP

16.4 O órgano de Contratación deberá adxudicar o contrato dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

16.5 A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

17) Formalización do contrato.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e na data que sinale a administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise.

Se a causa da non formalización é imputable á administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

18) Acta de comprobación do replanteo e xustificación de contratar traballadores desempregados.

18.1.- Xustificación de contratar traballadores desempregados:

Antes da data prevista para a comprobación do replanteo, o adxudicatario deberá entregar no Rexistro do órgano de contratación os contratos, alta na Seguridade Social e demais documentación xustificativa de contratar a traballadores desempregados, no caso de que se esixa a dita contratación conforme ao disposto na epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego).

O incumprimento desta obrigación dará lugar á imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 ou á resolución do contrato por incumprimento de obrigación esencial.

18.2.- Comprobación do replanteo

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir a este acto e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 229 do TRLCSP.

Se o contratista non acode, sen causa xustificada, ao acto de comprobación de replanteo, a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos establecidos no artigo 237 do TRLCSP.

18.3.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores.

18.4.- Comezo das obras e comunicación apertura centro de traballo

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da firma do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o Programa de traballo, o Plan de seguridade e saúde, o Plan de residuos específico (para os efectos do disposto no art. 5 e concordantes do R. D. 105/2008) e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra que se ha realizar, e neste caso, para os efectos da cláusula 35 do presente prego.

A aprobación do Plan de seguridade e saúde, corresponderalle ao presidente da Corporación previo informe do coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo corresponderalle ao presidente da Corporación a aprobación do Plan de residuos nos casos que proceda.

Atendendo á natureza da obra, o presidente da Corporación, a proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da firma da acta de comprobación de replanteo.

O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

18.5.- Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, darase por aquel a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente na acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da firma da acta.

19) <u>Carteis e sinais.</u>

19.1.- Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinale a administración provincial cuxo modelo pode consultarse na páxina web que se indica no anexo I.20 “cadro de características”. O devandito cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante o devandito prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorrido o devandito prazo o contratista deberá retirar o cartel pola súa conta.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

19.2.- Fotografías.

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

a) Do cartel da obra.

b) Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os dous casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración en formato dixital con firma electrónica a reportaxe fotográfica ou o vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderaa utilizar a administración libremente e sen limitación temporal.

20) Ocupación de terreos.

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

21) Desenvolvemento dos traballos.

21.1.- O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 117 do TRLCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

21.2.- Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

21.3.- Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinen ou recoñezan, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

21.4.- Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

21.5.- Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contados desde a recepción.

Transcorrido este prazo sen que se manifestase ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 236 do TRLCSP.

22) Dirección e inspección das obras.

A dirección e inspección das obras corresponde ao seu técnico-director (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no libro de ordes. No entanto, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as ditas funcións aos técnicos da Corporación.

23) Normativa laboral, igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

Así mesmo, o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

24) Produción e xestión de residuos.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

25) Responsabilidade. Danos.

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

26) Gastos de transporte e almacenaxe.

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convido e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

27) Custodia e conservación.

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou perdas nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc., a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o mantemento destas ata que finalice o prazo de garantía establecido na cláusula 37 do presente prego, asumindo os gastos que diso deriven.

28) <u>Gastos de anuncios e tributos e varios</u>.

O adxudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación que se detallan na epígrafe 16 do cadro de características do contrato.

Así mesmo, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procede, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que, no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante os devanditos organismos e pago das taxas correspondentes.

29) <u>Control de calidade externo</u>.

A administración, a través da Dirección ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra. Para estes efectos a administración reterá a porcentaxe de control de calidade correspondente en cada certificación de obra.

A mesma Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares.

Este control é independente do control interno que realice o contratista.

No caso de que como resultado dos ensaios, ou controis de calidade, relativos á execución da obra fosen desfavorables e que os devanditos ensaios, ou controis de calidade, deban de repetirse para verificar se se emendaron os defectos observados, o devandito custo será asumido polo contratista aínda que supere a porcentaxe de control de calidade ou a porcentaxe maior ofertado no seu caso.

30) <u>Dereitos do adxudicatario</u>.

30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute conforme as cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada

anualidade e de acordo co disposto no artigo 216.4 do TRLCSP, segundo a redacción dada pola Disposición final sexta do R.D. Lei 4/2013, o aboamento deberá efectuarse de acordo cos seguintes prazos:

a) Prazo para a aprobación da certificación de obra e conformidade da factura: Unha vez expedida a certificación de obra, o devandito documento deberá presentarse á entidade contratante acompañado da factura correspondente, incumbíndolle tanto ao contratista como ao director de obra ou responsable do contrato o cumprimento desta obrigación formal. Unha vez cumprido este requisito, iniciarase o cómputo do trinta días naturais para que a administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento da obrigación; no entanto, se a documentación presentada adoecese dalgún defecto, será devolta ao contratista para a súa corrección, non se iniciará o prazo sinalado ata que os documentos se presenten de novo no Rexistro xeral debidamente emendados.

De conformidade co establecido na disposición adicional trixésima terceira, o contratista terá a obrigación de presentar a factura que expedira polas obras realizadas ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a súa tramitación.

Na epígrafe 18 do cadro de características do contrato, inclúese a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente que emita o contratista

b) Prazo para o pago: Unha vez aprobados os documentos presentados e recoñecida a obrigación de pago, a administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

30.2.- Se a administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do devandito prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos establecidos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e art. 216.4 do TRLCSP

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a súa existencia, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentase na entidade contratante, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro de entidade correspondente .

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicarlle á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos no art. 216.5 TRLCSP.

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da administración fose superior a seis **meses**. (216.6)

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 218 do TRLCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego.

31) Aboamento da obra executada.

31.1. Medicións.- A dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

31.2.- Relacións valoradas.- A Dirección Facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

31.3.- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaranse pola Dirección Facultativa nos dez días seguintes do período que correspondan previa a audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poidan reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

31.4.- Pagos.

31.4.1.- Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola Dirección Facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. En cada unha das certificacións reterase ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra e, no seu caso, a porcentaxe que, excedendo deste 1% (expresado con dous decimais), ofreza o adxudicatario.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación.

A factura deberá presentarse no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a

súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente.

A factura deberá conter ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os datos que se detallan na epígrafe 21 do anexo I do presente prego.

Terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor de ningunha forma aprobación e recepción das obras que comprenden.

Canto aos prazos e trámites estarase ao disposto no artigo 216 do TRLCSP.

31.4.2. Aboamentos a conta por materiais amoreados

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais amoreados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.

b) Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.

c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.

d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este Plan elaborarao a Dirección de Obra acompañándoo coa relación valorada.

e) Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais amoreados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. A efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial fixarao a dirección da obra e non poderá exceder o 50 por 100 do prezo da devandita unidade de obra.

Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

31.4.3. Aboamentos a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

a) O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.

b) No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

c) O cálculo da cantidade que se ha aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

d) Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. Canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

31.4.4. Garantías por aboamentos a conta por materiais amoreados e por instalacións e equipos.

Para realizar o devandito aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 232 do TRLCSP

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

31.5.- Os contratistas que, conforme o artigo anterior, teñan dereito de cobranza fronte á administración, poderán ceder este conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobranza teña plena efectividade fronte á administración, será requisito imprescindible a notificación irrefutable a esta do acordo de cesión. Para ese efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de Rexistro de Transmisións de Certificacións.

Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pago a nome do contratista fornecerán efectos liberatorios.

32) Prórrogas.

Se o atraso na execución das obras se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que se lle sinalou o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

33) Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.

Cando o contratista, por causas imputables a este, incorra en demora respecto do cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto do incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

34) <u>Modificacións de obras</u>.

34.1.- En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estas se prepararon por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderalle ao órgano de contratación, previa audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito.

Non obstante o disposto no apartado 1º só poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato (art. 234 do TRLCSP).

As variacións mencionadas no parágrafo anterior, respectando en todo caso, o límite establecido nel iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e poderán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais. No entanto, cando con posterioridade a estas haxa necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no art. 234 do TRLCSP terán que ser recollidas tales variacións na proposta a elaborar sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada.

34.2.- Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que se acorden de conformidade co establecido no artigo 219 e no titulo V do libro I do TRLCSP

No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obras, o contratista non terá dereito a reclamar ningunha indemnización.

A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberá procederse a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias dispostas nos artigos 171.b) e 174.b) do TRLCSP.

Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación:

A modificación non poderá exceder do 10% do prezo do contrato

Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación:

1. As modificacións non previstas neste prego só poderán efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.

- Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

- Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.

- Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.

- Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

2. A modificación do contrato acordada conforme ao previsto nesta cláusula non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

3. Para os efectos do previsto no apartado anterior, entenderase que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato nos seguintes casos:

- cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.

- cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.

- cando para a realización da prestación modificada fose necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.

- cando as modificacións do contrato igualen ou excedan, en máis ou en menos, o 10 % do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.

- en calquera outros casos en que poida presumirse que, de ser coñecida previamente a modificación, concorresen ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte no mesmo presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.

34.3.- Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables a estas serán fixados pola administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de 3 días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase ou executalas directamente.

34.4.- Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo de adxudicación (IVE excluído) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro de devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en Plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.

35) <u>Cesión de contrato e subcontrato de obras</u>.

a) Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 226 do TRLCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro de devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

b) Subcontratación

Os adxudicatarios non poderán concertar con terceiros a realización parcial das obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 227 e 228 e 228 bis do TRLCSP En todo caso as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder da porcentaxe máxima establecida na epígrafe 10 do cadro de características do contrato.

O incumprimento por parte do contratista deste límite máximo de subcontratación, establecido na epígrafe 10 do cadro de características do contrato, considerarase incumprimento das súas obrigacións contractuais esenciais e en consecuencia dará lugar á resolución do contrato con incautación de garantía e indemnización por danos e perdas á administración contratante

Así mesmo, o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación do sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 228 do TRLCSP.

c) Comprobación dos pagos aos subcontratistas ou subministradores*:*

A administración contratante, a través da Dirección da obra ou outros técnicos designados polo órgano de contratación, poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios do contrato han de facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitirán ao ente público contratante, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán achegar a solicitude do ente público contratante, xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 228 e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación. Estas obrigacións considéranse condicións esenciais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades establecidas para a demora na execución previstas no presente prego.

36) <u>Recepción das obras e certificación final</u>.

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras. Todo iso de conformidade co artigo 235 do TRLCSP.

O contratista ten obrigación de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigación o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non estean en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o efectúe, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que lle será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato En canto ao prazo do xuro de mora estarase ao establecido na cláusula 31.2 deste prego.

Obras contratadas polos Concellos: Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

37) <u>Prazo de garantía</u>.

O prazo de garantía terá unha duración dun ano a contar desde a recepción das obras excepto nos supostos a que se refire o art. 102.5 do TRLCSP no que o prazo se reduce a 6 meses.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obrigación, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos administración contratante, por conta do contratista.

38) <u>Liquidación e devolución da garantía definitiva</u>.

A) Obras contratadas pola Deputación.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 236 do TRLCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obrigacións pendentes aplicándose ao pago destas últimas o disposto no art. 216 do TRLCSP.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

No entanto, no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas, o órgano de contratación poderá ordenar a súa execución a outra empresa, correndo á conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se for suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía, esixirase o aboamento dos devanditos gastos pola vía de constrinximento.

B) Obras contratadas polos concellos.

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

39) Causas de resolución.

Serán as previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, cos efectos establecidos no artigo 225 e 239.

Serán así mesmo causas de resolución específicas do presente contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 12.1.E do presente prego.

40) Réxime xurídico.

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector publico e normas complementarias) e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra eles haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 40 do TRLCSP os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO		
2. CODIFICACIÓN	A. Clasificación de produtos por actividades (CPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos (CPV)	
3. ORZAMENTO	A) Obras anuais Base impoñible …….. Importe IVE …… Total ……	..... Euros (IVE ENGADIDO)
	B) Obras Plurianuais Base impoñible …….. Importe IVE …… Total ……	Exercicio Orzamentario Importe (IVE ENGADIDO) 201… 201....
4. VALOR ESTIMADO	Base impoñible: …….. 10% (modificación de proxecto): …….. 10% (certificación final): …….. Total ……	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN		
7. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	**Grupo subgrupo categoría** _____ _____ _____ _____	
8. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	☐ 1.- Rexistro Xeral da administración convocante ou no seu caso Rexistro especial da entidade (indicalo neste caso….), con domicilio en _____ ☐ 2.- Oficina de Correos Comunicación do envío por medio de oficina de correos: Domicilio da entidade contratante ….…… Nº de FAX da entidade contratante ……. Correo electrónico da entidade contratante ……..	
9. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	_____ días contados desde o día seguinte á recepción da petición de oferta (ou perfil de contratante ou BOP ou prensa) (Cláusula 11) En horario de Rexistro da administración convocante e no caso de	

	presentalo por correo dentro do horario da oficina correspondente.
10. PORCENTAXE SUBCONTRATACION	…….% do prezo de adxudicación
11. COMPROMISO DE CONTRATAR A TRABALLADORES DESEMPREGADOS	☐ NON SE ESIXE ☐ SI SE ESIXE Nº DE TRABALLADORES_____
12. MODALIDADE DE CONSULTA	☐ A1.- Publicar un anuncio en prensa. ☐ A2.- Publicar un anuncio no Perfil de contratante (Dirección páxina web: www……) ☐ A3.- Publicar un anuncio no BOP. ☐ B. De forma excepcional e motivada, por razóns debidamente xustificadas no expediente, consultar, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.
13. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe de adxudicación IVE excluído
16. TAXAS DO CONTRATO	
14. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais: NON PROCEDE B) Obras plurianuais: B1. NON PROCEDE ☐ (Cláusula 4.2) B2. PROCEDE ☐ FORMULA_____
15. CONTROL DE CALIDADE	Ver a cláusula 29
16. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	

17. OUTROS DATOS:

17.1. INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: ……
TELÉFONO:.....
CORREO ELECTRÓNICO……..
CARTEL DE OBRA……..

17.2. ÓGANO ENCARGADO DA NEGOCIACIÓN: ……
……

18. DATOS DA FACTURA

18.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL……..
CIF……..
CÓDIGO…….

18.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR.	ALCALDE/PRESIDENTE…….. CÓDIGO…….
18.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE	……. CÓDIGO…….
18.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA	…….. CÓDIGO……..

18.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE……...
CÓDIGO DE PROXECTO……..

19. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PROXECTO E PREGO……

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./Dª _____
con domicilio en _____.
rúa _____
nº _____
teléfono_____
con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) Nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____.
DNI ou CIF Nº _____
e con domicilio en _____.
rúa_____
nº _____ _____
teléfono_____
Toma parte no procedemento negociado para a adxudicación da execución das obras comprendidas no proxecto de _____ .
e para cuxos efectos fai constar que:
1º.- Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezo sen IVE…… Euros).
B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) %…….. importe…… euros
C) TOTAL (A+ B)…….EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.
3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.
4º.- Fai constar que na presente licitación *(indíquese o que proceda):*

- ___ Non concorre con empresas vinculadas.
- ___ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación _____
CIF _____

_____ _____ de _____ de 201_
O LICITADOR (Asinado e Rubricado)

ANEXO III: MODELO DE SOBRE

MODELO DE SOBRE

A. DOCUMENTACIÓN
(1) B. REFERENCIAS TÉCNICAS
C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2)
presentada por ..
Teléfono _____
Fax _____

_____ ____ de _____ de 201_

(1) Indicar sobre A, B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

(2) Indicar o título do contrato, código de expediente e código de proxecto (epígrafe 18 do anexo I do presente prego)

ANEXO IV: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA A EXECUCION DA OBRA

(Cláusula 12.1. apartado F)

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORIA PROFESIONAL	TITULACION REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERISTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

ANEXO V:

V.I. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

☐ **A) Programa de traballo (cláusula 15):**

Valorarase ata ……. puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto	Ata…. Puntos

☐ **B) Actuación ambiental (cláusula 15):**

Valorarase de ata…….. puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten unha actuación ambiental específica e adaptada á obra	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental xenérica e parcialmente adaptada	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental insuficiente	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental non adaptada e incompleta	Ata…. Puntos

☐ **C) Plan de control de calidade (cláusula 15)**

Valorarase ata……. puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e totalmente adaptado á obra	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade non	Hasta…. Puntos

adaptado e incompleto	

□ **D) <u>Esquema do Plan de seguridade e saúde</u> (cláusula 15)**

Valórase ata …….. puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde específico e adaptado á obra	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde xenérico e parcialmente adaptado	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde insuficiente	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde non adaptado e incompleto	Ata…. Puntos

☐ **E) Porcentaxe de control de calidade (cláusula 15)**

Valórase ata …….. puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Outorgarase a máxima puntuación (1 punto) á//s proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Ata ____ puntos
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calcularase aplicando a seguinte fórmula: _____ puntos X _____% de incremento sobre execución material (expresado en dous decimais)	Ata ____ puntos

☐ **F) Redución de prazos de execución (cláusula 15)**

Valórase ata …….. puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela *(http://www.dicoruna.es/valoracion/).*

☒ **G) Oferta económica** (cláusula 15)

Valórase ata …….. puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela *(*http://www.dicoruna.es/valoracion/*).*

V.II. CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN (SÓ SE PODERÁ NEGOCIAR SOBRE ASPECTOS QUE SEXAN ESTABLECIDOS COMO CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (ANEXO V.I)):

☐ **A) Porcentaxe de control de calidade (cláusula 15)**

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)

☐ **B) Redución de prazos de execución (cláusula 15)**

☒ **C) Oferta económica** (cláusula 15)

O XEFE DO SERVIZO

Luís Jaime Rodríguez Fernández

24. APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO ECOMUSEO DO FORNO DO BUÑO (MALPICA DE BERGANTIÑOS)

1. Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para a xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño 2016 coa achega provincial de 60.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3333/22699, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

2. Facultar o presidente para a execución do presente acordo.

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para a xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño (Malpica de Bergantiños)

Na Coruña, na sede da Deputación Provincial, de de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr D. Valentín González Formoso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra, o Sr. D. Eduardo José Parga Veiga, alcalde-presidente do Concello de Malpica de Bergantiños.

E X P O Ñ E N

1º.- A Deputación Provincial da Coruña adquiriu e rehabilitou o conxunto etnográfico do Forno do Forte e o seu quinteiro, grupo de casas anexas do século XIX, coa finalidade da súa revitalización dentro da teoría, activa e integral, do ecomuseo: reconstruír a vida cotiá, de tempos non afastados, das xentes labregas e oleiras que fixeron de Buño un centro emblemático da produción artesá de Galicia, da provincia e de Bergantiños.

2.- O Concello de Malpica de Bergantiños, dende o ano 2006, leva colaborando coa Deputación Provincial da Coruña na xestión do Ecomuseo do Forno do Forte, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, cos inmateriais, especialmente, a tradición oleira local e as novas formas de produción. O obxectivo último foi facer do espectador un actor activo, sensibilizando ao mesmo tempo sobre as posibilidades da cultura popular como recurso e reclamo turístico.

3.- O Concello de Malpica de Bergantiños durante estes anos, cumpriu coas obrigas que se estipularon nos respectivos convenios de colaboración subscritos nos anos 2006, 2010, 2013 e 2014-2015, que se referencian a continuación:

1. Manter en perfectas condicións de conservación e limpeza, tanto o inmoble como os bens incluídos nel.

2. Facilitar a visita do conxunto etnográfico e dos elementos museísticos e doutras exposicións que albergue o mesmo polo público, colaborando en todo o que se sexa posible para que poidan realizala nas mellores condicións, prestando así mesmo os servizos de guía, monitorado ou semellantes.

3. Dinamización do centro dentro das actividades do propio museo, nomeadamente a olería de Buño.

4. Recompilación do patrimonio etnográfico da zona, nomeadamente agrícola, oleiro e histórico.

5. Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións oleiras e culturais da zona.

6. A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura popular da zona.

7. Promover actividades culturais dentro da teoría do ecomuseo: actividades oleiras, conferencias, coceduras tradicionais, gastronomía da zona, actividades agrarias etc., en relación con colectivos culturais e educativos da zona.

8. Establecemento de sistemas de relacións con outros centros e ecomuseos de actividades oleiras.

9. A xestión da taberna como servizos aos visitantes debe incidir nunha oferta baseada nos produtos tradicionais da zona, mantendo o encanto e ambiente do seu contexto, atendido por profesionais cualificados.

10. O Concello de Malpica de Bergantiños asume a obriga de facer constar a colaboración da Excma. Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

4º.- Ambas as institucións coinciden na conveniencia de abrir as canles de colaboración para que no futuro poida a Deputación cederlle o uso do conxunto etnográfico Forno do Forte ao Concello de Malpica de Bergantiños.

5º.- Que, coa finalidade de estableceren as condicións de colaboración necesarias para a posta en valor deste conxunto etnográfico, a Deputación Provincial da Coruña

e o Concello de Malpica de Bergantiños acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños polas que a Deputación Provincial da Coruña lle encomende ao Concello de Malpica a xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño.

Segunda: Obrigas do Concello de Malpica de Bergantiños

A xestión integral do Ecomuseo Forno do Forte de Buño implicará as seguintes obrigas polo Concello de Malpica de Bergantiños:

1. Atención a visitantes

* Facilitar a visita do conxunto etnográfico e dos elementos museísticos e doutras exposicións que albergue o mesmo polo público, colaborando en todo o que sexa posible para poder realizala nas mellores condicións, prestando así mesmo os servizos de guía, monitorado ou semellantes.

* Facilitarlle aos visitantes folletos e/ou documentación informativa sobre o Ecomuseo Forno do Forte de Buño e sobre o municipio de Malpica de Bergantiños.

* Facilitar información turística e cultural sobre a Costa da Morte, posibilitando aos visitantes a consulta dos devanditos datos por medios informáticos.

* Controlar o adecuado tránsito polo inmoble.

* Elaborar unha estatística de visitas.

O persoal adscrito deberá atender coa maior consideración e amabilidade aos visitantes.

2. Conservación e mantemento: o Concello de Malpica de Bergantiños deberá manter en perfectas condicións de conservación e limpeza tanto o inmoble como os bens incluídos nel, non podendo realizar obras no inmoble.

En tanto que estea vixente a xestión integral do Ecomuseo Forno do Forte de Buño , os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica correrán a cargo do Concello de Malpica de Bergantiños.

3. Dinamización do centro dentro das actividades do propio museo, nomeadamente da olería de Buño.

4. Compilación do patrimonio etnográfico da zona, nomeadamente agrícola, oleira e histórica.

5. Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións oleiras e culturais da zona.

6. A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura popular da zona.

7. Promover actividades culturais dentro da teoría do ecomuseo: actividades oleiras, conferencias, coceduras tradicionais, gastronomía da zona, actividades agrarias etc., en relación con colectivos culturais e educativos da zona.

8. Establecemento de sistemas de relacións con outros centros e ecomuseos de actividades oleiras.

9. A xestión da taberna como servizos aos visitantes debe incidir nunha oferta baseada nos produtos tradicionais da zona, mantendo o encanto e ambiente do seu contexto, atendido por profesionais cualificados/as.

10. O Concello de Malpica de Bergantiños asume a obriga de facer constar a colaboración da Excma. Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

Terceira: Atención do persoal e horario

Os servizos de atención a visitantes e demais actividades deberaos prestar profesional cualificado, ben con persoal propio do Concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao amparo do establecido no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto de contratos do sector público. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa suporá creación de relación laboral ningunha coa Excma. Deputación Provincial da Coruña.

O horario de atención ao publico será, como mínimo:

Días: todos os días da semana, incluídos domingos e festivos. Agás os luns, nos que permanecerá pechado.

Horario: de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.

Cuarta: Obrigas da Deputación Provincial da Coruña

1. A Deputación Provincial da Coruña aboará o 100 % dos gastos non cubertos por ingresos, ata un máximo de 60.000 euros, durante a anualidade de 2016, do 1 de xaneiro de 2016 ao 31 de decembro de 2016, con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3333/22699.

2. No caso de que os gastos xustificados non cubertos con ingresos da actividade fosen superiores, a achega provincial non superará a cantidade indicada na presente cláusula.

Quinta: Forma de pagamento

A Deputación Provincial aboaralle ao Concello de Malpica de Bergantiños a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira:

Efectuaranse 4 pagamentos trimestrais polo importe correspondente ao 100 % dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos. En consecuencia, non se efectuará ningún pagamento por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo secretario co visto e prace do alcalde-presidente do Concello de Malpica de Bergantiños.

Acompañarase ademais dunha memoria onde se detallarán as actividades realizadas, o persoal adscrito aos servizos e o informe estatístico de visitantes.

Cada pagamento requirirá informes favorables dos servizos de Patrimonio e de Fiscalización.

Para o cobramento de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Malpica de Bergantiños deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Así mesmo, deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación Provincial da Coruña, situación que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houber.

O importe da achega da Deputación Provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos, non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

Sexta: Supervisión pola Deputación

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que lle corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio, en por si ou a través doutros servizos técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmoble e bens adscritos, así como o cumprimento dos fins do presente convenio.

Sétima: Utilización pola Deputación

O inmoble seguirá sendo propiedade da Excma. Deputación Provincial da Coruña e, en consecuencia, poderá realizar nel as actividades que estime oportunas.

Oitava: Vixencia

O presente convenio terá unha vixencia dun ano, que comezará a contar a partir do 1 de xaneiro de 2016 e finalizará o 31 de decembro de 2016. O devandito prazo será improrrogable. A efectos de xustificación do gasto, a vixencia será ata o 31 de marzo de 2017.

Novena: Natureza xurídica

O presente convenio ten carácter administrativo e as partes quedan suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolveren os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso, aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Décimas: Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

O incumprimento das cláusulas do convenio

A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión

Afalta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da corporación en sesión celebrada o día de de 2015.

E en proba de conformidade ambas as partes o asinan por cuadriplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación Provincial da Coruña	O alcalde-presidente do Concello de Malpica de Bergantiños
Valentín González Formoso	Eduardo José Parga Veiga

25. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 28379, DO 16 DE DECEMBRO DE 2015, POLA QUE SE APROBA A MODIFICACIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE CLUBS NÁUTICOS DE GALICIA PARA FINANCIAR O PLAN DE ACTUACIÓN ENCAMIÑADO Á CONSOLIDACIÓN E POTENCIACIÓN DO SECTOR TURÍSTICO NA PROVINCIA DA CORUÑA, APROBADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL EN SESIÓN CELEBRADA O 8 DE OUTUBRO DE 2015

Ratificar a Resolución da Presidencia núm. 28379, do 16 de decembro de 2015, pola que se aproba a modificación do prazo de vixencia do convenio de colaboracion entre a Deputacion Provincial da Coruña e a Asociacion de Clubes Náuticos de Galicia para financiar o plan de actuación encamiñado á consolidación e potenciación do sector turístico na provincia da Coruña, aprobado polo Pleno da corporacion provincial en sesión celebrada o 8 de outubro de 2015.

26. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CONTORNA FLUVIAL DO RÍO MANDEO, SITUADO NO LUGAR DE CHELO (COIRÓS), NO MARCO DO PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO, COFINANCIADO POR FONDOS FEDER. ANO 2016

1. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Exma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coirós para instrumentalizar a xestión do Centro de Interpretación da Contorna Fluvial do río Mandeo, situado no lugar de Chelo (Coirós), no marco do Proxecto Mandeo. Posta en valor das concas fluviais. 1ª fase río Mandeo, cofinanciado por fondos Feder. Ano 2016, cunha achega provincial de 13.500,00 euros con cargo á aplicación 0620/3336/22609, que representa un coeficiente de financiamento do 100 %.

2. Facultar o presidente para a execución do presente acordo.

3. Condicionar todo isto á entrada en vigor do orzamento para o ano 2016.

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Exma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coirós para instrumentalizar a xestión do Centro de Interpretación da Contorna Fluvial do Río Mandeo, situado no lugar de Chelo (Coirós), no marco do Proxecto Mandeo. Posta en valor das concas fluviais. 1ª fase río Mandeo, cofinanciado por fondos Feder. Ano 2016

Na Coruña, a de 2015 na sede da Deputación Provincial

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Valentín González Formoso.

E, doutra parte, o Sr. Francisco Quintela Requeijo, alcalde do Concello de Coirós.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello en promover o desenvolvemento da cunca do río Mandeo no ámbito territorial de cada unha das administracións actuantes, de acordo cos obxectivos e contidos do proxecto denominado “Mandeo. Posta en valor das concas fluviais. 1ª fase río Mandeo” cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, en virtude da Resolución do 13 de xuño de 2008 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial.

Unha vez executadas pola Deputación Provincial as obras e instalacións do proxecto emprazadas no termo municipal de Coirós.

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.-Obxecto

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coirós (CIF P 1502700-F), para garantir a apertura do Centro de Interpretación da Contorna Fluvial do Río Mandeo situado no lugar de Chelo, no ámbito territorial deste concello.

Termos do convenio

➔ Obrigas do Concello de Coirós

1. O Concello de Coirós achegará o persoal necesario para a atención a visitantes do Centro de Interpretación da Contorna Fluvial do Río Mandeo dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016. O Concello porá en funcionamento o centro e encargarase das visitas que se reciban.

2. O Concello de Coirós comprométese á apertura do centro de acordo cos seguintes horarios, modificables por razóns organizativas:

DENDE 1 XANEIRO ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2016	
Venres	De 10:00 a 13:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas
Sábado e domingo	De 10:00 a 13:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas
Luns a xoves e festivos	Pechado

3. O Concello de Coirós organizará visitas ao centro durante o período indicado (12 meses). No marco do presente convenio, o Concello organizará como mínimo 2 visitas ao mes, para o que establecerá contactos con colexios, institutos e asociacións do municipio, así como coas demais entidades da conca do Mandeo. Neste sentido, durante este período, o Concello levará un rexistro/libro de visitas ao centro e elaborará dun dossier fotográfico delas.

➔ Obrigas da Deputación Provincial da Coruña

1. A Deputación da Coruña achegaralle 13.500,00 euros con cargo a aplicación 0620/3336/22609 ao Concello de Coirós para a contratación do persoal durante o período establecido. Polo tanto, o orzamento polo que se instrumentaliza o presente convenio é de 13.500,00 euros, o que representa un coeficiente de financiamento do 100 %, que se lle pagará ao Concello de Coirós na forma prevista nas cláusulas VI e VII.

2. A Deputación da Coruña poñerá a disposición do Concello de Coirós material didáctico e promocional, así como os medios técnicos xerados no marco do Proxecto Mandeo para o seu uso no centro.

➔ Obrigas da Deputación da Coruña e do Concello de Coirós

- A Deputación da Coruña asume o seguinte compromiso e obriga "Garantir o correcto estado de conservación das obras e instalacións executadas e polo tanto o cumprimento do artigo 57 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no referido á invariabilidade das operacións".

Artigo 57. O Estado membro ou a autoridade de xestión garantirán que unha operación unicamente reteña a contribución dos Fondos se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu fin, ou antes de tres anos, unha modificación substancial:

a) que afecte á súa natureza ou ás súas condicións de execución ou que otorgue a unha empresa ou a un organismo público vantaxes indebidas,e
b) que se derive dun cambio na natureza da propiedade

- O Concello de Coirós garante a apertura do centro.

SEGUNDA.-Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

A entidade beneficiaria levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte un orzamento de 13.500,00 euros.

TERCEIRA.-Financiamento provincial

1. A Deputación Provincial da Coruña aboará o 100 % dos gastos non cubertos por ingresos, ata un máximo de 13.500 euros, durante a anualidade 2016, do 1 de xaneiro de 2016 ao 31 de decembro de 2016, con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3336/22609.

2. No caso de que os gastos xustificados non cubertos con ingresos da actividade, fosen superiores, a achega provincial non superará a cantidade indicada na presente cláusula.

CUARTA.- Forma de pagamento

A Deputación Provincial aboaralle ao Concello de Coirós a achega correspondente á anualidade da seguinte maneira:

Efectuaranse 4 pagamentos trimestrais, polo importe correspondente ao 100 % dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos. En consecuencia, non se efectuará ningún pagamento por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo secretario co visto e prace do alcalde-presidente do Concello de Coirós.

Acompañaranse ademais dunha memoria onde se detallarán as actividades realizadas, o persoal adscrito aos servizos e o informe estatístico de visitantes.

Cada pagamento requirirá informes favorables dos servizos de Patrimonio e de Fiscalización.

Para o cobramento de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Coirós deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Así mesmo, deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación Provincial da Coruña, situación que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houber.

O importe da a achega da Deputación Provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos, non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

QUINTA.-Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga pola entidade beneficiaria.

SEXTA.- Supervisión pola Deputación

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que lle corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio, en por si ou a través doutros servizos técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmoble e bens adscritos, así como o cumprimento dos fins do presente convenio.

SÉTIMA.- Utilización pola Deputación

O inmoble seguirá sendo propiedade da Excma. Deputación Provincial da Coruña e, en consecuencia, esta poderá realizar nel as actividades que estime oportunas.

OITAVA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

O incumprimento das cláusulas do convenio

A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión
A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio

NOVENA.- Vixencia

O presente convenio terá unha vixencia dun ano, que comezará a contar a partir do 1 de xaneiro de 2016 e finalizará o 31 de decembro do ano 2016. O devandito prazo será improrrogable. A efectos de xustificación do gasto, a vixencia será ata o 30 de abril de 2017.

DÉCIMA.- Natureza xurídica

O presente convenio ten carácter administrativo e as partes quedan suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolveren os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso, aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da corporación en sesión celebrada o día de de 2015.

E en proba de conformidade ambas as partes o asinan por cuadriplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación Provincial da Coruña	O alcalde-presidente do Concello de Coirós
Valentín González Formoso	Francisco Quintela Requeijo

27. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO CENTRO ETNOGRÁFICO DE CURTIS, SITUADO EN TEIXEIRO (CURTIS), NO MARCO DO PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO, COFINANCIADO POR FONDOS FEDER. ANO 2016

1. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Exma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coirós para instrumentalizar a xestión do Centro Etnográfico de Curtis, situado en Teixeiro (Curtis), no marco do Proxecto Mandeo. Posta en valor das concas fluviais. 1ª fase río Mandeo, cofinanciado por fondos Feder. Ano 2016, cunha achega provincial de 21.600,00 euros con cargo á aplicación 0620/3336/22609, que representa un coeficiente de financiamento do 100 %.

2. Facultar o presidente para a execución do presente acordo.

3. Condicionar todo isto á entrada en vigor do orzamento para o ano 2016.

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Exma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coirós para instrumentalizar a xestión do Centro Etnográfico de Curtis, situado en Teixeiro (Curtis), no marco do Proxecto Mandeo. Posta en valor das concas fluviais. 1ª fase río Mandeo, cofinanciado por fondos Feder, 2016

Na Coruña, a de 2015 ,na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Valentín González Formoso.

Doutra parte, o Sr. Javier Francisco Cainzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello en promover o desenvolvemento da cunca do río Mandeo no ámbito territorial de cada unha das administracións actuantes, de acordo cos obxectivos e contidos do proxecto denominado “Mandeo. Posta en valor das concas fluviais. 1ª fase río Mandeo” cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, en virtude da Resolución do 13 de xuño de 2008 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial.

Unha vez executadas pola Deputación Provincial as obras e instalacións do proxecto emprazadas no termo municipal de Curtis.

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.-Obxecto

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Curtis (CIF P1503200-F), para garantir a apertura do Centro Etnográfico de executado no ámbito territorial deste concello.

Termos do convenio

➔ Obrigas do Concello de Curtis

1. O Concello de Curtis achegará o persoal necesario para a atención a visitantes do Centro Etnográfico dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016. O Concello porá en funcionamento o centro e encargarase das visitas que se reciban.

2. O Concello de Curtis comprométese á apertura do centro de acordo cos seguintes horarios, modificables por razóns organizativas:

   - Martes-venres: de 10:00 – 13:00 horas e de 16:00 – 19:00 horas
   - Sábados e domingos: de 10:00 – 13:00 horas
   - Luns e festivos: pechado

O centro permanecerá aberto 30 horas á semana pero por razóns organizativas poderá modificarse o horario.

3. O Concello de Curtis organizará visitas ao centro durante o período indicado (12 meses). No marco do presente convenio, o Concello organizará como mínimo 2 visitas ao mes, para o que establecerá contactos con colexios, institutos e asociacións do municipio, así como coas demais entidades da conca do Mandeo. Neste sentido, durante este período, o Concello levará un rexistro/libro de visitas ao centro e elaborará dun dossier fotográfico delas.

➔ Obrigas da Deputación Provincial da Coruña

1. A Deputación da Coruña achegaralle 21.600,00 euros con cargo a aplicación 0620/3336/22609 ao Concello de Curtis para a contratación do persoal durante o período establecido. Polo tanto, o orzamento polo que se instrumentaliza o presente convenio é de 21.600,00 euros, o que representa un coeficiente de financiamento do 100 %, que se lle pagará ao Concello de Curtis na forma prevista nas cláusulas VI e VII.

2. A Deputación da Coruña poñerá a disposición do Concello de Curtis material didáctico e promocional, así como os medios técnicos xerados no marco do Proxecto Mandeo para o seu uso no centro.

➔ Obrigas da Deputación da Coruña e do Concello de Curtis

-A Deputación da Coruña asume o seguinte compromiso e obriga “Garantir o correcto estado de conservación das obras e instalacións executadas e polo tanto o cumprimento do artigo 57 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no referido á invariabilidade das operacións”.

Artigo 57. O Estado membro ou a autoridade de xestión garantirán que unha operación unicamente reteña a contribución dos Fondos se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu fin, ou antes de tres anos, unha modificación substancial:

a) que afecte á súa natureza ou ás súas condicións de execución ou que otorgue a unha empresa ou a un organismo público vantaxes indebidas,e
b) que se derive dun cambio na natureza da propiedade

-O Concello de Curtis garante a apertura do centro.

SEGUNDA.-Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

A entidade beneficiaria levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte un orzamento de 21.600,00 euros.

TERCEIRA.-Financiamento provincial

1. A Deputación Provincial da Coruña aboará o 100 % dos gastos non cubertos por ingresos, ata un máximo de 21.600 euros, durante a anualidade 2016, do 1 de xaneiro de 2016 ao 31 de decembro de 2016, con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3336/22609.

2. No caso de que os gastos xustificados non cubertos con ingresos da actividade, fosen superiores, a achega provincial non superará a cantidade indicada na presente cláusula.

CUARTA.- Forma de pagamento

A Deputación Provincial aboaralle ao Concello de Curtis a achega correspondente á anualidade da seguinte maneira:

Efectuaranse 4 pagamentos trimestrais, polo importe correspondente ao 100 % dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos. En consecuencia, non se efectuará ningún pagamento por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo secretario co visto e prace do alcalde-presidente do Concello de Curtis.

Acompañaranse ademais dunha memoria onde se detallarán as actividades realizadas, o persoal adscrito aos servizos e o informe estatístico de visitantes.

Cada pagamento requirirá informes favorables dos servizos de Patrimonio e de Fiscalización.

Para o cobramento de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Curtis deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Así mesmo, deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación Provincial da Coruña, situación que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houber.

O importe da a achega da Deputación Provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos, non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

QUINTA.- Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga pola entidade beneficiaria.

SEXTA.- Supervisión pola Deputación

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que lle corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio, en por si ou a través doutros servizos técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmoble e bens adscritos, así como o cumprimento dos fins do presente convenio.

SÉTIMA.- Utilización pola Deputación

O inmoble seguirá sendo propiedade da Excma. Deputación Provincial da Coruña e, en consecuencia, esta poderá realizar nel as actividades que estime oportunas.

OITAVA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

O incumprimento das cláusulas do convenio
A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión
A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio

NOVENA.- Vixencia

O presente convenio terá unha vixencia dun ano, que comezará a contar a partir do 1 de xaneiro de 2016 e finalizará o 31 de decembro do ano 2016. O devandito prazo será improrrogable. A efectos de xustificación do gasto, a vixencia será ata o 30 de abril de 2017.

DÉCIMA.-Natureza xurídica

O presente convenio ten carácter administrativo e as partes quedan suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolveren os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso, aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da corporación en sesión celebrada o día de de 2015.

E en proba de conformidade ambas as partes o asinan por cuadriplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación Provincial da Coruña	O alcalde-presidente do Concello de Curtis
Valentín González Formoso	Javier Francisco Caínzos Vázquez

28.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTO DE VÍAS PROVINCIAIS 2015, CUARTA FASE.

1.- Aprobar o Plan de investimento de vías provinciais 2015, cuarta fase, integrado polas obras que se indican a continuación, co detalle da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
15.1110.0008.0	Mellora da capa de rodadura con mestura bituminosa en quente na DP 1908, acceso á Igrexa de Cances, PK 0,000 ao PK 1,360 (Carballo)	Carballo	118.942,73
15.1110.0009.0	Mellora da capa de rodadura con mestura bituminosa en quente na DP 5304, de Abelleira ás Paxareiras por Torea; PK 0,000 ao PK 8,220 (Muros)	Muros	408.560,99
15.1110.0010.0	Mellora da capa de rodadura na DP 8203, de Vedra á ponte de Santa Lucia, PK 4,700 ao PK 8,100 (Vedra)	Vedra	429.307,53
		TOTAL	**956.811,25**

O financiamento destes proxectos realizarase con cargo á partida 0410/4531/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2015.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

29.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2015, QUINTA FASE.

1.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2015, quinta fase, integrado polas obras que se indican a continuación, co detalle da súa denominación, orzamento e condicións:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	CONDICIÓN
15.1170.0009.0	Senda peonil no Camiño de Santiago, de Fisterra a Muxía na estrada DP 3404 entre o PK 26,830 e o 27,210; entre o PK 27,480 e o 28,750 e entre o PK 30,280 e o 30,500 (Dumbría)	Dumbría	428.258,52	Acreditación da obtención do informe favorable ou autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por estar no Camiño de Santiago
15.1170.0010.0	Sendas peonís no Camiño de Santiago, de Fisterra a Muxía DP 5604 de Outes a Pereira por Pesadoira, PK 15,870 ao PK 16,220; DP 5201 de Muxía a Touriñán pola costa, PK 1,130 ao 1,780 (Muxía e Santa Comba)	Muxía e Santa Comba	331.288,16	Acreditación da obtención do informe favorable ou autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por estar no Camiño de Santiago
15.1170.0011.0	Senda peonil na estrada DP 3404 de Serra de Outes a Dumbría entre o PK 19,600 e o PK 20,100 (Mazaricos)	Mazaricos	80.689,43	
15.1170.0012.0	Senda peonil na estrada DP 1603 de Ponte do Porto a Quintáns, PK 1,400 ao PK 2,345 (Vimianzo)	Vimianzo	186.440,90	
		TOTAL	**1.026.677,01**	

O financiamento dos proxectos incluídos nesta fase do Plan realizarase con cargo á partida 0410/4541/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2015.

2.- Dispoñer a exposición pública do Plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

30.-APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS DAS OBRAS DA PROGRAMACIÓN DE INVESTIMENTOS EN ESTRADAS PROVINCIAIS 2015-2019, SEGUNDA FASE.

1.- Aprobar tecnicamente os proxectos das obras que se indican a continuación, incluídas na Programación de investimentos de estradas provinciais 2015-2019, segunda fase, co detalle da súa denominación e orzamento:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
2015.1199.0005.0	Mellora da seguridade viaria senda peonil na DP 0905 Betanzos ao límite da Provincia, PK 0,650 ao PK 2,080	Betanzos-Paderne	281.776,28	15,932,76
2015.1199.0006.0	Mellora da seguridade viaria, ampliación e mellora da estrada DP5815 Mera -Veigue, PK 0,400 ao PK 2,200	Oleiros	613.982,24	44.180,13
		TOTAL	**895.758,52**	**60.112,89**

2.- Iniciar o expediente de expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución destas obras.

3.- Dispoñer a exposición pública dos proxectos técnicos correspondentes ás obras citadas mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

31.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA PRIMEIRA RELACIÓN DE OBRAS INCLUÍDAS NA TERCEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2015, CORRESPONDENTE AOS CONCELLOS DE FRADES E O PINO.

Visto o expediente da terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, aprobado inicialmente por acordo plenario da Deputación do día 8 de outubro de 2015, no marco das "*Bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluirán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015*", que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia nº 217 do 14 de novembro de 2012

Vista a documentación presentada dentro do prazo establecido polos concellos de Frades e O Pino, relativa á dispoñibilidade dos terreos e aprobación dos proxectos, de conformidade coas bases e compromisos de aceptación da entrega das obras

1.- Aprobar provisionalmente a primeira relación de obras incluídas na terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, coa indicación da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO
2015.1130.0006.0	Mellora da seguridade viaria na estrada DP 3802 PK 8,360 ao PK 9,330 Vista Alegre (Galegos)	Frades	149.159, 10
2015.1130.0008.0	Travesía na DP 6601 dende a Nacional N-547 ao lugar de Outeiro (O Pino)	O Pino	429.803,22

O financiamento destas obras incluídas no Plan realizarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do vixente orzamento provincial.

2.- Expoñer ao público a aprobación provisional da primeira relación das obras incluídas na terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, integrada polos proxectos dos concellos de Frades e do Pino, polo prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobada se non houbera reclamación ningunha."

32.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA CUARTA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2015.

Visto o expediente da cuarta fase do Plan de travesías da anualidade 2015, aprobado inicialmente por acordo plenario da Deputación do 8 de outubro de 2015, no marco das "*Bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluirán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015*", que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia nº 217 do 14 de novembro de 2012

Vista a documentación presentada dentro do prazo establecido, polo Concello de Muxía, relativa á dispoñibilidade dos terreos e aprobación do proxecto, de conformidade coas bases e compromisos de aceptación da entrega da obra

1.- Aprobar provisionalmente a obra incluída na cuarta fase do Plan de travesías da anualidade 2015, con indicación da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO
2015.1130.0009.0	Remodelación e acondicionamento da travesía de Senande na DP 3403 PK 3,400 ao PK 4,675 (Muxía)	Muxía	484.680,38
		TOTAL	**484.680,38**

O financiamento desta obra incluída no Plan realizarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do vixente orzamento provincial.

2.- Expoñer ao público a aprobación provisional desta cuarta fase do Plan de travesías da anualidade 2015, integrada polo proxecto do Concello de Muxía, polo prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobada se non houbera ningunha reclamación."

33.-APROBACIÓN ANTICIPADA DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2016, PRIMEIRA FASE.

1.- Aprobar anticipadamente o Plan de conservación de vías provinciais 2016, primeira fase, integrado polas obras que se relacionan a continuación, con indicación da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	GRUPO-DENOMINACIÓN	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
16.1100.0001.0	GRUPO 1A: ORTIGUEIRA	376.140,89
16.1100.0002.0	GRUPO 1B: CARIÑO	155.325,05
16.1100.0003.0	GRUPO 2: MAÑÓN E AS PONTES	315.565,35
16.1100.0004.0	GRUPO 3: CEDEIRA, CERDIDO E VALDOVIÑO	361.002,68
16.1100.0005.0	GRUPO 4: FERROL E NARÓN	288.957,73
16.1100.0006.0	GRUPO 5: MOECHE, SAN SADURNIÑO E AS SOMOZAS	261.702,60
16.1100.0007.0	GRUPO 6: ARES, FENE, MUGARDOS E NEDA	160.601,70
16.1100.0008.0	GRUPO 7: CABANAS, MIÑO, PADERNE E PONTEDEUME	326.148,20
16.1100.0009.0	GRUPO 8: IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR	556.799,34
16.1100.0010.0	GRUPO 9: OLEIROS E SADA	449.722,10
16.1100.0011.0	GRUPO 10: CAMBRE E CARRAL	432.015,28
16.1100.0012.0	GRUPO 11: ABEGONDO, BERGONDO, BETANZOS E PADERNE	449.429,78
16.1100.0013.0	GRUPO 12: ARANGA, COIRÓS, CURTIS E OZA-CESURAS	449.665,84
16.1100.0014.0	GRUPO 13: BOIMORTO, FRADES, MESIA, ORDES, OROSO E VILASANTAR	443.821,73
16.1100.0015.0	GRUPO 14: MELIDE, SANTISO, SOBRADO E TOQUES	212.902,63
16.1100.0016.0	GRUPO 15: ARZÚA, BOQUEIXÓN, O PINO E TOURO	362.437,80
16.1100.0017.0	GRUPO 16: ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO	450.076,51
16.1100.0018.0	GRUPO 17: CARBALLO, CERCEDA E A LARACHA	450.517,58
16.1100.0019.0	GRUPO 18: CABANA, CORISTANCO, MALPICA, PONTECESO E ZAS	422.589,04
16.1100.0020.0	GRUPO 19: CAMARIÑAS, LAXE, MUXÍA E VIMIANZO	313.356,98
16.1100.0021.0	GRUPO 20; CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA E MAZARICOS	370.705,61
16.1100.0022.0	GRUPO 21: AMES, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA	231.007,21

16.1100.0023.0	GRUPO 22: ORDES, SANTIAGO, TORDOIA, TRAZO E VAL DO DUBRA	450.581,68
16.1100.0024.0	GRUPO 23; MAZARICOS, MUROS E OUTES	344.127,98
16.1100.0025.0	GRUPO 24: BOIRO, LOUSAME E NOIA	308.595,41
16.1100.0026.0	GRUPO 25: BRIÓN, DODRO, PADRÓN E ROIS	388.300,39
16.1100.0027.0	GRUPO 26: AMES, SANTIAGO, TEO E VEDRA	390.290,34
16.1100.0028.0	GRUPO 27: BOIRO E RIANXO	229.596,47
16.1100.0029.0	GRUPO 28: POBRA, PORTO DO SON E RIBEIRA	498.644,65
16.1100.0030.0	GRUPO 31: DP0701 SANTIAGO A PORTOMOURO	72.393,20
16.1100.0031.0	GRUPO 34: DP1914 CARBALLO A PORTOMOURO	366.802,99
16.1100.0032.0	GRUPO 35; DP2904 CORISTANCO A SANTA COMBA	31.476,15
16.1100.0033.0	GRUPO 36: DP3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA	350.353,93
	TOTAL	**11.271.654,82**

2.- A aprobación deste Plan queda condicionada á entrada en vigor do orzamento provincial para o exercicio 2016, en cuxa partida 0410/4531/61900 se consigna crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

3.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

34. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016

1. Aprobar as Bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, cuxo texto figura no anexo que se xunta.

2. Condicionar a aprobación definitiva destas Bases á entrada en vigor do orzamento provincial para o exercicio 2016 en cuxa partida 0430 / 9433 / 82120 consígnase crédito adecuado e suficiente para o financiamento deste plan.

BASES REGULADORAS DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016

1. Denominación e aplicación orzamentaria

O presente Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 é un plan da Deputación Provincial da Coruña destinado aos 93 Concellos da provincia que previsibelmente se vai financiar cunha achega provincial por importe de 21.485.000,00 euros no exercicio 2016.

Achega provincial	21.485.000,00 €

No orzamento provincial para o exercicio 2016 vaise consignar a cantidade de 21.485.000,00 euros na partida 0430/9433/82120, destinada a esta finalidade.

Por iso, a aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do orzamento provincial para o exercicio 2016, e polo tanto, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres que non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

2. Finalidade e obxecto

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

A finalidade deste plan é cooperar cos 93 Concellos da provincia concedéndolles préstamos coas seguintes características:

- Sen xuros
- Con dous anos de carencia
- Cun prazo de devolución de 10 anos a partir do ano 2018, nos meses de xuño e novembro

- Se o Concello non devolve o importe que corresponda no prazo establecido, a Deputación poderá aplicarlle á compensación coas entregas a conta da recadación ou con calquera outra cantidade que a Deputación teña que aboarlle ao Concello

Tendo en conta que entre os principais problemas de moitos dos Concellos están o seu alto grao de endebedamento e os custos de mantemento das súas infraestruturas, cada Concello poderá destinar o importe do préstamo provincial asignado á "redución do seu endebedamento" e á "realización de obras ou subministracións", en función do seu "nivel de endebedamento", calculando para iso a proporción que representa o volume total do capital vivo das súas operacións de crédito vixentes a longo prazo, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devindicados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2.1. Redución do seu endebedamento

O Concello deberá aplicar a reducir o seu endebedamento, como mínimo, un importe resultante de aplicarlle ao préstamo provincial asignado a través deste plan a porcentaxe do seu *"*nivel de endebedamento*",* definido no parágrafo anterior.

O préstamo provincial restante poderá destinalo, ben a reducir máis débeda municipal, ben á realización de investimentos, sexan obras ou subministracións.

2.2. Realización de investimentos

O importe do préstamo provincial asignado ao Concello que non teña que destinarse obrigatoriamente á redución da súa débeda, poderá destinarse ao financiamento de investimentos (obras ou subministracións).

Neste plan pódense incluír todas as obras e subministracións que sexan de competencia municipal, con preferencia das asociadas aos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos citados artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

En todo caso, deben ser obras ou subministracións para as que o Concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse e o Concello deberá acreditar documentalmente que xa conta con elas ou que as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste plan, canda os correspondentes documentos.

Os proxectos e pregos de prescricións técnicas deberanse presentar para todas as obras e subministracións incluídas na anualidade de 2016, tanto do Plan base como do Plan complementario aos que se fai referencia máis adiante. O importe mínimo de cada obra ou subministración é de trinta mil euros (30.000,00 €), IVE incluído.

Cada obra ou subministración identificarase cun proxecto ou prego de prescricións técnicas, tendo en conta que non se poden incluír como actuacións independentes os

orzamentos parciais do proxecto ou prego e que deberán estar asinados por persoal técnico competente.

Lémbrase que non se admiten as denominacións xenéricas e que deben ser identificados con precisión e claridade, sen lugar a dúbidas, os investimentos que se integran no plan.

3. Destinatarios

Os destinatarios deste plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan en concepto de préstamo as cantidades que resultan da aplicación dos criterios que se detallan na base 4.

4. Financiamento

No financiamento deste plan participarán esta Deputación e, no seu caso, os Concellos que voluntariamente realicen achegas aos investimentos deste plan.

4.1. Achega provincial

Segundo se indica na base 1, está previsto que no orzamento provincial para o exercicio 2016 se consigne a cantidade de 21.485.000,00 € na partida 0430/9433/82120 para o financiamento deste plan.

A cada Concello asígnaselle unha cantidade de préstamo provincial que se calcula aplicando as variábeis ponderadas que tradicionalmente se utilizaron para realizar as asignacións de fondos do POS e que son as seguintes:

10 %	Cota fixa
5 %	Esforzo fiscal
15 %	Número de parroquias
35 %	Poboación total (só a rural para os Concellos de máis de 50.000 habitantes)
35 %	Superficie

No caso de Concellos fusionados, sumarase o importe que lles correspondería aos Concellos separadamente antes da fusión.

Da aplicación destas porcentaxes aos datos dos 93 Concellos destinatarios do plan resulta a cantidade de préstamo provincial que se lle asigna a cada un deles e que se lles transferirá aos Concellos na forma establecida na base 9.

4.2. Achega municipal

A achega do Concello é voluntaria. Para cada investimento deberase indicar individualmente a parte que se financia con cargo á Deputación e, no seu caso, a parte que voluntariamente achega o Concello, co compromiso do seu financiamento.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 25 de setembro de 1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación no investimento, o Concello beneficiarase da máxima baixa posíbel. Isto quere dicir que se o Concello realiza voluntariamente algunha achega, no caso de que houbese baixa de licitación, esta aplicarase en primeiro lugar a minorar a achega municipal ata anulala e manterase no posíbel o préstamo da Deputación.

4.3. Plan complementario

A Deputación aprobará o Plan base da anualidade 2016 xunto cun Plan complementario para aplicar os remanentes que se poidan orixinar.

Polo tanto, xa neste momento o Concello debe prever as obras ou subministracións que desexe realizar para o caso de que se produzan remanentes por baixas na adxudicación dos contratos ou por anulacións dos investimentos, de non ser así non se poderán aplicar os remanentes que se poidan producir no Concello.

O orzamento mínimo dos proxectos tamén é de 30.000,00 €, IVE incluído, e para o seu financiamento poderanse utilizar os remanentes producidos polas baixas de adxudicación ou, de ser o caso, polas anulacións de obras ou subministracións, podendo o Concello realizar, no seu momento, unha maior achega para completar o orzamento do proxecto mínimo se for necesario.

Se o Concello inclúe varias obras ou subministracións no Plan complementario, poderá decidir no seu momento aquela á que lle vai aplicar os remanentes xerados con independencia da súa orde de relación no plan.

5. Forma e prazo de solicitude

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web desta Deputación www.dacoruna.gal. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindíbel que dispoñan de sinatura electrónica as persoas titulares da Secretaría e da Alcaldía para asinar a documentación achegada, así como a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o 15 de xaneiro de 2016 e rematará ás 14.00 horas do 18 de marzo de 2016

A documentación administrativa e técnica será revisada e supervisada pola Deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada.

A documentación que debe presentarse telematicamente é a que deseguido se indica:

5.1. Certificado do acordo plenario (ANEXO I)

Certificación do acordo do Pleno do Concello, segundo o modelo que figura como Anexo I a estas bases, polo que se dispoña participar no presente plan, aceptar expresamente estas bases e se aprobe a solicitude que se vai realizar, coa indicación do destino do préstamo provincial asignado ao Concello, cos datos da débeda que se vai diminuír e, de ser o caso, cos investimentos que se van realizar coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concreten o importe que se financia con cargo ao préstamo provincial e o que se realiza con cargo á achega municipal voluntaria.

O Concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito abondo para o financiamento da achega municipal ás obras ou subministracións se voluntariamente existe achega do Concello.

No mesmo acordo indicarase expresamente que o Concello conta coa dispoñibilidade dos terreos e coas autorizacións necesarias para a execución dos investimentos.

No acordo incluirase a declaración de que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegarase o detalle de cada unha delas e acreditarase que a súa suma total non supera o 100 % do seu importe.

Igualmente, no devandito acordo autorizarase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Non obstante, os municipios de gran poboación formalmente acollidos ao réxime previsto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o acordo de participación neste plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

5.2. Informe sobre o nivel de endebedamento do Concello (ANEXO II)

Coa finalidade de concretar o “nivel de endebedamento” do Concello, a Intervención ou Secretaría–Intervención do Concello deberá emitir un informe cos datos do volume total do capital vivo das súas operacións de crédito vixentes a longo prazo, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devindicados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

5.3. Datos da débeda que se vai reducir (ANEXO III)

No suposto de que o Concello teña débeda, a Intervención ou Secretaría–Intervención do Concello deberá emitir un informe cos datos da débeda ou débedas concretas ás que se lles vai aplicar o préstamo provincial para a súa amortización anticipada. O informe deberá conter polo menos os seguintes datos: entidade financeira, data do préstamo, código do préstamo, código da conta bancaria asociada

ao préstamo, importe inicial, importe pendente, importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración e outros datos relevantes para a súa identificación.

5.4. Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas (só para investimentos)

No suposto de que o Concello opte por destinar parte da cantidade asignada, ou todo o seu importe no caso de que o Concello non teña débeda, á realización de obras, os proxectos técnicos deberán comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (BOE núm. 276 do 16 de novembro de 2011), que son os seguintes:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa a elas, as necesidades que se van satisfacer e a xustificación da solución adoptada, co detalle dos factores de toda orde que se deben ter en conta.

b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.

c) O prego de prescricións técnicas e particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulamentará a súa execución, con expresión da forma na que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnico que lle correspondan ao/á contratista, a maneira na que se levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, se é o caso, estado de medicións e detalles precisos para a súa valoración.

No caso de incluír partidas alzadas, o seu importe total non poderá superar o 5 % do orzamento de execución material do proxecto.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, se é o caso, do tempo e custo.

f) O estudo de seguridade e saúde ou, se é o caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

g) O estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade dos residuos xerados e unha valoración do custe previsto para a súa xestión, o que debe figurar en capítulo independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro (BOE núm. 38 do 13 de febreiro de 2008).

h) As referencias de todo tipo nas que se fundamentará a implantación da obra.

i) Non se farán referencias a marcas concretas en ningún documento do proxecto.

j) Canta documentación veña prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.

No caso de subministracións, os pregos de prescricións técnicas deberán incluír cando menos os seguintes documentos:

a) Memoria descritiva na que se detallen o obxecto e finalidade da subministración, os antecedentes, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada.

b) Un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración, coas súas características técnicas precisas, pero sen facer referencia a marcas, con expresión dos prezos de cada elemento e o número de unidades, e desgregando o imposto sobre o valor engadido (IVE).

c) Lugar e prazo de entrega.

d) Documentos gráficos, de ser necesarios para a correcta definición da subministración.

5.5. Informe técnico (ANEXO IV) (só para investimentos)

Informe técnico individual para cada un dos investimentos solicitados, no que se indique o seguinte:

Autorizacións:

O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, amais de acreditarse documentalmente que o Concello xa conta con elas ou que xa as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste plan canda aos correspondentes documentos.

En todo caso, cando se acheguen en calquera momento as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse nun informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización.

Supervisión

Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou contido, de acordo co establecido no artigo 125 do citado Texto refundido da Lei de contratos do sector público. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do Concello, con remisión de copia á Deputación, ou se se lle solicita asistencia a esta deputación para a súa realización ao abeiro da disposición adicional 2, apartado 12 do dito Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Fases

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptíbel de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86.3 do citado Real decreto lexislativo 3/2011.

5.6. Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (ANEXO V) (só para investimentos)

O Concello deberá acreditar que conta cos terreos necesarios para a execución dos investimentos, mediante a emisión dun informe conxunto no que o persoal técnico detalle os terreos necesarios para a execución do investimento e a Secretaría do Concello informe se o Concello conta coa dispoñibilidade deses terreos.

6. Aprobación do plan

Á vista da documentación presentada, o Pleno da Deputación poderá aprobar o plan a partir das solicitudes presentadas polos Concellos. O plan poderá aprobarse nunha ou varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da Deputación.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas e seralles remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen se presentaren alegacións nin emitirse informe, poderanse proseguir os trámites.

A aprobación definitiva do Plan adicional que máis adiante se aprobe, financiado coas baixas de licitación ou anulacións de proxectos que se acorden no marco do Plan complementario, realizarase mediante resolución da Presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e, en consecuencia, se declare definitivamente aprobado o Plan adicional no que se incluirán as obras ou subministracións previstas no Plan complementario daqueles Concellos para os que exista crédito para o seu financiamento.

7. Contratación dos investimentos

Os Concellos contratarán os investimentos de acordo co Texto refundido da Lei de contratos do sector público, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración ou mediante procedemento negociado, a través dos pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta deputación. O Concello debe cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato**.**

Excepcionalmente, as obras poderán executalas a propia Administración, de acordo co establecido no artigo 24 do citado Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Non se poderá realizar a adxudicación mediante contrato menor.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do plan, e coa finalidade de poder aplicar no mesmo ano os remanentes que se xerasen tras a adxudicación dos investimentos, os Concellos poderán adxudicar as actuacións incluídas no plan ata o 30 de novembro de 2016. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante resolución da Presidencia tras a solicitude motivada do Concello.

Non obstante, no caso de que a aprobación do plan se produza por fases ao longo do ano 2016 ou 2017, a Deputación poderá establecer outras datas para a contratación das obras.

Unha vez adxudicados os investimentos, o Concello deberá remitirlle a esta deputación de xeito telemático a seguinte documentación:

- Listaxe cos datos de adxudicación dos investimentos debidamente cubertos no modelo establecido
- A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato
- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos

No caso de adxudicación mediante procedemento negociado, deberá presentarse ademais a seguinte documentación :

- xustificación da publicidade da licitación ou da consulta a empresas
- a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
- informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación previstos na cláusula 15 en relación co Anexo IV do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas ou, no seu caso, apartado do prego vixente

No caso de adxudicación mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración-factor prezo, ou con multiplicidade de criterios de valoración, deberá presentarse ademais a seguinte documentación:

- xustificación da publicidade da licitación
- a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
- informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación previstos no do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas

No caso de que fosen executadas pola propia Administración, debera presentarse o informe da Secretaría do Concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 do Real decreto lexislativo 3/2011, e a acta de inicio das obras.

As baixas que se produzan na adxudicación das obras, destinaranse a minorar a achega municipal se existise ata anular, se fose posíbel, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente actuación.

8. Execución dos investimentos

Os investimentos executaranos os respectivos Concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións técnicas da subministración. A dirección e a execución dos investimentos realizaraas o Concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, ou o prego da subministración, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado Texto refundido da Lei de contratos do sector público e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo Concello e pola Deputación.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou doutro concepto deberá ser financiado integramente polo Concello.

9 . Pagamento do préstamo provincial

O pagamento do préstamo provincial realizase segundo se indica a continuación para a redución de débeda e para a execución de obras e subministracións. Nos dous casos, a Deputación acreditará previamente de oficio que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Deputación.

9.1. Redución de débeda

Despois da aprobación do plan, a Deputación transferiralle directamente á entidade financeira na que o Concello teña concertado o préstamo municipal que se vai amortizar co importe do préstamo provincial que o Concello solicitou aplicar a esta finalidade, o que se lle comunicará oportunamente ao Concello para o seu coñecemento.

9. 2. Realización de obras e subministracións

Cando se reciban na Deputación os datos de adxudicación da obra ou da subministración, a Deputación transferiralle ao Concello, con carácter de prepagábel, o 50 % do préstamo provincial aplicado ao financiamento do investimento, calculado sobre o orzamento de adxudicación de cada actuación.

Unha vez rematada a execución do investimento, o Concello deberá presentar telematicamente a seguinte documentación:

- Acta de comprobación da implantación

- A derradeira certificación de execución da obra ou subministración, coa súa relación valorada da totalidade das partidas executadas, debidamente aprobada polo órgano municipal competente
- Dúas fotografías onde se reflicta a colocación do cartel na obra e na súa contorna e, de ser posíbel, na subministración, conforme ao modelo establecido
- Acta de recepción

Despois de revisar toda esta documentación, a Deputación transferiralle ao Concello o segundo 50 % ou resto do préstamo provincial correspondente ao investimento executado sobre o orzamento de adxudicación.

Todos os investimentos deberán estar terminados o 1 de novembro de 2017. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante resolución de Presidencia tras a solicitude motivada do Concello.

10. Devolución do préstamo provincial

Os Concellos deberán devolverlle á Deputación en dez anualidades o importe do préstamo provincial que lles foi transferido a partir do ano 2018 ata o 2027. O importe anual que hai que devolver será a décima parte do importe total transferido, tanto para a redución do seu endebedamento como para a realización de investimentos, e realizarase no derradeiro ano o axuste exacto da cantidade que hai que devolver. Non obstante, o Concello poderá anticipar a devolución do préstamo pendente, o que lle comunicará previamente á Deputación.

A devolución realizarase mediante ingreso na conta da Deputación que se lles indicará aos Concellos, a metade do importe anual ata o 30 xuño e a outra metade ata o 30 de novembro de cada ano.

No caso de que o Concello non realice os ingresos que correspondan nos prazos establecidos, a Deputación poderá aplicarlle aos Concellos usuarios do servizo de recadación a compensación coas entregas a conta, e aos demais concellos con calquera outro pagamento que a Deputación deba realizarlle ao Concello.

11. Interpretación

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da Deputación, logo do informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A N E X O I

CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016

D. / Dna. _____
secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno deste Concello, na sesión realizada o día __/__/2016, adoptou o seguinte acordo:

1. Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	NÚMERO/CÓDIGO PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DA DÉBEDA
	T O T A L	

B) Investimentos (obras ou subministracións)

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
T O T A L			

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

SUBTOTAIS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	
Subtotal investimentos (obras ou subministracións)	
TOTAL	

2. Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
TOTAL	

3. (Só no caso de solicitar aplicar o préstamo a investimentos)

Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. (Só no caso de solicitar aplicar o préstamo a investimentos cando exista achega municipal voluntaria)

Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2016 se a houber.

5. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada de producirse esta efectivamente.

6. Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegar o detalle de cada unha delas e acreditar que a súa suma total non supera o 100 % do seu importe.

7. Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en _____, ___ de _____ de dous mil dezaseis.

Visto e prace
A Alcaldía

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016

ANEXO II

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO SOBRE O NIVEL DE ENDEBEDAMENTO

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na base 5.2 das reguladoras do plan e no marco do previsto no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, emítese este informe para calcular o nivel de endebedamento deste Concello:

A- Volume total do capital vivo das operacións de crédito vixentes a longo prazo o 1 de xaneiro de 2016	
B- Ingresos correntes liquidados ou devindicados no exercicio inmediatamente anterior	
Nivel de endebedamento a longo prazo do Concello (A / B)	

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016

ANEXO III

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO COS DATOS DA DÉBEDA QUE SE VAI REDUCIR

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na base 5.3 das reguladoras do plan, emítese este informe cos datos da débeda que se vai reducir:

Entidade financeira	
Data do préstamo	
Número ou código do préstamo	
Código da conta bancaria asociada	
Importe inicial do préstamo	
Importe pendente	
Importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración	
Outros datos	

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016

ANEXO IV

INFORME TÉCNICO SOBRE O INVESTIMENTO

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na base 5.5 das reguladoras do plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓNS
(O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse e acreditarse documentalmente que o Concello xa conta con elas ou que xa as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste plan, canda os correspondentes documentos.
En todo caso, cando se acheguen en calquera momento as autorizacións que precisa a obra, deberá indicarse nun informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización.)

SUPERVISIÓN TÉCNICA
(Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou polo seu contido, de acordo co establecido no artigo 125 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público. No caso de ser precisa, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do Concello, con remisión de copia á Deputación, ou se lle solicita a asistencia a esta deputación para a súa realización, ao abeiro da disposición adicional 2.12 da citada norma.)

OBRA COMPLETA
(No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., deberá xustificarse que se trata dunha obra completa, susceptíbel de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.)

OUTRAS CUESTIÓNS
(Debéranse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016

ANEXO V

INFORME TÉCNICO-XURÍDICO SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DAS PERSOAS QUE EMITEN O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na base 5.6 das reguladoras do plan, emítese este informe técnico xurídico para o investimento indicado:

INFORME TÉCNICO

(O persoal técnico detallará os terreos necesarios para a execución do investimento e poderá xuntar para estes efectos a documentación precisa.)

INFORME XURÍDICO

(A Secretaría do Concello informará acerca de se o Concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento.)

35. APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 2ª FASE, APARTADO CONVENIOS

Logo de ver as bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 8 de outubro de 2015, cuxo texto íntegro se publicou no Boletín Oficial da Provincia núm. 196 do 14 de outubro de 2015.

Despois de ver as solicitudes presentadas no apartado PAS Convenios por algúns Concellos da provincia.

Logo de ver o informe emitido polo Servizo de Fiscalización o 17 de decembro de 2015 no que se fai unha nota de reparo a este expediente "por non acreditarse as razóns excepcionais de interese público que motivaron o outorgamento destas subvencións prescindindo dos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación", así como unha nota de reparo específica relativa á obra do Concello de Porto do Son denominada "Nova ludoteca e acondicionamento dos accesos e do entorno".

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, polas que se entende que se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente e, en relación coa obra do Concello de Porto do Son denominada "Nova ludoteca e acondicionamento dos accesos e do entorno", o pagamento da achega provincial queda condicionado a que o Concello acredite que se realizaron correctamente os trámites de aprobación dos proxectos e, no seu caso, dos modificados, así como a contratación das obras.

2. Aprobar a 2ª fase do Plan de acción social (PAS) 2015, que afecta ao apartado de convenios, cuxo resumo de cifras globais de financiamento é o que se indica e cuxa relación de investimentos figura no Anexo I a este acordo:

PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 2ª FASE (apartado convenios) – 5 obras			
APARTADO	**DEPUTACIÓN**	**CONCELLO**	**TOTAL**
PAS- CONVENIOS	**1.313.788,71 €**	**0,0**	**1.313.788,71 €**

O Plan finánciase con cargo ás partidas do vixente orzamento provincial que se indican a continuación:

PARTIDA	**TOTAL**
0430 1531 76201	144.878,53 €
0430 161 76201	512.143,73 €
0430 1651 76201	78.665,22 €
430 342 76201	380.101,23 €
0430 93391 76201	198.000,00 €
TOTAL	**1.313.788,71 €**

3. Aprobar os proxectos técnicos das obras e os pregos das subministracións incluídos nesta fase do Plan, que se detallan no Anexo I a este acordo.

4. A contratación e a execución dos investimentos e o pagamento da achega provincial realizarase segundo o previsto nas bases reguladoras do Plan.

5. Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas e se poidan proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

6. Remitirlle o expediente para o coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e que se poidan proseguir as actuacións una vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.

PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015

2 ª FASE DO PAS - CONVENIOS

ANEXO I: obras e subministracións

Concello	Código	Código SUBTEL	Denominación	Deputación	Concello	Total	Aplicación orzamentaria		
AMES	15.3110.0407.0		CONEXIÓN AO POLÍGONO INDUSTRIAL DESDE AVDA MUIÑO VELLO Á ESTRADA DE VENTÍN (MILLADOIRO)	144.878,53	0,00	144.878,53	0430	1531	76201
			TOTAL	**144.878,53**	**0,00**	**144.878,53**			
FENE	15.3110.0408.0		CAMPO DE FUTBOL CÉSPEDE ARTIFICIAL O POTE	380.101,23	0,00	380.101,23	0430	342	76201
			TOTAL	**380.101,23**	**0,00**	**380.101,23**			
MAÑÓN	15.3110.0409.0		RENOVACIÓN DO ALUMEADO EN VARIOS LUGARES, ESTRADA A IGREXA E OUTROS	78.665,22	0,00	78.665,22	0430	1651	76201
			TOTAL	**78.665,22**	**0,00**	**78.665,22**			
PORTO DO SON	15.3110.0410.0		NOVA LUDOTECA E ACONDICIONAMENTO DOS ACCESOS E DO ENTORNO	198.000,00	0,00	198.000,00	0430	93391	76201
			TOTAL	**198.000,00**	**0,00**	**198.000,00**			
VILASANTAR	15.3110.0411.0		AMPLIACIÓN REDE ABASTECEMENTO SAN VICENTE DE CURTIS	512.143,73	0,00	512.143,73	0430	161	76201
			TOTAL	**512.143,73**	**0,00**	**512.143,73**			
			TOTAL OBRAS	**1.313.788,71**	**0,00**	**1.313.788,71**			
			TOTAL CONCELLOS	**5**					
			NÚMERO DE OBRAS	**5**					

36. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO "COLOCACIÓN DE SINAIS DE STOP NA ESTRADA XERAL (VISANTOÑA) E OUTRAS", DO CONCELLO DE MESÍA, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2015 CO CÓDIGO 15.2100.0105.0.

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015, polo que se aprobaron o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe o investimento que máis adiante se indica.

Logo de aprobar o Concello de Mesía un proxecto modificado deste investimento, sen variación económica, após dos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorábeis e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria do investimento.

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS 2015, aprobadas polo Pleno desta deputación o 12 de setembro de 2014 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 177, do 17 de setembro de 2014.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña acorda:

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Colocación de sinais de stop na estrada xeral (Visantoña) e outras", do Concello de Mesía, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0105.0, cos datos que se indican a continuación e que, aínda que non supoñen variación económica con respecto do proxecto inicial, nin varían a súa finalidade e obxecto, implican unha alteración das partidas internas do seu orzamento superior ao 30 % do orzamento de execución material

			FINANCIAMENTO		
Código	**Concello**	**Denominación**	**Deputación F. propios**	**Concello**	**Orzamento Total**
15.2100.0105.0	Mesía	Colocación de sinais de stop na estrada xeral (Visantoña) e outras	44.501,56 €	0,00	44.501,56 €

A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

37. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "LOCAL SOCIOCULTURAL EN SANTISO-PARROQUIA DE CASTROFEITO", DO CONCELLO DO PINO, COFINANCIADO POLA DEPUTACIÓN A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN 94/2014

Logo de ver o acordo do Pleno desta corporación do 30 de maio de 2014, polo que se aproba, entre outros, o seguinte convenio de colaboración co Concello do Pino:

Concello	Nº Convenio	Denominación	Deputación Fondos propios	Concello	Orzamento Total
O Pino	94/2014	Local sociocultural en Santiso-parroquia de Castrofeito	161.268,80 €	40.317,20 €	201.586,00 €

Logo de aprobar o Concello do Pino un proxecto modificado desta obra con incremento do seu orzamento, mediante acordo plenario de 24 de setembro de 2014, logo dos correspondentes informes técnicos e xurídicos

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña acorda:

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención e entender que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a modificación do proxecto da obra "Local sociocultural en Santiso-parroquia de Castrofeito", do Concello do Pino, que representa un incremento no seu orzamento respecto do proxecto técnico inicial que é asumido integramente polo concello do Pino, tal e como se indica no seguinte cadro:

Proxecto Modificado "Local sociocultural en Santiso-parroquia de Castrofeito" do Concello de O Pino			
Axentes financeiros	**CONTRATA Proxecto Inicial**	**CONTRATA Proxecto Modificado**	**Diferenza**
Deputación	161.268,80 €	161.268,80 €	0,00€
Concello	40.317,20 €	65.474,06 €	25.156,86 €
Total	201.586,00 €	226.742,86 €	25.156,86 €

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/93391/76201 do vixente orzamento provincial.

38. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL PARA FINANCIAR O PROXECTO DE DINAMIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA 2015 (FESTILETRAS E OUTRAS ACTIVIDADES)

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento.

2. Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Exma. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Eduardo Pondal para financiar o proxecto de dinamización sociolingüística 2015 (Festiletras e outras actividades) cunha achega provincial de 16.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, que representa un coeficiente de financiamento do 80 % con respecto a un orzamento de 20.000 euros.

3. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2016 tendo en conta que a vixencia do convenio se estende ata o 31 de maio de 2016.

ANEXO

Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Eduardo Pondal para financiar o proxecto de dinamización sociolingüística 2015 (Festiletras e outras actividades)

Na Coruña, na sede da Deputación Provincial,

REUNIDOS

Dª Goretti Sanmartín Rei, vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña, en virtude das resolucións da Presidencia números 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. José Luis Fondo Aguiar, presidente da Fundación Eduardo Pondal.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

A Fundación Eduardo Pondal naceu no ano 2008 coa filosofía de enaltecer a figura e obra do autor do himno galego, así como da cultura e a lingua galega, a formación de mozos/as e adultos/as e o desenvolvemento socioeconómico da contorna rural. Desenvolve a súa actividade nos municipios de Ponteceso, Laxe, Cabana e Malpica, aínda que traballa en toda a provincia da Coruña.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85, do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de Admón. local de Galicia 5/97, arts. 109 e 119; tamén, co disposto no Estatuto de Autonomía de Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística, do 15 de xuño de 1983, e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Eduardo Pondal , ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Eduardo Pondal, CIF G70262951, para financiar as actividades de 2015.

II. Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Fundación Eduardo Pondal levará a cabo as actividades programadas consonte ao seguinte orzamento:

OBRADOIROS	
Silvia Losada, presentacións varias e interpretacións do poema Pondal	600 €
Regueifeiros: Pinto-Caruncho	300 €
A tenda dos libros “Mostra do Libro Galego”	150 €
Obradoiros de Patword (17 de Maio)	1.250€
Contacontos, Manuel Rivas-César Freiría	600 €
ACTUACIONS	
Grupo de Teatro Badius	250 €
Guadi Galego	2.500 €
Banda de Gaitas Inllar	1.000 €
Amancio Prada	3.630 €
GASTOS INHERENTES ÁS ACTIVIDADES	
Limpieza das instalacións	155 €
Aloxamento para conferenciantes	90 €

Coordinación administrativa, documentación, permisos e similares	1.172 €
Material non funxíbel	700 €
Imprenta, cartelaría	270 €
La Voz de Galicia, publicidade e reportaxes	2.500 €
Servizo de autobuses para transporte de escolares á biblioteca municipal	1.000 €
Coordinación xeral	1.273 €
Apoio fotográfico, redes sociais e comunicación	425 €
PERSOAL DE APOIO ÁS ACTIVIDADES	
Pagamentos a personal vario, acomodadores, coordinadores de actividades, coidadores de escolares, axudantes de son e luces, informática ETC	2.135 €
TOTAL OZAMENTO GASTOS	**20.000 €**

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 16.000,00 euros, o que representa o 80 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos (propios ou alleos) sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Eduardo Pondal para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Eduardo Pondal. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Eduardo Pondal, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Eduardo Pondal deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Fundación Eduardo Pondal tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Eduardo Pondal.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada a Fundación Eduardo Pondal unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Eduardo Pondal, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Eduardo Pondal deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Fundación Eduardo Pondal para que a presente no prazo improrrogábel de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Fundación Eduardo Pondal da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Eduardo Pondal na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Fundación Eduardo Pondal terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A Fundación Eduardo Pondal deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A Fundación Eduardo Pondal destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/a perceptor/a. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Eduardo Pondal deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Eduardo Pondal poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Eduardo Pondal queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao/á interesado/a.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de

sancións previstas nas normas citadas e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Eduardo Pondal seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Fundación Eduardo Pondal será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados dende o día 1 de xaneiro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionábeis os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio de 2016, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2. Para o caso de que a Fundación Eduardo Pondal non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, mediante solicitude motivada, co fin de que a Deputación

poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2016. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Fundación Eduardo Pondal perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asínano en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.”

O presidente da Deputación Provincial da Coruña	O presidente da Fundación Eduardo Pondal
Valentín González Formoso	José Luis Fondo Aguiar

39. INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA O 31/10/2015 E PROXECCIÓN ATA O 31/12/2015

1. Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de outubro de 2015, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, adscrito á Intervención provincial.
2. Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.
3. Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2015 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do fondo de continxencia dotado para o exercicio.
4. Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

40. INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA O 30/11/2015 E PROXECCIÓN ATA O 31/12/2015

1. Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria o 30 de novembro de 2015, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, adscrito á Intervención provincial.

2. Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3. Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2015 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do fondo de continxencia dotado para o exercicio.

4. Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

41. INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES AO QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO

1. Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial e o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de outubro de 2015.

2. Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.

42. INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES AO QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO

1. Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial e o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de novembro de 2015.

2. Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.

43. DAR CONTA DA APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EXERCICIO 2016 E DO SEU ESTADO DE CONSOLIDACIÓN CO ORZAMENTO PROVINCIAL

PRIMEIRO: Tomar coñecemento do orzamento inicialmente aprobado polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2016, que presenta o seguinte resumo por capítulos:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	**IMPORTE**	**CAPÍTULOS**	**IMPORTE**
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	293.911,67
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	8.075.263,74
III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.842.372,52	III.- GASTOS FINANCEIROS	7.200,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.593.599,32	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	7.200,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**8.443.171,84**	**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES**	**8.376.375,41**
VI.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	66.796,43
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	VIII. - ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**0,00**	**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL**	**66.796,43**
TOTAL ORZAMENTO	**8.443.171,84**	**TOTAL ORZAMENTO**	**8.443.171,84**

SEGUNDO: Tomar coñecemento do estado de consolidación do orzamento provincial e do orzamento do Consorcio para o exercicio 2016, que presenta o seguinte resumo por capítulos:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	**IMPORTE**	**CAPÍTULOS**	**IMPORTE**
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	16.113.432,58	I.- GASTOS DE PERSOAL	40.133.415,56
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	14.396.701,53	II.- GTOS BENS CORRENTES E SERVIZOS	30.621.188,09
III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	12.361.993,50	III.- GASTOS FINANCEIROS	27.200,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	135.111.077,10	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	42.561.166,10
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	717.448,65	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	3.512.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**178.700.653,36**	**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES**	**116.854.969,75**
VI.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	1.569.708,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	22.469.666,43
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	19.355.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	475.045,82	VIII. - ACTIVOS FINACEIROS	22.065.771,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**2.044.753,82**	**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL**	**63.890.437,43**
TOTAL ORZAMENTO	**180.745.407,18**	**TOTAL ORZAMENTO**	**180.745.407,18**

TERCEIRO: Tomar en consideración o informe sobre os obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto do estado de consolidación emitido pola Intervención provincial.

CUARTO: Incorporar a información do orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña á información do orzamento provincial do exercicio 2016 para xeral coñecemento.

QUINTO: Publicar no Boletín Oficial da Provincia o estado de consolidación do orzamento provincial e do Consorcio para o exercicio 2016 para os efectos de información, publicidade e transparencia.

44. MODIFICAR A DENOMINACIÓN E ATRIBUCIÓNS DE DÚAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES, CONSTITUÍDAS NA SESIÓN PLENARIA DO 4 DE AGOSTO DE 2015

Modificar a denominación e atribucións de dúas das comisións informativas permanentes, constituídas en sesión plenaria de 4 de agosto de 2015, do seguinte xeito:

1º. A Comisión de Cooperación. Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios e Normalización Lingüística, transfórmase en:

> **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico**, coas siguientes atribucións: estudo dos expedientes referidos a plans provinciais xerais, cooperación ás obras e servizos municipais, asistencia e cooperación xurídica a municipios, asistencia e cooperación económica e técnica a municipios, defensa xurídica, servizos públicos de carácter supramunicipal e, se é o caso, supracomarcal; potenciación do turismo de xeito coordinado con todos os Concellos da provincia e coa Xunta de Galicia; protección e fomento do patrimonio histórico-artístico da provincia non incluído no patrimonio da Deputación.

2º. A Comisión de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, transfórmase en:

> **Comisión de Cultura e Normalización Lingüística**, coas seguintes atribucións: ditame, estudo, informe ou consulta sobre as materias relativas a arquivos, bibliotecas, museos, exposicións e concursos, fomento das artes escénicas e musicais, programas de actividades culturais dirixidos aos Concellos ou en colaboración con outras entidades e organismos, subvencións culturais; políticas lingüísticas e elaboración dos plans de normalización lingüística de acordo coa lexislación en vigor.

3º. A composición e periodicidade de sesións das devanditas comisións non experimentan cambios, axeitándose ao disposto con carácter xeral para todas as comisión informativas permanentes no acordo plenario do 4 de agosto de 2015 e sen prexuízo, á vista destas modificacións, da adscrición singular dos diferentes deputados a cada unha das comisións que os grupos políticos determinen e dos días e horas que fixen as propias comisións para a celebración das súas xuntanzas.

45. ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PARA PRESTARLLE SERVIZOS DE CONTROL FINANCEIRO AO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

PRIMEIRO: Aceptar a delegación do exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas en todos os exercicios pechados, co inicio do dito control sobre as pagadas a partir do 01/01/2012.

SEGUNDO: Aceptar a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo dos ingresos de dereito público resultantes.

Para este efecto, resultaranlle tamén de aplicación a esta delegación as bases para a prestación de servizos tributarios aos Concellos da provincia.

TERCEIRA: Aceptar a delegación para que a Intervención emita informes de control financeiro sobre os seguintes servizos públicos, xestionados indirectamente mediante concesión administrativa:

- Contrato de xestión do servizo de abastecemento de auga.

- Contrato de xestión do servizo de sumidoiros e das fosas sépticas e mini depuradoras de augas residuais.

CUARTA: Non aceptar as seguintes delegacións por non axustarse ás bases para a prestación de servizos de control financeiro aos Concellos de menos de 5.000 habitantes por ser contratos de servizos e non contratos de xestión os seguintes:

- Contrato do servizo de conservación, reparación e mantemento do alumeado público de Boqueixón.

- Contrato do servizo de axuda no fogar.

QUINTA: A vixencia das delegacións aceptadas no ámbito do control financeiro dos servizos públicos en xestión indirecta entrará en vigor tras a publicación do correspondente acordo e deberá manterse como mínimo durante dous anos, prazo que poderá prorrogarse tacitamente por períodos iguais conforme o establecido na base oitava das bases de delegación.

No caso de que algún servizo deixe de ser xestionado de maneira indirecta, a delegación non se entenderá producida tacitamente para esa nova forma de xestión .

SEXTA: Publicar o acordo, no seu caso, adoptado polo Pleno provincial, no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

Unha vez publicado, someterase a información pública durante un prazo de 30 días, co obxecto de que se poidan presentar as reclamacións e suxestións que se consideren oportunas, e porase á disposición das persoas interesadas na Secretaría provincial.

De non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, entenderase aprobado definitivamente.

SÉTIMA: A delegación das competencias entrará en vigor unha vez sexa publicado o acordo definitivo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos Concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia, aprobadas para o efecto por esta Deputación Provincial.

46. PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA POR ALBERTO CADAVEIRA MAHÍA COMO SECRETARIO DA SECCIÓN SENDICAL DA CIG NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CONTRA O ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2016

Durante o período de exposición pública do acordo de aprobación inicial do orzamento provincial do exercicio 2016 e das bases para a súa execución presentouse a reclamación que se indica:

> Escrito de reclamación presentado pola Sección Sendical da Confederación Intersendical Galega (CIG) na Deputación Provincial da Coruña (Rexistro de entrada núm. 40512 de data do 15 de decembro de 2015).

A continuación, analízase a reclamación presentada:

1. ANTECEDENTES:

As propostas do Servizo de Persoal e Organización para o exercicio 2016 foron consideradas na mesa de negociación que tivo lugar o día 28 de outubro de 2015.

A documentación que integra o expediente do orzamento xeral do exercicio 2016 foi sometida ao ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior na sesión ordinaria que se levou a cabo o 24 de novembro de 2015.

Posteriormente, o devandito expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de novembro de 2015.

A través do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 229, do 30 de novembro de 2015, expúxose ao público o devandito expediente, de acordo coas normas de aplicación vixentes.

En relación co escrito presentado emitíronse os informes que a continuación se indican:

- Informe da Tesourería do 20 de novembro e 17 de decembro deste ano.

- Informe emitido pola xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos do pasado 15 de decembro.

- Informe do asesor xurídico emitido hoxe.

2. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: De acordo co establecido no artigo 170.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, unicamente poden formularse reclamacións contra o orzamento das entidades locais polas seguintes causas:

a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites previstos nesta Lei.

b) Por omitirse o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos en relación aos gastos orzados ou deste respecto das necesidades para as que estean previstos.

Pois ben, ningunha das circunstancias expresadas se dá no expediente tramitado:

a) A súa elaboración e aprobación realizouse con estrito cumprimento da legalidade vixente e leváronse a cabo todos os trámites previstos nas normas orzamentarias de aplicación.

b) No orzamento inicialmente aprobado contéñense as dotacións orzamentarias necesarias para facer fronte ás obrigas legalmente esixibles á entidade local en virtude de precepto legal expreso ou de calquera outro título lexitimo. Tal circunstancia acredítase particularmente no que respecta aos gastos de persoal (electos, funcionarios, laboral ou eventual) a través do Anexo de Persoal que forma parte da documentación que integra o expediente orzamentario.

c) O orzamento inicialmente aprobado está formalmente equilibrado e, por tanto, ponse de manifesto a suficiencia dos ingresos en relación cos gastos orzados e destes respecto das necesidades para as que están previstos.

SEGUNDO: Os informes da Tesourería achegan as seguintes conclusións:

1. Só hai un sistema de produtividade para a área tributaria no exercicio 2016, que resulta da aplicación do convenio colectivo do persoal laboral e do acordo plenario do 27 de novembro de 2014, e a súa desagregación en dúas aplicacións orzamentarias diferentes, unha para o persoal funcionario e outra para o laboral, vén imposta pola clasificación orzamentaria do gasto do persoal.

2. Non cómpre orzamentar de novo no 2016 o gasto que resultou de aceptar no 2015 a reclamación de atrasos nese concepto polo actual xefe da Unidade Central de Recadación Executiva (UCRE).

3. A previsión orzamentaria da produtividade da área tributaria é razoable e abonda para atender o gasto previsto nese concepto, sen prexuízo de que se houber unha mellora no cumprimento dos obxectivos da área habería que suplementar a súa dotación orzamentaria.

TERCEIRO: O informe da xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos que propón desestimar a reclamación sendical, xa que:

1. Só hai un sistema de produtividade para a área tributaria no exercicio 2016, como tamén recollen os informes da Tesourería.

2. A cantidade total prevista nos orzamentos do 2016 para atender o gasto da produtividade do persoal da área tributaria de 1.095.329 euros é o resultado de incrementar o 1 % a dotación do exercicio anterior e, unha vez deducida a cantidade de 30.000 euros da reclamación estimada ao xefe da UCRE (achega como documento anexo unha folla de conciliación entre as partidas dese concepto no 2015 e 2016, co axuste pola devandita reclamación, para que se poida comprobar a veracidade desa afirmación).

3. Esa dotación orzamentaria da área tributaria é o resultado da aplicación do sistema unificado da produtividade do seu persoal, segundo o previsto no convenio colectivo e no acordo plenario do 27 de novembro do 2014, e a súa desagregación entre as partidas de produtividade de persoal funcionario e laboral ten en conta o previsto nese acordo.

4. Non hai insuficiencia orzamentaria para o gasto previsto no concepto de produtividade da área tributaria.

CUARTO: O informe do asesor xurídico

O asesor xurídico indica que nos informes xa citados queda acreditado que non hai insuficiencia orzamentaria e que non se cumpre ningún outro dos motivos legalmente previstos de impugnación do orzamento, polo que entende que o Pleno ten que rexeitar a reclamación presentada.

3. PROPOSTA DE ACORDO:

A demora na ratificación do acordo do Pleno de aprobar inicialmente o orzamento do exercicio 2016 e as súas bases de execución suporía pospor a execución dos investimentos e transferencias de capital previstas nel, o que lles afectaría aos intereses xerais que se pretenden atender.

Despois dun estudo exhaustivo da reclamación presentada e vistos os informes emitidos, proponse ás señoras e señores deputados integrantes da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior que ditaminen favorablemente e aos integrantes do Pleno Provincial que aproben as seguintes propostas:

1) Desestimar as alegacións contidas no escrito de reclamación presentado pola Sección Sendical da Confederación Intersendical Galega (CIG) na Deputación Provincial da Coruña.

2) Aprobar definitivamente o orzamento provincial para o exercicio 2016 e as bases para a súa execución.

3) Dispor a publicación do resumo por capítulos do orzamento provincial para o exercicio 2016 no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, conforme ao establecido no artigo 20.5 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4) Remitirlle copia do expediente definitivamente aprobado á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/190, do 20 de abril e nos artigos 169.34 e 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Tamén se lle remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas entidades locais para darlle cumprimento ao disposto no artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

De conformidade co establecido nas normas de aplicación, contra a aprobación definitiva do orzamento provincial do exercicio 2016 e das bases para a súa execución poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición.

47. PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA POR JUAN PABLO GARCÍA SERRANO COMO DELEGADO SENDICAL DA SECCIÓN SENDICAL DA CSIF NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CONTRA O CADRO DE PERSOAL, RPT E ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2016

Durante o período de exposición pública do acordo de aprobación inicial do orzamento provincial do exercicio 2016 e das bases para a súa execución, presentouse a reclamación que se indica:

- Escrito de reclamación presentado pola Sección Sendical da CSIF na Deputación Provincial da Coruña (Rexistro de entrada núm. 58019, do 17 de decembro de 2015).

A continuación analízase a reclamación presentada:

1. ANTECEDENTES

As propostas do Servizo de Persoal e Organización para o exercicio 2016 foron consideradas na mesa de negociación que tivo lugar o día 28 de outubro de 2015.

A documentación que integra o expediente do orzamento xeral do exercicio 2016 foi sometida ao ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior na sesión ordinaria que levou a cabo o 24 de novembro de 2015.

Posteriormente, o devandito expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de novembro de 2015.

A través do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 229, de 30 de novembro de 2015, expúxose ao público o devandito expediente, de acordo coas normas de aplicación vixentes.

En relación co escrito presentado, emitíronse os informes que a continuación se indican:

- Informe emitido hoxe pola xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

- Informe do asesor xurídico emitido hoxe.

2. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: De acordo co establecido no artigo 170.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, unicamente poden formularse reclamacións contra o orzamento das entidades locais polas seguintes causas:

a) Por non axustárense a súa elaboración e aprobación aos trámites previstos nesta Lei.

b) Por omitirse o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

c) Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos en relación aos gastos orzados ou destes respecto das necesidades para as que estean previstos.

Pois ben, ningunha das circunstancias expresadas se dá no expediente tramitado:

a) A súa elaboración e aprobación realizáronse con estrito cumprimento da legalidade vixente e leváronse a cabo todos os trámites previstos nas normas orzamentarias de aplicación.

b) No orzamento inicialmente aprobado contéñense as dotacións orzamentarias necesarias para facerlle fronte ás obrigas legalmente esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal expreso ou de calquera outro título lexítimo. Tal circunstancia acredítase particularmente no que respecta aos gastos de persoal (electos, funcionarios, laboral ou eventual) a través do Anexo de Persoal que forma parte da documentación que integra o expediente orzamentario.

c) O orzamento inicialmente aprobado está formalmente equilibrado e, por tanto, ponse de manifesto a suficiencia dos ingresos en relación cos gastos orzados e destes respecto das necesidades para as que están previstos.

SEGUNDO: No informe da xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recurso Humanos que figura no expediente póñense de manifesto, entre outras, as seguintes consideracións relevantes:

Non se incorre no acordo de aprobación inicial do orzamento de 2016 en ningún dos supostos senalados pola normativa vixente, artigo 170.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O informe da Intervención do día de hoxe senala que :

1. En ningún momento a reclamación fai referencia ningunha a eses supostos citados, xa que o que se esta a solicitar é unha modificación da relación dos postos de traballo.

2. O reclamante fai referencia no seu escrito ao cadro de persoal, relación de postos de traballo e orzamento do 2016 como un todo indiferenciado cando a súa natureza, finalidade e procedemento de tramitación son ben distintos. Lembremos que os actos de aprobación do orzamento e da relación de postos de traballo están regulamentados por normas substantivas diferentes. Cada un ten uns trámites e procesos propios e diferenciados, con contidos documentais

e actuacións previas específicos. Son acordos distintos do Pleno corporativo que se expoñen ao público separadamente e que son obxecto dun réxime de reclamacións e recursos diferentes e diferenciados.

3. PROPOSTA DE ACORDO:

A demora na ratificación do acordo do Pleno de aprobar inicialmente o orzamento do exercicio 2016 e as súas bases de execución suporía pospor a execución dos investimentos e transferencias de capital previstas nel, o que lle afectaría aos intereses xerais que se pretenden atender.

Despois dun estudo exhaustivo da reclamación presentada e vistos os informes emitidos propónselles ás señoras e señores deputados integrantes da Comisión Informativa de Economía e Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior que ditaminen favorablemente e aos integrantes do Pleno provincial que aproben as seguintes propostas:

1. Desestimar as alegacións contidas no escrito de reclamación presentado pola Sección Sendical da CSIF na Deputación Provincial da Coruña.

2. Aprobar definitivamente o orzamento provincial para o exercicio 2016 e as bases para a súa execución.

3. Dispor a publicación do resumo por capítulos do orzamento provincial para o exercicio 2016 no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, conforme o establecido no artigo 20.5 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4. Remitirlles copia do expediente definitivamente aprobado á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do dispostos nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/190, do 20 de abril e nos artigos 169.34 e 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Tamén se lle remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para darlle cumprimento ao disposto no artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

De conformidade co establecido nas normas de aplicación, contra a aprobación definitiva do orzamento provincial do exercicio 2016 e das bases para a súa execución poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición.

48. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2016 E DAS BASES PARA A SÚA EXECUCIÓN

Durante o período de exposición pública do acordo de aprobación inicial do orzamento provincial do exercicio 2016 e das bases para a súa execución presentáronse as reclamacións que se indican:

- Escrito de reclamación presentado pola Sección Sendical da Confederación Intersendical Galega (CIG) na Deputación Provincial da Coruña (Rexistro de entrada núm. 40512 do 15 de decembro de 2015).

- Escrito de reclamación presentado pola Sección Sendical da CSIF na Deputación Provincial da Coruña (Rexistro de entrada núm. 58019 do 17 de decembro de 2015).

- Escrito de reclamación presentado pola Sección Sendical Somos-Galicia no rexistro do Centro de Atención ao Cidadán (Dr. Teixeiro) Santiago de Compostela da Xunta de Galicia (Rexistro de entrada núm. 27941 do 18 de decembro de 2015).

1. ANTECEDENTES

As propostas do servizo de Persoal e Organización para o exercicio 2016 foron consideradas na mesa de negociación que tivo lugar o día 28 de outubro de 2015.

A documentación que integra o expediente do orzamento xeral do exercicio 2016 foi sometida ao ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior na sesión ordinaria que se levou a cabo o 24 de novembro de 2015.

Posteriormente, o devandito expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de novembro de 2015.

A través do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 229, de 30 de novembro de 2015, expúxose ao público o devandito expediente, de acordo coas normas de aplicación vixentes.

En relación cos dous primeiros escritos presentados emitíronse os informes que a continuación se indican:

Ao escrito da CIG:

- Informe da Tesourería do 20 de novembro e 17 de decembro deste ano.

- Informe emitido pola xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos o pasado 15 de decembro.

- Informe emitido polo asesor xurídico o 18 de decembro de 2015.

Ao escrito da CSIF:

- Informe emitido pola xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos o 18 de decembro de 2015.

- Informe emitido polo asesor xurídico o 18 de decembro de 2015.

En relación co escrito de Somos-Galicia deben considerarse o contido dos seguintes informes:

- Informes da Tesourería do 20 de novembro e do 17 e 28 de decembro deste ano.

- Informe emitido pola xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos no día de hoxe.

- Informes da Asesoría Xurídica.

2. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

PRIMEIRO: De acordo co establecido no artigo 170.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, unicamente poden formularse reclamacións contra o orzamento das entidades locais polas seguintes causas:

a) Por non axustárense a súa elaboración e aprobación aos trámites previstos nesta Lei.

b) Por omitirse o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

c) Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos en relación aos gastos orzados ou deste respecto das necesidades para as que estean previstos.

Pois ben, ningunha das circunstancias expresadas se dá no expediente tramitado:

a) A súa elaboración e aprobación realizouse con estrito cumprimento da legalidade vixente e leváronse a cabo todos os trámites previstos nas normas orzamentarias de aplicación.

b) No orzamento inicialmente aprobado contéñense as dotacións orzamentarias necesarias para facer fronte ás obrigas legalmente esixibles á entidade local en virtude de precepto legal expreso ou de calquera outro título lexitimo. Tal circunstancia acredítase particularmente no que respecta aos gastos de persoal (electos, funcionarios, laboral ou eventual) a través do Anexo de Persoal que forma parte da documentación que integra o expediente orzamentario.

c) O orzamento inicialmente aprobado está formalmente equilibrado e, por tanto ponse de manifesto a suficiencia dos ingresos en relación cos gastos orzados e destes respecto das necesidades para as que están previstos.

SEGUNDO: Os informes relativos ás reclamacións formuladas pola CIG e pola CSIF xa foron analizados na comisión informativa celebrada o 23 de decembro de 2015 e ditaminouse o rexeitamento das reclamacións formuladas.

TERCEIRO: Alegación presentada por Somos-Galicia

A) Os informes da Tesourería achegan as seguintes conclusións:

1. Só hai un sistema de produtividade para a área tributaria no exercicio 2016 que resulta da aplicación do convenio colectivo do persoal laboral e do acordo plenario do 27 de novembro de 2014 e a súa desagregación en dúas aplicacións orzamentarias diferentes, unha para o persoal funcionario e outra para o laboral, vén imposta pola clasificación orzamentaria do gasto do persoal.

2. A previsión orzamentaria da produtividade da área tributaria e razoable e abonda para atender o gasto previsto nese concepto, sen prexuízo de que se houbese unha mellora no cumprimento dos obxectivos da área haberá que suplementar a súa dotación orzamentaria.

B) O informe da xefa do servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos que propón desestimar a reclamación sendical, xa que:

1. As contías das aplicacións orzamentarias de produtividade da área tributaria son precisamente o resultado da aplicación do acordo plenario do 27 de novembro de 2014 que establece un novo sistema unificado para toda a área tributaria.

2. En canto ao complemento específico do posto de técnico financeiro-tributario cumpriuse estritamente o disposto no artigo 23 da Lei 48/2015 de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016 ao incrementar o complemento específico un 1 % respecto da contía vixente o 31 de decembro de 2015 e só é posible a súa modificación cos trámites legalmente previstos: valoración de postos de traballo, negociación sendical etc.

3. Con base a normativa legal aplicable negociouse coa representación sendical, na Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos da Deputación da Coruña o 28 de outubro de 2015 a relación de postos de traballo do 2016, polo que non é posible polo trámite de alegacións modificar a forma de provisión da praza de xefatura da unidade central de recadación executiva (UCRE).

C) Informe do asesor xurídico

O asesor xurídico indica que nos informes xa citados queda acreditado que non hai insuficiencia orzamentaria e que non se cumpre ningún outro dos motivos legalmente previstos de impugnación do orzamento, polo que entende que o Pleno ten que rexeitar a reclamación presentada.

3. PROPOSTA DE ACORDO

A demora na ratificación do acordo do Pleno de aprobar inicialmente o orzamento do exercicio 2016 e as súas bases de execución suporía pospor a execución dos investimentos e transferencias de capital previstos nel, o que lles afectaría aos intereses xerais que se pretenden atender.

Despois dun estudo exhaustivo das reclamacións presentadas e vistos os informes emitidos, propónselles ás señoras e señores deputados integrantes da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior que ditaminen favorablemente e aos integrantes do Pleno Provincial que aproben as seguintes propostas:

1. Reiterar a desestimación das alegacións formuladas pola CIG e pola CSIF e desestimar as alegacións contidas no escrito de reclamación presentado polo delegado sendical de Somos-Galicia.

2. Aprobar definitivamente o orzamento provincial para o exercicio 2016 e as bases para a súa execución.

3) Dispor a publicación do resumo por capítulos do orzamento provincial para o exercicio 2016 no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, conforme ao establecido no artigo 20.5 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4) Remitirlles copia do expediente definitivamente aprobado á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/190, do 20 de abril e nos artigos 169.34 e 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Tamén se lle remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para darlle cumprimento ao disposto no artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, e da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

De conformidade co establecido nas normas de aplicación, contra a aprobación definitiva do orzamento provincial do exercicio 2016 e das bases para a súa execución poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición.

49. APROBACIÓN DEFINITIVA DO CADRO DE PERSOAL PARA O ANO 2016

Vistas as reclamacións presentadas e os informes emitidos sobre o cadro de persoal 2016 desta Deputación, aprobado inicialmente polo acordo plenario do 27 de novembro de 2015 e publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 229, do día 30 seguinte, acórdase:

1. Desestimar as reclamacións presentadas polos sendicatos CIG, CSIF e Somos-Galicia.

2. Advertidos erros materiais no cadro de persoal 2016 desta Deputación, acórdase a súa rectificación no seguinte sentido:

Onde di: "ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL. SUBESCALAS.- Xestión.- A2.- TOTAL 17", debe dicir: "ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL. SUBESCALAS.- Xestión.- A2.- TOTAL 16".

Onde di: "ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL. SUBESCALA TÉCNICA. CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO.- ATS/DUE de empresa.- A2.- 2", debe dicir: "ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL. SUBESCALA TÉCNICA. CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO.- ATS/DUE de empresa.- A2.- 1"

Onde di: "ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL. SUBESCALA TÉCNICA. CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO", incluír: "ATS/DUE.- A2.- 1", e "Técnico/a de prevención de riscos laborais.- A2.- 1".

3. Aprobar definitivamente o cadro de persoal 2016 desta Deputación.

4. Darlle traslado da devandita aprobación definitiva á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e á Dirección General de Cooperación Local, Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, do Ministerio de Administraciones Públicas, para os efectos oportunos.

5. Publicar o cadro de persoal 2016 aprobado no Boletín Oficial da Provincia.

50. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO ACOREUROPA, NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE ERASMUS+ 2014-2020

1. Tendo en conta que o período de execución do proxecto obxecto de financiamento foi desde o 1.10.2014 ata o 30.09.2015, excepcionar a aplicación do principio de imputación temporal do gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do Texto refundido da Lei de facendas locais.

2. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que dificultan a convocatoria pública da subvención, e entender que con isto se considera levantado o reparo da Intervención a este expediente.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello da Coruña (CIF P1503000J), para regular a achega de 15.000 euros para o cofinanciamento do Programa de bolsas Europa FP-Proxecto ACOREUROPA, no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente ERASMUS+, cun orzamento subvencionado de 830.457,10 euros, o que supón un coeficiente de financiamento do 1,8062 %.

4. Imputar o gasto á partida 0520/3263/46201, documento RC núm. de operación 220150048199, do vixente orzamento xeral para 2015.
5. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO ACOREUROPA, NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE ERASMUS+ 2014-2020

Na Coruña, ... de ..... de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra, D. …….., concelleiro delegado de Educación, Deportes e Xuventude do Concello da Coruña (CIF P1503000J).

Ambos os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

O Programa Erasmus+ foi creado pola Unión Europea para promover un espazo europeo en materia de educación e formación profesional. Un dos seus obxectivos esenciais é mellorar a calidade da formación profesional de modo que axude a preparar a mocidade traballadora fronte aos cambios tecnolóxicos e industriais e mellorar as posibilidades de emprego.

O Programa Erasmus+ ofrécelles aos estudantes e acabados de graduar a posibilidade de realizaren prácticas en organismos e empresas doutros países europeos que lles acheguen cualificacións profesionais complementarias, co fin de melloraren as oportunidades de acceso ao mundo laboral. Ao mesmo tempo, pretende ofrecerlles aos organismos e empresas de acollida unha experiencia transnacional e un apoio á innovación a través da transferencia de tecnoloxía mediante a mobilidade dos recursos humanos.

Na convocatoria realizada no 2014 polo Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos – OAPEE (actualmente, Servicio Español para la Internacionalización de la Educación – SEPIE), no marco do Erasmus+ 2014-2020, o Concello da Coruña participou por medio dun programa de Bolsas Europa FP-Proxecto ACOREUROPA, no que a Deputación da Coruña manifestou a súa vontade de participar como entidade socia a través de colaboración no seu financiamento, no caso de que fose aprobado.

O citado proxecto foi finalmente aprobado polo OAPEE, polo que procede agora a suscrición do correspondente convenio administrativo co Concello da Coruña no que se formalice a participación da Deputación da Coruña.

CLÁUSULAS

I. Obxecto do convenio

O obxecto do convenio é a formalización da participación da Deputación Provincial da Coruña, como entidade socia, na execución do programa de Bolsas Europa FP-Proxecto ACOREUROPA, promovido polo Concello da Coruña no marco do Programa Erasmus+ 2014-2020.

O proxecto prevé a concesión de 50 bolsas, de ata 9 meses de duración, para realizar nos anos 2014 e 2015, nos seguintes países: Austria, Italia, Reino Unido, Irlanda e Francia, dirixidas a alumnado titulado nos diferentes ciclos formativos de Formación Profesional que se imparten nos institutos de enseno secundario e centros integrados de formación profesional públicos do concello da Coruña.

As bolsas inclúen un período de preparación/formación lingüística, cultural e profesional de 70 horas, durante o mes anterior ás saídas aos países de destino.

O convenio de subvención foi asinado polo OAPEE o 21.11.2014, e o prazo de execución do proxecto remata o 30 de setembro de 2015.

A Deputación participará na súa execución mediante:

- Asesoramento técnico nas distintas etapas do proxecto

- Apoio nas estrategias de difusión

- Asistencia na definición do calendario de traballo

- Apoio no contacto cos organismos intermediarios do proxecto

- Asistencia na elaboración e entrega da documentación aos/ás participantes

- Cofinanciamento do proxecto cunha achega de 15.000,00 euros

II. Orzamento do proxecto

O orzamento do proxecto ascende a 830.457,10 euros, cuxas partidas e financiadores se detallan no seguinte cadro de financiamento:

CONCEPTO DE GASTO	FINANCIADOR			TOTAL (€)
	OAPEE	DEPUTACIÓN	CONCELLO DA CORUÑA	
Xestión do proxecto	42. 350,00	0,00	0,00	**42.350,00**
Preparación lingüística e cultural dos/as participantes	7.500,00	0,00	0,00	**7.500,00**
Estadías (aloxamento, manutención, transportes e organización en destino) e viaxes	740.756,00	15.000,00	19. 851,10	**775.607,10**
Seguros e difusión	0,00	0,00	5.000,00	**5.000,00**
TOTAL (€)	**790.606,00**	**15.000,00**	**24.851,10**	**830.457,10**

III. Financiamento provincial e outros ingresos

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 15.000,00 euros, que equivalen ao 1,8062 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 1,8062 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo á subvención do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos – OAPEE (hoxe SEPIE) e aos recursos propios do Concello da Coruña, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle é imputable.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/3263/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. Publicidade do orzamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Unha vez asinado o convenio aboarase un primeiro prazo, por importe do 50 % do importe da achega provincial, despois da presentación por parte do Concello da Coruña dunha copia compulsada da primeira resolución de adxudicación das bolsas aos/ás participantes.

2. O 50 % restante da achega aboarase despois da xustificación da execución total do proxecto, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Informe final do proxecto, presentado perante o SEPIE, subscrito polo representante legal da entidade beneficiaria, de acordo co modelo normalizado establecido polo citado servizo, xustificativo do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Copia compulsada da segunda e ulteriores resolucións de adxudicación das bolsas aos/ás participantes, se as houber.

- Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, o Concello da Coruña deberá acreditar que está ao día nas súas obrigas tributarias e sociais, así como coa Deputación Provincial (este último extremo farase de oficio).

4. O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 1.10.2014 e o 30.09.2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicionalnon eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, o Concello da Coruña deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida ou autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/a perceptor/a. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se for o caso, e segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlle remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. Considerando que o proxecto ACOREUROPA se realiza entre 1 de outubro do 2014 e o 30 de setembro de 2015, o convenio terá efectos retroactivos desde o 1.10.2014 e estenderá a súa vixencia ata o 31.10.2016.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter realizados os investimentos e presentada a xustificación antes do día 31.08.2016, deberá solicitar antes desta data a prórroga do prazo inicial mediante solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2016. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes da unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións, nomeados polo presidente da Deputación e polo da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo o ..... de ..... de 2015.

E, en proba de conformidade, as dúas partes asínano por cuadriplicado exemplar na data que se indica na cabeceira.

O presidente da Deputación Provincial da Coruña	O concelleiro de Educación do Concello da Coruña
Valentín González Formoso	……..

51. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN COLABORACIÓN Y ESFUERZO, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE PREVENCIÓN SOCIAL DE NENOS/AS E MOZOS/AS DE GRUPOS EN SITUACIÓN DE RISCO, EN TEGUCIGALPA-HONDURAS, NO ANO 2015

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que dificultan a convocatoria pública da subvención, e entender que con isto se considera levantado o reparo da Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Asociación Colaboración y Esfuerzo – ACOES (CIF G15730542), para regular a achega de 15.000 euros para o cofinanciamento do Proxecto de prevención social de nenos/as e mocidade de grupos en situación de risco en Tegucigalpa - Honduras, no ano 2015, cun orzamento subvencionado de 20.186,56 euros, o que supón un coeficiente de financiamento do 74,31 %.

3. Imputar o gasto á partida 0520/23131/481, documento RC núm. de operación 220150046784, do vixente orzamento xeral para 2015.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN COLABORACIÓN Y ESFUERZO, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE PREVENCIÓN SOCIAL DE NENOS/AS E MOZOS/AS DE GRUPOS EN SITUACIÓN DE RISCO, EN TEGUCIGALPA – HONDURAS, NO ANO 2015

A Coruña, ... de ..... de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña e actúa na súa calidade de presidente, conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Luis María Vázquez Arcay, con DNI 3532 399 430 C, que intervén neste acto en nome e representación da Asociación Colaboración y Esfuerzo – ACOES (CIF G15730542), con enderezo na rúa Francisco Mariño, 21 – 1º esquerda (A Coruña), na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración e

EXPOÑEN

A Asociación Colaboración y Esfuerzo - ACOES (a beneficiaria, en diante; CIF G15730542) é unha organización non gobernamental para o desenvolvemento, inscrita

no Rexistro Central de Asociacións co núm. 2004/007607-1 (SC) e no Rexistro Galego de Organizacións non Gobernamentais de Axuda ao Desenvolvemento co núm. 104.

O proxecto que promove a beneficiaria pretende mellorar as condicións de vida dos habitantes da Colonia Villa Cristina – Tegucigalpa (Honduras), marcada pola extrema pobreza e a inseguridade que provoca o alto nivel de delincuencia a través de grupos xuvenís e bandas organizadas denominadas "maras", mediante unhas estratexias de intervención que incidan no desenvolvemento individual e interpersoal dos mozos e mozas, no reforzo do seu desenvolvemento educativo e na formación profesional, mediante coñecementos aos seus responsables (pais, nais ou titores) que contribúan a mellorar as súas condicións de vida.

A súa execución aféctalle a un dos países cun nivel de desenvolvemento humano baixo (IDH/2014: 129, sobre 187), calificado como xeograficamente prioritario polo Plan Director da Cooperación Galega 2014 – 2017. Ademais, ao incidir no acceso á educación de grupos en situación de risco, contribúe á consecución do 2º dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (universalización da ensenanza primaria) e á inclusión social e loita contra a pobreza, razón pola que é configurado tamén como prioridade horizontal e transversal tanto para a cooperación galega como para a estatal.

Polo que respecta á competencia da Deputación da Coruña, o art. 20 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional ao desenvolvemento establece que a cooperación para o desenvolvemento que se realice desde as entidades locais, expresión solidaria das súas respectivas sociedades, inspírase nos principios, obxectivos e prioridades establecidas a través do Plan Director da Cooperación Española 2013-2016.

O art. 23.1.a) da Lei galega 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación ao desenvolvemento cita as entidades locais entre os axentes da cooperación galega e, segundo o seu art. 5, os principios e criterios da cooperación galega vinculan todas as políticas e actuacións dos entes locais galegos, establecidos a través do Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno corporativo de …....., a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da entidade Asociación Colaboración y Esfuerzo - ACOES, por importe de 15. 000,00 euros, para o financiamento do Proxecto de prevención social de nenos/as e mozos/mozas de grupos en situación de risco en Tegucigalpa – Honduras, no ano 2015.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Colaboración y Esfuerzo - ACOES, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBbxecto do convenio

O Proxecto de prevención social de nenos/as e xóvenes de grupos en situación de risco en Tegucigalpa - Honduras, no ano 2015 ten como obxectivo xeral mellorar as condicións de vida dos nenos/as e mozos/as da Colonia Villa Cristina (Tegucigalpa) e

como obxectivo específico que os nenos/as e mozos/as acaden a integración social, familiar e no sistema educativo do país.

Tal e como se detalla no documento de formulación do proxecto que se acompaña, as actuacións desenvolveranse durante o ano 2015 nas seguintes frontes:

1) Fomentando o desenvolvemento individual e interpersoal dos beneficiarios, mediante a atención médica, psicolóxica e nutricional; excursións, ludoteca, charlas semanais sobre valores, economía de fichas e festival da canción mímica.

2) Reforzando o desenvolvemento educativo e a formación profesional de cada beneficiario, para facilitar as matrículas nos centros educativos do país, a subministración de material escolar necesario, reforzo escolar, obradoiro de serigrafía, obradoiro de computación e visitas escolares; e

3) Proporcionándolles aos responsables dos beneficiarios os coñecementos que contribúan a mellorar as súas condicións de vida.

Da execución do proxecto beneficiaranse directamente 121 persoas, aproximadamente, das que 70 son nenos/as e mocidade de idades comprendidas entre os 7 e os 18 anos, e 51 son os responsables dos anteriores (pais, nais ou titores). Asemade, tamén se beneficiarán directamente un grupo doutros 300 mozos/as da zona de influencia do proxecto, que teñen acceso a algunhas das actividades que se realizan no Centro Santa Mónica. Indirectamente, beneficiaríase toda a poboación da Colonia Villa Cristina, unhas 7000 persoas, que poderán gozar dun ambiente menos conflitivo na zona.

A intervención da beneficiaria farase a través da súa homóloga hondureña, do mesmo nome: Asociación Colaboración y Esfuerzo – ACOES Honduras, organización con experiencia acreditada na execución de proxectos desta natureza en Honduras, que para estes efectos creou no ano 2004 un centro educativo e asistencial, o Centro Santa Mónica, na Colonia de Villa Cristina – Tegucigalpa.

III. Orzamento

O orzamento de execución, segundo se indica no documento de formulación do proxecto, ascende a 20.186,56 euros, cuxo detalle é o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Funcionamento (luz, gas, comunicacións)	918,77
Mantemento (pintura, pequenas reparacións, limpeza)	1.848,10
Nutrición	7.814,80
Uniformes escolares	1.848,10
Material para obradoiros (serigrafía, computación etc.)	1.388,13
Combustible (para a realización das actividades de xestión do centro)	1.968,44
Cotas e achegas escolares	110,00
Material escolar (útiles e outro material funxible)	2.178,11
Actividades lúdicas (saídas en equipo e excursións)	2.112,11
TOTAL	**20.186,56**

III. Financiamento provincial e outros ingresos

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 15.000,00 euros, o que equivale a un 74,31 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,31 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos, sempre e cando acredite a entidadebeneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle é imputable.

2. Ahora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23131/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade, corresponderanlle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a

distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. Xustificación necesaria para recibir a subvención

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

1.1.Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Esta memoria acompañarase dunha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

1.2.Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.3.Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.4.Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

1.5.Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.6.Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

1.7.Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2.Porén, a entidade beneficiaria poderá solicitar o aboamento dun primeiro prazo, con carácter de anticipo prepagable, por importe equivalente ao 50 % da achega concedida, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (bases 49ª e 57ª das de execución do orzamento provincial para o 2015, en relación coa Disposición Adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

2.1.Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se teña presentada a xustificación correspondente.

2.2.Xunto coa solicitude do pagamento anticipado, a entidade beneficiaria deberá acreditar o seguinte:

2.2.1.A apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender o proxecto de prevención social de nenos/as e xóvenes de grupos en situación de risco en Tegucigalpa (Honduras)”, con cargo á que deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitírselle á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

2.2.2.O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

2.2.3.O compromiso de colaboración da contraparte local, en virtude do cal esta se compromete coa beneficiaria a colaborar na execución do proxecto, nos termos do presente convenio.

3.Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades obxecto de financiamento provincial desenvolveranse entre o 1.01.2015 e o 31.12.2015, tal e como se recolle na cláusula primeira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que

se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme co disposto nos artículos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artículos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedimento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artículos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artículos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia ao/á interesado/a.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de noviembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención, co límite de 75 euros; sei o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20 %, co límite de 150 euros..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei se imporá no seu grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención concedida, co límite de 75 euros, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400 euros, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artículo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlle remitidos á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artículo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artículo 18 de la Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devindicados desde o día 1.01.2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.06.2016.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.04.2016, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, por medio dunha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2016. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes da unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo o ….. de …..... do 2015.

E en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña	En representación da Asociación Colaboración y Esfuerzo - ACOES
Valentín González Formoso	Luis María Vázquez Arcay

52. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO VACACIÓNS EN PAZ 2015

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que dificultan a convocatoria pública da subvención, e entender que con isto se considera levantado o reparo da Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (CIF G15924558), para regular a achega de 28.480,00 euros para o cofinanciamento do proxecto Vacacións en paz 2015, cun orzamento subvencionado de 35.600,00 euros, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 %.

3. Imputar o gasto á partida 0520/23131/481, documento RC núm. de operación 220150040900, do vixente orzamento xeral para 2015.

1. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, para o financiamento do proxecto Vacacións en paz 2015

A Coruña, ... de ..... de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte D. Valentín González Formoso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Dna. María Isla Avión, con DNI 35.544.300-P, en representación da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (CIF G15924558), con domicilio social na Avda. do Alcalde Gregorio Espino, 57 Baixo, 36205 - Vigo (Pontevedra), en calidade de presidenta da citada Asociación.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (a beneficiaria, en diante) é unha asociación sen ánimo de lucro, constituída no 2004, ao amparo da Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Entre os seus fins figuran, entre outros, desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharauí e, en xeral, a promoción dos vínculos da sociedade galega co pobo saharauí.

O proxecto Vacacións en paz desenvólvese desde hai anos en todo o territorio español coa colaboración de diversas entidades públicas (concellos, deputacións etc.), privadas e particulares, e na súa virtude centos de nenos/as saharauís abandonan temporalmente as duras condicións de vida dos seus lugares de orixe para pasar o período de vacacións escolares (xullo e agosto) nun ambiente distinto, acollidos por familias españolas.

O proxecto Vacacións en paz 2015, que promove a beneficiaria, ten por obxecto unha actividade que se encadra nas orientacións estratéxicas e prioridades xeográficas tanto da cooperación galega como da española, ao afectarlle ás vítimas de crises humanitarias, orixinadas por conflitos actuais ou esquecidos, como é o caso da poboación saharauí, desprazada e refuxiada nos campamentos de Tinduf-Alxeria, segundo se describe tanto no Plan director da cooperación galega 2014-2017 como no Plan director da cooperación española 2013-2016.

A Deputación Provincial da Coruña vén colaborando coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí no desenvolvemento do citado proxecto, por medio de financiamento para levar a cabo as súas distintas edicións. Por acordo do Pleno corporativo do …/……/2015 aprobouse a renovación da colaboración mediante a concesión dunha subvención nominativa por importe de 28.480,00 euros, para o financiamento do proxecto Vacacións en paz 2015.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto do convenio

Aínda que no marco do proxecto “Vacacións en Paz 2015”, centos de nenos/as saharauís abandonan temporalmente as duras condicións de vida dos seus lugares de orixe nos campamentos de refuxiados de Tinduf - Alxeria, para pasar o período de vacacións escolares (xullo e agosto) acollidos por familias españolas, o obxecto da achega da Deputación para a execución da edición do 2015 se concreta no custe do desprazamento de 40 nenos/as entre os que serán acollidos por familias residentes en concellos galegos do ámbito territorial da provincia da Coruña.

A execución do proxecto estará a cargo da "Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí", que actuará en colaboración coa Delegación Saharauí para Galicia e as familias e concellos de acollida.

II. Orzamento

O orzamento de execución do proxecto afecta aos gastos de desprazamento de 40 nenos/as e ascende a **35.600,00 euros**, que representa un custe por neno/a de 890 €, no que se inclúe únicamente o custe do vóo charter na liña que opera neses territorios.

III. Financiamento provincial e outros ingresos

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 28.480,00 euros, o que equivale a un coeficiente de financiamento

do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle é imputable.

2. Ahora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23131/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. Xustificación necesaria para recibir a subvención

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

1.1.Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Esta memoria acompañarase dunha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

1.2.Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.3.Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.4.Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

1.5.Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.6.Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades obxecto de financiamento provincial desenvolveranse entre o 1.06.2015 e o 30.09.2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os

relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e outros órganos de control externo

1. Conforme co disposto nos artículos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artículos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedimento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artículos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artículos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de noviembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención, co límite de 75 euros; se o atraso excede de tres meses, a sanción será dun 20 %, co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no seu grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención concedida, co límite de 75 euros, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400 euros, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 %, co límite de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artículo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlle remitidos á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respeto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artículo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artículo 18 de la Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devindicados desde o día 1.06.2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.06.2016.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.04.2016, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, mediante unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30.06.2016. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes da unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións, nomeados polo Presidente da Deputación e polo da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo o …. de …… do 2015.

E en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña	En representación da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí
Valentín González Formoso	Maite Isla Avión

53. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CASA DE GALICIA (URUGUAI) PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO SANITARIO PARA OS SEUS CENTROS SANITARIOS EN MONTEVIDEO

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo da Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co "CASA DE GALICIA (URUGUAY)", Cif T000000039, para regular a achega de 25.000,00 euros para o cofinanciamento do equipamento sanitario que foi adquirido pola entidade, segundo a factura de "Mare Ltda." núm. A-15193, de 14.10.2015, por importe de 42.385,24 USD, equivalentes a 37.395,65 €, consistente nunha "Máquina de anestesia GE Ohmeda e un monitor de gases GE Datex", o que supón un coeficiente de financiamento do 66,8527 %.

3. Imputar o gasto á Partida 0520/23132/781, documento RC núm. de operación 220150049693, do vixente orzamento xeral para 2015.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Casa de Galicia (Uruguai) para o cofinanciamento da adquisición de equipamento sanitario para os seus centros sanitarios en Montevideo

Na cidade de ……..…, ….. de …… de 2015

REUNIDOS

Dunha parte D. Valentín González Formoso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Manuel Ramos Pérez, que intervén neste acto en nome e representación da Casa de Galicia, cuxo domicilio social está en Colonia, 1474, Montevideo (Uruguai), actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración e

M A N I F E S T A N

A Casa de Galicia (en diante, a beneficiaria) é unha asociación civil sen fins de lucro, tal e como rezan os seus estatutos, inscrita no Rexistro da Galeguidade da Xunta de Galicia, fundada en 1917,ao amparo da lexislación da República do Uruguai, que ten como finalidade outorgar servizos de asistencia médica colectiva, que conta cun local central, un sanatorio e catro policlínicas localizadas na cidade de Montevideo.

A cidadanía da provincia da Coruña e as institucións que a representan deben mantener unha estreita relación solidaria con aqueles membros da súa concidadanía que, por diversas circunstancias, se atopan alonxados da súa terra, organizados a través de asociacións que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á súa protección e atención das necesidades básicas, así como ao mantemento dos lazos culturais.

A Lei 40/2006, do 14 de decembro, pola que se aproba o Estatuto da cidadanía española no exterior, constitúe o marco xeral de regulación dos dereitos dos españoles residentes no exterior e fai un chamamento xeral a todos os poderes públicos para promover, entre outros aspectos, a protección e apoio aos servicios sociais para maiores e dependentes (art. 20), así como á colaboración entre o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións locais para a promoción de políticas de protección e retorno.

Aínda que a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, supuxo unha modificación importante na configuración xeral do mapa competencial das entidades locais, de tal xeito que, actualmente, resulta cuestionable a competencia das entidades locais para levar a cabo actuacións neste eido, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de adaptación a Galicia da reforma citada permite ás entidades locais darlles continuidade a aquelas actuacións de fomento establecidas en exercicios anteriores, tales como as que a Deputación da Coruña vén levando a cabo desde hai máis dunha década en favor das colectividades galegas.

Por ser finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas no exterior, especialmente aqueles/as que están máis necesitados/as; de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos e estimando conveniente a continuación no apoio á realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior.

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas.

I. Obxecto

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Casa de Galicia, para o cofinanciamento do equipamento sanitario que foi adquirido pola entidade, segundo a factura de Mare Ltda. núm. A-15193, de 14.10.2015, por importe de 42.385,24 USD, equivalentes a 37.395,65 euros, consistente nunha máquina de anestesia GE Ohmeda e nun monitor de gases GE Datex.

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

O orzamento dos gastos aludidos no apartado anterior ten a seguinte desagregación:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Máquina de anestesia GE Ohmeda e monitor de gases GE Datex	37.395,65
TOTAL	**37.395,65**

O importe da adquisición en USD é de 42.385,24, equivalentes a 37.395,65 euros, segundo os tipos de cambio vixentes nas datas dos distintos pagamentos fraccionados (Recibos núms. 010791, pagado o 7.07.2015, e núm. 011228, pagado o 14.10.2015).

III. Cofinanciamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña comprométese a colaborar no cofinanciamento da citada adquisición cunha achega máxima de 25.000,00 € (VINTE E CINCO MIL EUROS), o que equivale a un coeficiente de financiamento do 66,8527 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 66,8527 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23132/781, do orzamento xeral para 2015, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente por importe de 25.000,00 euros, sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que exista no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, se deberá elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das adquisicións, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá facerse constar sempre o cofinanciamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.

- Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.

- Certificación da incorporación dos bens ou equipamentos obxecto da achega provincial ao inventario de bens da beneficiaria e compromiso de destinalos á finalidade social da entidade durante cinco anos.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contables

xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. A adquisición do equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, foi realizado o día 14.10.2015, data de emisión da factura correspondente.

2. Unha vez realizada a adquisición, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI, no prazo máximo de dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio previsto na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, agás que, por non ter actividades en España, no sexa precisa tal acreditación. Para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o que lle será de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención

outorgada co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, próroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados desde o día 1.07.2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30.06.2016.

2.No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do día 30.04.2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, mediante unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2016. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes da unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo o …... de …..... de 2015.

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación Provincial da Coruña	O presidente da Casa de Galicia
Valentín González Formoso	Manuel Ramos Pérez

54. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O HOGAR ESPAÑOL EN MONTEVIDEO, DA REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI, PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2015

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que dificultan a convocatoria pública da subvención, e entender que con isto se considera levantado o reparo da Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Hogar Español de Montevideo (Uruguai) (CIF T000000031), para regular a achega de 40.000,00 euros para o cofinanciamento dos gastos do fogar de acollida no ano 2015, cun orzamento subvencionado de 57.400,00 euros, o que supón un coeficiente de financiamento do 69,6864 %.

3. Imputar o gasto á partida 0520/23132/481, do vixente orzamento xeral para 2015.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hogar Español de Montevideo, da República Oriental do Uruguai, para o cofinanciamente dos gastos de funcionamento do fogar de acollida no ano 2015

En …….....……., …….. de …… de 2015

R E U N I D O S

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. Ángel Ignacio Domínguez Castro, presidente do hogar Español de Montevideo, da República Oriental do Uruguai.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas.

M A N I F E S T A N

O Hogar Español de Montevideo é unha institución privada sen fins de lucro, constituída para atender a poboación anciá e desamparada de orixe español, con carácter temporal (no seu fogar de día) ou en réxime de residencia permanente. Entre os seus fins está darlle asilo aos/ás anciáns/ás imposibilitados/as para o traballo e carentes de medios de subsistencia ou parentes que podan mantelos; resolver os problemas da ancianidade entre os españois nativos, especialmente os de orixe galego, e prestar os servicios necesarios que requira a súa atención.

A Lei 40/2006, do 14 de decembro, pola que se aproba o Estatuto da cidadanía española no exterior, constitúe o marco xeral de regulación dos dereitos dos españois residentes no exterior e fai un chamamento xeral a todos os poderes públicos para, entre outros aspectos, promover a protección e apoio aos servicios sociais para anciáns/ás e dependentes (art. 20), así como á colaboración entre o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións locais para a promoción de políticas de protección e retorno.

A cidadanía da provincia da Coruña e as institucións que a representan deben mantener unha estreita relación solidaria con aqueles membros da súa concidadanía que, por diversas circunstancias, se atopan alonxados da súa terra, organizados a través de asociacións que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á súa protección e atención das necesidades básicas, así como ao mantemento dos lazos culturais.

Por ser finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, e de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos por estimar conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas.

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Hogar Español de Montevideo, da República Oriental do Uruguai (a beneficiaria, en diante) para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento dos servizos prestados aos usuarios durante o ano 2015, no fogar de acollida sito na Avda. Instrucciones 981, de Montevideo (Uruguai).

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a actividade beneficiaria

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gas natural	29.500,00 €
Alimentación	7.500,00 €
Electricidade	9.500.00 €
Servizo de seguridade	6.000,00 €
Produtos de limpieza	1.900,00 €
Pañales xeriátricos	3.000,00 €
TOTAL	**57.400,00 €**

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña colaborá no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 40.000 euros, que equivale ao 69,6864 % de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificados non acadasen os importes totais previstos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (69,6864 %) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria seguinte: partida 0520/23132/481, por 40.000,00 euros, do orzamento xeral para o 2015.

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade, corresponderalle á beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitarlles cando menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. Os gastos de funcionamento obxecto de financiamento provincial, tal como están descritos na cláusula primeira, deberán estar comprendidos no período 1.01.2015 a 31.12.2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e sociais

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do/a perceptor/a. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Para alén diso, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o que lle será de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da beneficiaria seranlles remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados desde o día 1.01.2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30.06.2016.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do día 30.04.2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, mediante unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30.06.2016. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes da unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo o …. de …..... de 2015.

E en proba de conformidade, asínano en exemplar cuadriplicado, no lugar e data indicados no encabezamento

O presidente da Deputación Provincial da Coruña	O presidente do Hogar Español de Montevideo
Valentín González Formoso	Ángel I. Domínguez Castro

55. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 28474 DO 18/12/2015

Esta comisión toma coñecemento e ratifica o contido da seguinte Resolución da Presidencia:

Núm. 28474, do 18 de decembro de 2015, relativa ás aplicacións orzamentarias de produtividade segundo o establecido no apartado 5 do artigo 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, que dispón que lle "Corresponde ao Pleno de cada Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2,b) desta norma."

A estes efectos tense en conta o informe complementario do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos que pon de manifesto que o obxectivo da presente modificación é adecuar as dotacións orzamentarias ás circunstancias das imputacións efectuadas.

56. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BUENOS AIRES (ARXENTINA), PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2015

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo da Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co "HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BUENOS AIRES (ARGENTINA)", Cif T000000028, para regular a achega de 40.000,00 € para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento do fogar de acollida no ano 2015, cun orzamento subvencionado de 60.000,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 66,6667 %.

3. Imputar o gasto á Partida 0520/23132/481, do vixente orzamento xeral para 2015.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hogar Gallego para Ancianos de Buenos Aires (Arxentina), para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento do Fogar de Acollida no ano 2015

…….....……., …….. de …… de 2015

R E U N I D O S

Dunha parte, D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Excma. Deputación Provincial de A Coruña.

E doutra parte, D. IGNACIO TURNES DURO, Vicepresidente do *HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BUENOS AIRES,* en representación do mesmo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

M A N I F E S T A N

O Hogar Gallego Para Ancianos de Buenos Aires é unha asociación civil, sen ánimo de lucro, de carácter benéfico, constituída no ano 1943, ao amparo da lexislación da República Arxentina, con sede social na rúa Moreno 1270 – 2º, de Bos Aires (Arxentina) que, segundo os seus estatutos, ten como finalidade a protección e socorro mutuo entre os seus asociados, e en xeral a realización dunha labor asistencial e de previsón e axuda para as persoas mayores, a través da súa Residencia Domselaar, sita no Municipio de San Vicente.

A Lei 40/2006, do 14 de decembro, pola que se aproba o Estatuto da cidadanía española no exterior, constitúe o marco xeral de regulación dos dereitos dos españois residentes no exterior, e fai un chamamento xeral a todos os poderes públicos para,

entre outros aspectos, promover a protección e apoio aos servizos sociais para maiores e dependentes (art. 20), así como á colaboración entre o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións locais para a promoción de políticas de protección e retorno.

Os cidadáns da provincia da Coruña e as institucións que a representan deben mantener unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se atopan alonxados da súa terra, organizados a través de asociacións que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á súa protección e atención das necesidades básicas, así como ao mantemento dos lazos culturais.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o *HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BUENOS AIRES,* da República Arxentina (a beneficiaria, en adiante) para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento dos servizos prestados aos usuarios da Residencia Domselaar durante o ano 2015.

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Honorarios profesionais	15.000,00
Alimentación	32.000,00
Farmacia e pañais xeriátricos	10.000,00
Vixiancia	3.000,00
TOTAL	**60.000,00**

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña colaborá no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 40.000,00 €, que equivale ao 66,6667 % de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificados non acadasen os importes totais previstos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (66,6667 %) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobramento da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria seguinte: Partida 0520/23132/481, por 40.000 euros, do orzamento xeral para o 2015.

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese a beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que exista no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, se deberá elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. Os gastos de funcionamento obxecto de financiamento provincial, tal como están descritos na cláusula primeira, deberán estar comprendidos no período 1.01.2015 a 31.12.2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e sociais

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o que lle será de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. El presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados desde o día 1.01.2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30.06.2016.

2.No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do día 30.04.2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, mediante unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30.06.2016. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes da unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar el convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo o …. de …..... de 2015.

E en proba de conformidade, asínano en exemplar cuadriplicado, no lugar e data indicados no encabezamento

O presidente da Deputación Provincial da Coruña	O vicepresidente do Fogar Galego para Anciáns de Bos Aires
Valentín González Formoso	Ignacio Turnes Duro

57. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN LEDICIA CATIVA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO ACOLLIDA TEMPORAL DURANTE O ANO 2015 DE NENOS AFECTADOS POLA RADIACIÓN NUCLEAR DE CHERNÓBIL

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención e entender que con isto se considera levantado o reparo da Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa "Asociación LEDICIA CATIVA", Cif G-32298101, para regular a achega de 10.000 euros para o cofinanciamento do proxecto de "Acollida temporal durante o ano 2015 de nenos afectados pola radiación nuclear de Chernóbil", cun orzamento subvencionado de 18.028,38 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 55,4681 %.

3. Imputar o gasto á Partida 0520/23131/481, do vixente orzamento xeral para 2015.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN LEDICIA CATIVA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO "ACOLLIDA TEMPORAL DURANTE O ANO 2015 DE NENOS AFECTADOS POLA RADIACIÓN NUCLEAR DE CHERNÓBIL"

A Coruña, ... de ..... de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte D. Valentín González Formoso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Dotra, D. Javier Armesto Andrés, con DNI 33 432 335 H, en representación da Asociación Ledicia Cativa, CIF G32298101, con domicilio social na Avda. da Habana, 57, 32004 - Ourense, en calidade de representante designado pola citada asociación.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

A Asociación Ledicia Cativa (a beneficiaria, en diante) é unha asociación sen ánimo de lucro, constituída no 2002, ao amparo da Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Entre os seus fins figuran, entre outros, a colaboración internacional mediante o desenvolvemento de proxectos sociosanitarios mediante a organización do descanso recuperativo en España de nenos procedentes de países afectados por catástrofes nucleares, ecolóxicas ou condicións extraordinarias, co fin de favorecer a súa rehabilitación física, sanitaria e social.

O proxecto Acollida temporal durante o ano 2015 de nenos afectados pola radiación nuclear de Chernóbil desenvólvese desde hai anos e consiste na acollida temporal de menores de idade procedentes de casas de acollida e familias tuteladas pola Federación Rusa, da rexión rusa de Briansk, que foi a máis afectada pola radiación de Chernóbil en 1986.

Aínda que o proxecto se desenvolve en toda Galicia, o obxecto da solicitude de axuda á Deputación refírese aos 25 rapaces e rapazas que foron acollidos por familias voluntarias desde finais de xuño ate finais de agosto de 2015, en localidades da provincia da Coruña. Como os gastos derivados do acollemento son asumidos polas familias voluntarias, o importe da axuda solicitada á Deputación está destinada a aliviar os custos de transporte en avión dos participantes, agás os que foron acollidos nos Concellos da Coruña e de Narón, porque estes Concellos colaboraron coas familias respectivas no financiamento destes gastos.

O proxecto que a beneficiaria promove, ten por obxecto unha actividade que se encadra nas orientacións estratéxicas da cooperación galega e da española, ao afectar ás vítimas de desastres ambientais, como é o caso da poboación afectada polo accidente acontecido en 1986 na Central de Chernóbil, segundo se describe tanto no Plan director da cooperación galega 2014- 2017 como no Plan director da cooperación española 2013-2016.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e de acordo coas ás seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto do convenio

O proxecto de acollida temporal durante o ano 2015 de nenos afectados pola radiación nuclear de Chernóbil consiste no acollemento temporal de menores de idade procedentes de casas de acollida e familias tuteladas pola Federación Rusa, da Rexión rusa de Briansk, que foi a máis afectada pola radiación de Chernóbil no 1986.

Aínda que o proxecto se desenvolve en toda Galicia, o obxecto do presente convenio refírese aos 25 rapaces e rapazas que foron acollidos desde finais de xuño ate finais de agosto de 2015, no seno de familiar residentes en diferentes localidades de concellos da Provincia da Coruña (excepto nos de Narón e A Coruña).

Como os gastos derivados do acollemento son asumidos polas familias voluntarias, o importe da axuda solicitada á Deputación está destinada a aliviar os custes de desprazamento e estadía dos participantes, exceptuando os que foron acollidos nos Concellos da Coruña e Narón, porque estes concellos colaboraron coas familias respectivas no financiamento destes gastos.

A execución e coordinación do proxecto estará a cargo da Asociación Ledicia Cativa, que actuará en colaboración coas familias voluntarias e co persoal adulto de acompañamento desde Rusia, que ostentan a tutela e representación legal dos menores, sendo a entidade beneficiaria a responsable de xestionar as autorizacións e permisos necesarios para a súa estancia temporal e demais servizos e atencións médicas que sexan necesarios.

II. Orzamento

O orzamento de execución do proxecto afecta aos 25 nenos/as acollidos en localidades de concellos da Provincia da Coruña (excepto os de Narón e A Coruña), que ascende a 18.028,38 €, segundo o seguinte desglose.

CONCEPTO	IMPORTE
Billetes de avión Moscova-Madrid-Santiago d Compostela (i/v)	13 788,50 €
Seguros (asistencia na viaxe, responsabilidade civil etc.)	1.529,75 €
Gastos de xestión representante en Rusia	1.250,00 euro
Intérpretes e titoras	478,40 €
Gastos administrativos (correos, mensaxería, notario etc.)	384,40 €
Teléfono	531,52 €
Comisións bancarias e taxas	65,81 €
TOTAL	**18.028,38 €**

III. Financiamento provincial e outros ingresos

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 10.000,00 euros, o que equivale a un coeficiente de financiamento do 55,4681 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 55,4681 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle é imputable.

2. Ahora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23131/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18 000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, e xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. Xustificación necesaria para recibir a subvención

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

1.1.Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Esta memoria acompañarase dunha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

1.2.Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.3.Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.4.Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

1.5.Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.6.Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades obxecto de financiamento provincial desenvolveranse entre o 1.06.2015 e o 30.09.2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos

correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme co disposto nos artículos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artículos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artículos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artículos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención, co límite de 75 euros; se o atraso excede de tres, meses a sanción será dun 20 % co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no seu grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención concedida, co límite de 75 euros, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400 euros, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % co límite de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artículo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respeto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artículo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artículo 18 de la Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devindicados desde o día 1.06.2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.06.2016.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.04.2016, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, mediante unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida

acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30.06.2016. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes da unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo o …. de …… do 2015.

E en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña	En representación da Asociación Ledicia Cativa
Valentín González Formoso	Javier Armesto Andrés

58. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO ANO 2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2. Aprobar o convenio coa Fundación Gonzalo Torrente Ballester correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 16.517 €, para financiar as actividades do ano 2015, cun orzamento subvencionado de 20.646,23 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2016 autorice o correspondente orzamento .

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Gonzalo Torrente Ballester para financiar as Actividades do ano 2015

A Coruña,

REUNIDOS

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia num. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Miguel Fernández-Cid Enríquez, director xerente da Fundación Gonzalo Torrente Ballester.

Ambas as partes, no nome e na representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto.

EXPOÑEN

1. A Fundación Gonzalo Torrente Ballester é unha fundación cultural de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída en escritura outorgada o 21 de xullo de 1999. Os seus estautos foron protocolizados mediante escritura o 26 de marzo de 2009.

2. De conformidade co artigo 4º dos estatutos, os fins da fundación resúmense en promover o estudo da obra de Gonzalo Torrente Ballester e a conservación do seu legado e concrétanse en:

a) Promocionar a investigación e o estudio da figura e da obra de Gonzalo Torrente Ballester.

b) Contribuír á localización e a recuperación de toda a produción do autor, tanto a de carácter profesional ou público, como a de carácter privado ou persoal.

c) Reunir o seu patrimonio bibliográfico e documental. En definitiva os bens que constitúen o seu arquivo persoal co fin de garantir a súa permanencia no tempo e no espacio.

d) Contribuír e participar no desenvolvemento humano, cultural e científico de Galicia en particular e de España en xeral.

e) Contribuír ó estudio do desenvolvemento cultural, político e social do tempo histórico que viviu.

3. Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia lles atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Para alén diso, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

4. Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento das actividades da fundación para o ano 2015 e, en tal sentido, no orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

5. Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Gonzalo Torrente Ballester (NIF G15702939) para financiar as Actividades do ano 2015, co obxecto de continuar coa labor de difusión da vida e obra de Gonzalo Torrente Ballester.

Esta actividade lévase a cabo a través das seguintes actuacións:

- Dixitalización do arquivo fotográfico da Fundación Gonzalo Torrente Ballester.

- Preparación de exposicións sobre Gonzalo Torrente Ballester fotógrafo.

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

A Fundación Gonzalo Torrente Ballester desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos directos

- Escaneado e limpeza de negativos e positivos preparatorios copias en papel formato 60x45	3.932,50
- Dixitalización en alta resolución de negativos e fotografías en papel	4.356,00
- Retoque e limpeza de 60 imáxenes formato 40x60 e 80x120	3.267,00
- Enmarcado de fotografías	6.715,50
Gastos indirectos	
- Luz e auga	2.375,23
Total	**20.646,23 €**

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 16.517 euros, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/480, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Gonzalo Torrente Ballester obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Gonzalo Torrente Ballester.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación Gonzalo Torrente Ballester, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Gonzalo Torrente Ballester deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Gonzalo Torrente Ballester.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Gonzalo Torrente Ballester unha vez que presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Gonzalo Torrente Ballester, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración da presidencia da entidade sobre outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por entidades públicas e/ou privadas para o mesmo obxecto ou, no seu caso, declaración da inexistencia doutras subvencións.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Gonzalo Torrente Ballester deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Gonzalo Torrente Ballester para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Gonzalo Torrente Ballester da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª 6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Gonzalo Torrente Ballester na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Fundación Gonzalo Torrente Ballester terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1. A Fundación Gonzalo Torrente Ballester deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A Fundación Gonzalo Torrente Ballester destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Gonzalo Torrente Ballester deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Gonzalo Torrente Ballester poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Gonzalo Torrente Ballester queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao/á interesado/á.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o que lle será de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56ª 6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Gonzalo Torrente Ballester seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Gonzalo Torrente Ballester será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse desde o 1 de xaneiro de 2015.

2. Por solicitude da Fundación Gonzalo Torrente Ballester, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, após dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por --------

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

DESESTIMACIÓN DAS RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA RPT 2016

Vistas as reclamacións presentadas e os informes emitidos sobre a Relación de Postos de Traballo 2016 desta Deputación, aprobada inicialmente polo acordo plenario do 27 de novembro de 2015 e publicado no Boletín Oficial da Provincia número 229, do día 30 seguinte, acórdase:

1. Desestimar as reclamacións presentadas polos sindicatos CIG, CSIF e Somos-Galicia e polas funcionarias María Rodríguez-Losada Boedo e Beatriz Abril Banet.

2. Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo 2016 desta Deputación.

3. Darlle traslado da tal aprobación definitiva á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e á Dirección General de Cooperación Local, Secretaría de Estado de Cooperación Territorial do Ministerio de Administraciones Públicas, para os efectos oportunos.

4. Publicar a Relación de Postos de Traballo 2016 aprobada no Boletín Oficial da Provincia.

MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DE COMPOSTELA ABERTA E MAREA ATLÁNTICA CON MOTIVO DO OITENTA ANIVERSARIO DO INICIO DA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA.

OS GRUPOS POLÍTICOS DE COMPOSTELA ABERTA E MAREA ATLÁNTICA, AO ABEIRO DO DISPOSTO NO REGULAMENTO ORGÁNICO DA EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PRESENTAN A SEGUINTE MOCIÓN CON MOTIVO DO OITENTA ANIVERSARIO DO INICIO DA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA

O 18 de xullo de 2016 cumpriranse oitenta anos do golpe militar que deu inicio á Guerra Civil Española. O golpe trouxo non só a guerra, senón tamén as case catro décadas da ditadura encabezada por Francisco Franco.

E con ela, a represión –tanto a violencia física como a social-, o aillamento internacional e o exilio, a imposición de doutrinas oficiais, a fin da liberdade e, en definitiva, o quebranto dos valores democráticos e dos avances sociais que, doutro xeito, poderían terse asentado no noso país con bastante anterioridade.

Aínda que en Galicia non houbo un fronte de guerra en sentido convencional, cómpre falar dunha auténtica represión contra todo aquilo que representase ou simbolizase o réxime democrático republicano nacido en abril de 1931 e o proceso que desenvocou no aprobación en referendo do Estatuto de Autonomía de Galicia, impulsado polo Partido Galeguista, o alzamento militar e a represión deixaron en Galicia máis de 5000 vítimas

Na Galiza, como no resto do estado español segue tendo pendente unha reflexión seria e profunda, desde a perspectiva democrática e afrontada con ánimo de superación, do acontecido en 1936. É preciso ver o pasado de xeito conxunto como sociedade, e facelo desde o punto de vista dos valores humanos e democráticos. Só así se superará a división cultural, social e política que provocaron a guerra e o franquismo.

Noutra orde de cuestións, existen, aínda hoxe, numerosas limitacións, censuras e dilacións que impiden a historiadores, familiares das vítimas, e á cidadanía en xeral, coñecer a realidade do sucedido ou paradoiro das persoas desaparecidas. Nos currículos educativos, o desenvolvemento e consecuencias da guerra apenas se estudan fóra do plano militar e político. É importante cambiar o tratamento que se dá á guerra, ao franquismo e á represión no sistema educativo.

Estas apreciacións aparecen recollidas no relatorio da ONU sobre desaparicións forzadas en España. Nel, afírmase de forma rotunda que non se está a cumprir a Carta dos Dereitos Humanos no referido ao dereito á verdade, no referido á investigación das causas e dos culpables da represión e das desaparicións violentas.

Ademais de cumprirse oitenta anos desde o inicio da guerra, en 2016 tamén se celebrará o corenta aniversario das eleccións de 1976, que supuxeron o inicio do proceso constituínte culminado en 1978. É pois un momento oportuno para facer un balance equilibrado do noso pasado, e superar definitivamente as consecuencias daquel conflito bélico.

Por todo o exposto, recollendo tamén as recomendacións da Declaración de Vilaboa (http://www.igmemoria.com/novas/declaracion-de-vilaboa), que vén de aprobar a Iniciativa Galega pola Memoria, os grupos asinantes propoñen ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1) A Deputación Provincial da Coruña expresa a súa condena e rexeitamento, sen paliativos, do golpe de Estado de xullo de 1936 que deu inicio á Guerra Civil Española, así como da ditadura do xeneral Francisco Franco imposta tras a contenda.
2) A Deputación Provincial da Coruña anima aos concellos da provincia a recuperar, ao longo do ano 2016, a súa memoria democrática, lembrando aos cargos electos, funcionarios, mestres, e demais cidadadáns e cidadás represaliados en cada municipio durante a guerra e a ditadura polas súas crenzas, militancias e actividades públicas.

   A Deputación da Coruña tributará no seu salón de Plenos unha homenaxe a todas as persoas que formaban parte en 1936 das corporacións locais e que foron fusiladas tras consellos de guerra sumarísimos, ou paseadas e ametralladas nas gabias, personalizando esa homenaxe, entre outras persoas, en López Bouza, presidente da Deputación da Coruña en 1936, e presidente do Comité Central de Autonomía de Galicia, en Anxel Casal, alcalde de Santiago de Compostela, e en Xaime Quintanilla, alcalde de Ferrol.

3) A Deputación Provincial da Coruña insta ao Goberno que xurda das eleccións do pasado 20 de decembro a asumir o deber moral e legal ao que o obrigan as leis españolas e os convenios internacionais, no referente ao dereito á verdade, e á reparación ás vítimas da guerra e da ditadura e aos seus familiares.
   De xeito máis concreto, esta Deputación insta ao Goberno do Estado a establecer unha Comisión da Verdade composta por expertos independentes e de prestixio, dando así cumprimento ás recomendacións das Nacións Unidas.

4) A Deputación Provincial da Coruña comprométese a conmemorar o 80 aniversario do inicio da Guerra Civil, en colaboración con historiadores e asociacións de vítimas, para que esta data sirva para celebrar e conmemorar os valores democráticos, a valoración das vítimas represaliadas, e promover a resolución pacífica dos conflitos.

   Así mesmo, insta á Xunta de Galicia a que, dentro do seu ámbito competencial, poña en marcha programas similares

5) A Deputación Provincial da Coruña insta ao Ministerio e á Conselleria de Educación a revisar os currículos escolares no relativo á Segunda República española, a Guerra Civil e o franquismo, para que o alumnado tome conciencia dos valores democráticos e sociais xurdidos durante os anos 30 e as terribles consecuencias que esta guerra fratricida tivo para a decapitación política, cultural, económica e social tamén de Galicia.

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE MAREA ATLÁNTICA RELATIVA Á DOTACIÓN DE MEDIOS TÉCNICOS PARA A EMISIÓN EN DIRECTO DOS PLENOS PROVINCIAIS A TRAVÉS DE INTERNET.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transparencia é hoxe un principio que nos achega non só a unha política máis ética, senón tamén a unha política máis eficiente e inclusiva. Que a cidadanía poda acceder a todos os datos e información que tanta relevancia teñen sobre a súa vida cotiá é un dereito que entendemos fundamental, e que todas e todos os representantes públicos deberíamos defender.

O caso desta Deputación Provincial da Coruña non é moi distinto. Desde aquí xestiónase e tómanse decisións que afectan a toda a provincia, aos 93 Concellos e á súa cidadanía.

Esta é unha provincia grande e extensa, con dificultades na súa comunicación interna, o que dificulta a asistencia directa das veciñas e veciños aos plenos.

Entendemos que debemos facer un esforzo por achegar á cidadanía de toda a provincia os Plenos desta corporación servíndonos das posibilidades que nos ofertan as novas tecnoloxías. Tecnoloxías que ademais permitirían levar a cabo esta proposta sen ser necesarios grandes investimentos.

Polo exposto, o Grupo Provincial da Marea Atlántica propón o seguinte acordo:

1.- Dotar á Deputación Provincial da Coruña de medios técnicos para a emisión en directo dos Plenos provinciais a través de internet.

2.- Utilización das redes sociais recentemente abertas por esta institución para a retransmisións dos plenos e a narración das intervencións dos e das deputadas.

3.- Habilitación na web e nas redes sociais da Deputación Provincial da Coruña un espazo no que publicar os asuntos da orde do día dos distintos Plenos.

4.- Habilitación na web da Deputación Provincial da Coruña un espazo no que aloxar as distintas gravacións coa finalidade de poder realizar as consultas desexadas tras a celebración dos Plenos.

MOCIÓN PARA CONMEMORAR O PROCESO DE TRANSICIÓN, MODELO DE CONCORDIA PARA A RECUPERACIÓN DA DEMOCRACIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2016 cúmprese o 40 aniversario do inicio do proceso que culminou coa promulgación da Constitución española de 1978, aprobada polas Cortes e polo pobo español en referendo.

O proceso constituínte, que foi iniciado polo Referendo sobre o Proxecto de Lei para a reforma política de 1976, deu paso a unha etapa de Transición que fixo xurdir un Estado plenamente democrático, no que se recuperaron os dereitos da cidadanía e se iniciou un desenvolvemento institucional e territorial que é hoxe modelo a seguir para moitos países na procura dun tránsito político cara ao modelo democrático.

Superouse deste xeito unha etapa de represión, de ausencia de liberdades e de negación de dereitos públicos, poñendo os alicerces dun sistema democrático que supuxo o comezo dun longo proceso de convivencia pacífica e de avances en todas as ordes, que constitúe unha fito fundamental da historia colectiva de España e, por suposto de Galicia.

Para Galicia, ese proceso supuxo ademais o punto de partida para o posterior recoñecemento de seu carácter diferencial e o sustento no que arraigar o seu autogoberno, dando resposta ás demandas e soños que durante longos anos alentaron o labor e a vida de moitos devanceiros.

Agora, cando vivimos tempos nos que, desde diferentes ámbitos, se trata de cuestionar a nosa historia máis recente e mesmo o papel das institucións públicas, desde o Grupo Provincial do Partido Popular consideramos necesario poñer en valor o traballo, a ilusión e a dedicación de decenas, de centos de persoas, que ao longo do tempo, en medio de grandes dificultades e desde diferentes perspectivas e presupostos ideolóxicos souberon situar por riba de todo o interese colectivo e facer propio un proxecto común.

Os avances nas liberdades, o progreso económico e social, e o clima de convivencia que gozamos nas últimas décadas, teñen moito que ver co traballo e coa actitude tolerante e de concordia daqueles que fixeron nacer, medrar e enraizar un proceso constituínte, sen dúbida e como todo, perfectible, pero tamén tremendamente útil e eficaz para a transformación social do noso país, así como valorado e querido pola inmensa maioría da cidadanía.

Co ánimo de non perder a perspectiva do andado, de valorar o traballo realizado e non caer en constantes revisionismos e xuízos sobre un pasado que non debe volver, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción do seguinte ACORDO:

1.- A Deputación Provincial da Coruña expresa o seu recoñecemento polo labor de todas aquelas persoas que tomaron parte na Transición e no proceso constituínte que puxo fin a unha etapa de enfrontamentos e de perda de liberdades no conxunto de España. Ao mesmo tempo,manifesta a súa condena e rexeitamento, sen paliativos, de todos os procesos golpistas, guerras civís e réximes ditatoriais que no pasado e no presente atentan contra os principios democráticos no noso país ou en calquera lugar do mundo.

2.- A Deputación Provincial da Coruña anima aos concellos da provincia a recuperar a memoria e o valor do proceso constituínte e da propia Constitución española, como garante dos dereitos e liberdades das persoas e dos territorios de España.

3.- A Deputación Provincial da Coruña comprométese a conmemorar o 40 aniversario da inicio do proceso constituínte, como data clave na recuperación dos valores democráticos e superación dunha etapa de enfrontamento e de violencia que nunca debe revivirse en Galicia e en España.

4.- A Deputación Provincial da Coruña insta ás administracións estatal e autonómica a incidir nos currículos educativos na importancia do proceso constituínte iniciado en 1976, como exemplo de concordia e de respecto á diversidade, fronte ás actitudes sectarias e excluíntes que alentan o nacemento e prevalencia de sistemas profundamente antidemocráticos.